

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 30 DE MARZO DE 2016

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta de marzo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Aberto o acto pola presidencia, o señor alcalde propón que, antes de comezar a sesión do pleno ordinario, se garde un minuto de silencio polos atentados acaecidos este mes de marzo, tanto en Paquistán, con máis de setenta mortos, trinta deles nenos e nenas, como en Bruxelas, con trinta e dous mortos.

Seguidamente gárdase un minuto de silencio.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2016 e á sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2016**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2016 e á sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2016.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal, aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2016 [don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito] e
- vinte concelleiros na sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2016 [os seis concelleiros do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]

## **2. PARTE RESOLUTIVA**

### **2.1. Coñecemento das resolucións de Alcaldía en materia de: creación de áreas de goberno local, membros da Xunta de Goberno Local, nomeamento de tenentes de alcalde, delegación de atribucións**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## **pola Alcaldía en membros da Xunta de Goberno Local e noutros concelleiros, e delegación de atribucións pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local**

Os membros do Pleno municipal danse por informados das Resolucións da Alcaldía que se transcriben literalmente a continuación:

### **A) Resolución núm. 444/2016, do 18 de marzo, de creación de áreas de goberno local**

"Por Resolución desta Alcaldía núm. 1107/2015, do 23 de xuño, levei a cabo a determinación da organización e estrutura da administración municipal e, para tal efecto, definín o número e denominación das áreas, materias e actividades correspondentes a cada área, isto tendo en conta que no caso do Concello de Cambre o vixente Regulamento orgánico municipal non establece unha distribución de áreas de goberno.

Tendo en conta o novo pacto de goberno acadado co grupo municipal do PSdeG-PSOE, para que por esta Alcaldía se poidan efectuar, se é o caso, as delegacións xenéricas que estime oportuno conferir, resulta necesario modificar a antedita resolución, isto a teor do establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal, as delegacións xenéricas, cando se confiran con esta expresión, se referirán a unha ou varias áreas ou materias determinadas, que constitúen, desta maneira, os eixes básicos nos que se estrutura o goberno local, xa que cada área de goberno representa un sector de actividade da Corporación asignada a unha dirección política en virtude das resolucións que adopte a Alcaldía de acordo coa normativa de réxime local.

Así mesmo, o artigo 45 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), dispón que as delegacións que poida outorgar o alcalde deberán adaptarse ás grandes áreas nas que o Regulamento orgánico municipal estrutura os servizos administrativos do concello.

Visto o informe emitido pola secretaria municipal de data 18 de marzo actual, en uso da facultade de dirección do goberno e a administración municipal atribuída ao alcalde polos artigos 21.1. a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigo 44.1.a) do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO:**

**Primeiro:** Modificar a Resolución da Alcaldía núm. 1107/2015, do 23 de xuño, de creación das áreas de goberno, que quedarán conformadas, en canto ás súas denominacións e ámbito material, segundo se relacionan a continuación, e que poderán ser obxecto dunha delegación xenérica nos termos do artigo 48 do Regulamento orgánico municipal:

### **ÁREA DE PRESIDENCIA**

- Coordinación das diferentes áreas municipais
- Comunicación interna e externa e protocolo
- Secretaría particular
- Políticas transversais ou proxectos nos que interveñen varias áreas
- Relacións institucionais e sinatura de todo tipo de convenios
- Participación e movemento asociativo
- Xestión do uso de locais polas asociacións veciñais
- Xestión das políticas de información cidadá
- Sistemas informáticos, impulso e difusión do uso das novas tecnoloxías da información
- As reclamacións previas ao exercicio das accións civís e laborais reguladas no artigo 120 da Lei 30/1992, do 26 de novembro
- Elaboración e xestión dos orzamentos municipais
- Control e fiscalización interna da xestión económica, financeira e orzamentaria
- Contabilidade, Tesourería e Recadación
- Facenda local e inspección de Facenda
- Xestión e xeración de recursos
- Contratación local
- Central de compras
- Todas aquelas materias non asignadas expresamente a outra área de goberno

## ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E SERVIZOS SOCIAIS

- Xestión do persoal do concello, retribucións, premios e sancións, situacións administrativas, selección de persoal, provisión de postos de traballo, prevención de riscos laborais e todas aquelas materias competencia do alcalde susceptibles de delegación nesta área
- Organización e coordinación do funcionamento da administración municipal
- No ámbito dos servizos asistenciais aos cidadáns, a avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

## ÁREA DE URBANISMO, OBRAS, MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO

- Xestión das competencias municipais sobre a ordenación do territorio e o urbanismo: planeamento, xestión urbanística, intervención administrativa e disciplina urbanística
- As actividades e facultades relacionadas coa promoción e xestión da vivenda de protección pública, con criterios de sustentabilidade financeira
- Xestión catastral
- Actividades sometidas a licenza e a comunicación previa
- Outorgamento de licenzas para a ocupación do dominio público, a excepción daqueles que impliquen autorizacións para a venda ambulante
- Transporte e mobilidade
- Xestión patrimonial: inventario de bens, dereitos e obrigacións, administración e defensa do patrimonio municipal
- Reclamacións por danos causados nos bens integrantes do patrimonio municipal
- Responsabilidade patrimonial
- Obras e infraestruturas urbanas: planificación e preparación dos plans de obras e infraestruturas

## ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

- Xestión dos plans de formación, emprego, programas e proxectos de cooperación con organismos públicos que se veñen desenvolvendo ou que se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Relacións cos axentes sociais, emprendemento e potenciación da vida económica local, fixación de obxectivos e desenvolvemento de proxectos para a promoción das actividades económicas do concello que se veñen desenvolvendo ou se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Xestión das políticas municipais en materia de feiras, mercados, comercio e relacións coas asociacións de empresarios e comerciantes.
- Xestión das políticas municipais en materia de promoción da actividade turística de interese e ámbito municipal.

## ÁREA DE SERVIZOS E XUVENTUDE

- Xestión, mantemento e conservación dos servizos básicos municipais: ciclo de auga, residuos urbanos, limpeza viaria, iluminación pública
- Inspección e control dos servizos públicos, mantemento e conservación de parques e xardíns, mantemento de edificios, infraestruturas e instalacións municipais
- Información e asesoramento da xuventude
- Ocio e tempo libre
- Xestión da utilización dos equipamentos deportivos e casa da xuventude

## ÁREA DE IGUALDADE, TERCEIRA IDADE, VOLUNTARIADO E EDUCACIÓN

- Xestión dos proxectos, programas, medidas e servizos que se veñen desenvolvendo de integración social, infancia, familia, políticas da muller, atención á terceira idade e políticas de igualdade, ou que se poidan desenvolver, iso de conformidade co establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- No ámbito das políticas de acción voluntaria, os servizos e actividades que se veñen desenvolvendo ou que se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- No ámbito da Educación:
  - a vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperación coas administracións educativas na obtención dos terreos necesarios para a construción dos novos centros docentes, así como a vixilancia en materia de conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade municipal destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, dando conta á responsable da Área de Servizos e Xuventude para os efectos oportunos.
  - a utilización dos equipamentos educativos, así como os programas e servizos que se veñen desenvolvendo ou que se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

## ÁREA DE PROTECCIÓN CIVIL, POLICÍA LOCAL E SANIDADE

- Xestión da seguridade cidadá, protección civil e policía local
- No campo da sanidade:
  - centros públicos de saúde, tendo en conta o establecido para o efecto na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local e Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro
  - cemiterios e servizos funerarios

## ÁREA DE CULTURA, TRADICIÓN POPULARES E DEPORTES

- Promoción da cultura e equipamentos culturais:
  - Programación cultural
  - Exposicións culturais
  - Rede de bibliotecas e programas de animación á lectura
  - Xestión do museo e da escola municipal de música
  - Espectáculos públicos
  - Festas e tradicións populares
- No campo do deporte:
  - Promoción do deporte
  - Cursos e escolas deportivas
  - Relación con clubs e asociacións deportivas

Segundo: Corresponde á Alcaldía, a través da Área de Presidencia, a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan respecto da adscrición a unha área determinada dunha materia concreta."



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## B) Resolución núm. 445/2016, do 18 de marzo, de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local e nomeamento de tenentes de alcalde

“Por Resolucións de Alcaldía núm. 1108/2015 e núm. 1109/2015, do 23 de xuño, designei como membros da Xunta de Goberno Local, e como tenentes de alcalde, respectivamente, aos concelleiros que de seguido se relacionan e pola orde que igualmente se indica:

- 1º Don Augusto Rey Moreno
- 2º Don Juan González Leirós
- 3º Don Jesús Bao Bouzas
- 4º Dona Elisa Pestonit Barreiros
- 5º Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez
- 6º Don Ramón Boga Moscoso
- 7º Dona María Dolores Blanca García Fernández

Estas resolucións foron modificadas polas Resolucións de Alcaldía núm. 1961/2015, do 9 de novembro, núm. 2037/2015, do 18 de novembro, núm. 2066/2015, do 23 de novembro, e, por último, pola Resolución de Alcaldía núm. 2195/2015, do 14 de decembro, na cal se establece:

“(…) Primeiro: A Xunta de Goberno Local queda integrada polos concelleiros que a continuación se relacionan, que exercerán á súa vez como tenentes de alcalde na orde de nomeamento que igualmente se indica:

- 1º Don Juan González Leirós
- 2º Dona Elisa Pestonit Barreiros
- 3º Don Ramón Boga Moscoso
- 4º Dona María Dolores Blanca García Fernández

(…)”

Tendo en conta a Resolución do día de hoxe, de modificación das áreas de goberno local, ditada en uso das competencias de dirección do goberno e da administración municipal atribuídas ao alcalde polos artigos 21.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.1 b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigo 44.1 a) do Regulamento orgánico municipal; e tendo en conta o establecido nos artigos 58 a 61 do Regulamento orgánico municipal respecto dos tenentes de alcalde e atribucións, e artigos 68 e 69 respecto da composición da Xunta de Goberno Local, **RESOLVO**:

Primeiro: Cesar a dona María Dolores Blanca García Fernández como membro da Xunta de Goberno Local e como cuarta tenente de alcalde do Concello de Cambre.

De conformidade co establecido nos artigos 58.5 e 70.2 do ROM, ambos cesamentos terán efectividade dende o momento da notificación persoal ao interesado, todo isto sen prexuízo da preceptiva publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

Segundo: A Xunta de Goberno Local queda integrada polos concelleiros que a continuación se relacionan, que exercerán, á súa vez, como tenentes de alcalde na orde de nomeamento que igualmente se indica:

- 1º Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez
- 2º Don Juan González Leirós
- 3º Dona Leonor Fernández Grande
- 4º Dona Elisa Pestonit Barreiros
- 5º Dona Mª Jesús Gómez González
- 6º Don Ramón Boga Moscoso
- 7º Dona Josefa Vázquez Soto

Segundo: De conformidade co establecido nos artigos 58, 68 e 69 do ROM, notifíquese aos concelleiros, publíquese no BOP e déase conta na primeira sesión do pleno que teña lugar.

O nomeamento requirirá para ser eficaz a súa aceptación. Enténdese que hai aceptación tácita do nomeamento se, no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o/a concelleiro/a non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a designación."

### **C) Resolución núm. 446/2016, do 18 de marzo, de delegación de atribucións da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local e noutros concelleiros**

"Por Resolución desta Alcaldía núm. 1111/2015, do 23 de xuño, efectuáronse delegacións xenéricas a prol dos concelleiros da Xunta de Goberno Local, así como delegacións especiais a prol doutros concelleiros.

Como consecuencia dos cambios producidos no grupo municipal do PSdeG-PSOE, coa renuncia ao cargo de don Augusto Rey Moreno, a toma de posesión de dona Josefa Vázquez Soto, e o paso de don Jesús Bao Bouzas á condición de concelleiro non adscrito, así como con motivo da formalización dun novo pacto de goberno UxC/PSdeG-PSOE, con data do día de hoxe ditei resolucións polas que se modificaron determinadas áreas de goberno en canto á denominación e ámbito material, así como á designación de membros da Xunta de Goberno Local e tenentes de alcalde.

O art. 56 do Regulamento orgánico municipal establece que o alcalde poderá, en calquera momento, revogar a delegación de funcións efectuada nos membros da Xunta de Goberno Local, ou en calquera concelleiro, adoptándose coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

Os artigos 21.3 e 23.4. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 47 e seguintes do Regulamento orgánico municipal, establecen que o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións mediante delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde e dos membros da Xunta de Goberno Local, que estarán referidas a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poderán abarcar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionala en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Igualmente, o alcalde pode efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro, para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas delegacións xenéricas.

Tendo en conta as resolucións núm. 444/2016 e núm. 445/2016 desta mesma data, polas que se crearon as áreas de goberno local e se efectuou o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e dos tenentes de alcalde.

Tendo en conta que segundo establece o artigo 61.4 da Lei 5/1997 e artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio delas.

Facendo uso da citada atribución, **RESOLVO:**

Primeiro: Modificar a delegación xenérica conferida a prol de don Juan González Leirós mediante Resolución de Alcaldía núm. 1111/2015, do 23 de xuño, para a Área de Urbanismo e Medio Ambiente, conferíndolle a delegación xenérica da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución da Alcaldía núm. 444/2016 ditada no día de hoxe.

Segundo: Modificar a delegación xenérica conferida a prol de dona Elisa Pestonit Barreiros mediante Resolución de Alcaldía núm. 1111/2015, do 23 de xuño, para a Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre, conferíndolle a delegación xenérica da Área de Servizos e Xuventude, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución da Alcaldía núm. 444/2016 ditada no día de hoxe.

Terceiro: Modificar a delegación xenérica conferida a prol de don Ramón Boga Moscoso mediante Resolución de Alcaldía núm. 1111/2015, do 23 de xuño, para a Área de Cultura e Tradicións Populares, conferíndolle a delegación xenérica da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución da Alcaldía núm. 444/2016 ditada no día de hoxe.

**Cuarto:** Conferir a delegación xenérica da Área de Recursos Humanos e Servizos Sociais, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución da Alcaldía núm. 444/2016 ditada no día de hoxe, a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez.

**Quinto:** Conferir a delegación xenérica da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución da Alcaldía núm. 444/2016 ditada no día de hoxe, a dona Leonor Fernández Grande.

**Sexto:** Conferir a delegación xenérica da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución da Alcaldía núm. 444/2016 ditada no día de hoxe, a dona María Jesús Gómez González.

**Sétimo:** Conferir a delegación xenérica da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución da Alcaldía núm. 444/2016 ditada no día de hoxe, a dona Josefa Vázquez Soto.

**Oitavo:** De conformidade co establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, as delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde, e respecto da súa área, comprenden:

- a) A delegación do exercicio das competencias que a esta Alcaldía lle son atribuídas e que poden ser delegadas a teor do establecido no artigo 21.1 e 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, incluíndo a facultade de dirixir os servizos contidos en cada área, a facultade de xestionalos en xeral, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.
- b) A concesión de subvencións a particulares en materias incluídas dentro do seu ámbito de delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento.
- c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.
- d) A resolución das incidencias que poidan xurdir en relación coas peticións de acceso á información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, xa sexan presentadas por particulares ou polos señores concelleiros.
- e) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local, no seu caso.
- f) A sinatura das certificacións que se deban emitir en relación coa tramitación dos procedementos, así como respecto das resolucións ditadas na súa respectiva área no exercicio da competencia delegada, en cumprimento da esixencia contida no art. 205 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o cal *“as certificacións expediranse por orde do presidente da corporación e co seu visto e praxe”, para significar que o secretario ou funcionario que as expide e autoriza está no exercicio do cargo e que a súa sinatura é auténtica.*”
- g) A sinatura das certificacións respecto do contido de documentos ou informes que se deban emitir en cada área.

En canto ao seu contido material, as ditas certificacións serán emitidas na propia área segundo requira a tramitación de cada expediente en concreto, reflectirán integramente o texto do acordo ao que se refire, serán rubricadas á marxe polo/a funcionario/a responsable da área, ou polo/a funcionario/a responsable da tramitación do expediente, e reintegraranse, no seu caso, de acordo coa respectiva ordenanza fiscal.

En canto ao seu contido material, cando a certificación non se limite á reprodución dunha resolución ou documento, o xefe/a da unidade administrativa a quen corresponda a súa elaboración, emitirá un informe no que se recollan os datos sobre os que haberá de certificarse, e o contido da certificación reproducirá literalmente o contido do mencionado informe, con exposición da data de emisión e sinatura auténtica do funcionario/a informante.



A certificación irá rubricada á marxe polo xefe/a da unidade ou polo funcionario informante, e reintegrarase, no seu caso, de acordo coa respectiva ordenanza fiscal.

h) A sinatura dos anuncios e edictos, así como a orde de remisión aos diarios oficiais e aos medios de comunicación, en relación cos asuntos propios da súa área.

i) A sinatura de comunicacións que se dirixan a autoridades ou organismos públicos así como a particulares, respecto dos servizos e actividades municipais relativos ás materias incluídas na área.

j) A sinatura dos impresos de solicitudes de subvencións, certificados e demais documentación que deba remitirse unha vez ditada a correspondente resolución polo concelleiro delegado de cada área.

**Noveno:** A Alcaldía asumirá directamente a dirección da Área de Presidencia e o exercicio das competencias relacionadas coas materias atribuídas á dita área e, en xeral, e de xeito residual, os servizos e actividades e aquelas funcións que non estean asignadas a unha concreta área de goberno.

Así mesmo, quedan reservados a esta Alcaldía o recoñecemento e liquidación de obrigas, a ordenación do pago e o pagamento material, así como a aprobación das contas xustificativas dos fondos librados “a xustificar” e dos “anticipos de caixa fixa”.

**Décimo:** A Alcaldía conserva as facultades de tutela que se transcriben a seguir:

- a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións enumerados en virtude da delegación.
- b) A de ser informado previamente a que se adopten decisións de transcendencia.
- c) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas en uso das facultades delegadas, isto de conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

**Décimo primeiro:** Conferir a delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, a dona María Dolores Blanca García Fernández, que terá ao seu cargo o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial, elevando a esta Alcaldía, logo do informe dos técnicos que correspondan, propostas concretas de actuación respecto de cada materia ou servizo, efectuando o seu seguimento, unha vez aprobadas, ata a súa execución final, elaborando un informe definitivo respecto do cumprimento dos obxectivos perseguidos.

**Décimo segundo:** De conformidade co establecido no artigo 49.2.b) do Regulamento orgánico municipal, esta delegación especial respecto dos servizos determinados, enténdese conferida como delegación da dirección interna dos servizos, pero non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que quedará reservada a esta Alcaldía.

Igualmente, corresponde a esta Alcaldía a facultade de supervisar a actuación da concelleira con delegación especial.

**Décimo terceiro:** De conformidade co establecido no art. 50.2 do ROM, a delegación requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro delegado. Enténdese aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a delegación, todo iso sen prexuízo da preceptiva publicación do *Boletín Oficial da Provincia*, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

As delegacións, unha vez aceptadas, entenderanse vixentes mentres non sexan revogadas expresamente ou o órgano delegante avoque para si algún asunto concreto na forma establecida pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nos documentos que deban firmar os concelleiros delegados no exercicio da delegación farase constar a data da Resolución de Alcaldía pola que se efectuou a delegación.



Décimo cuarto: Notifíquese persoalmente aos interesados, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, e déase conta ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.”

## **D) Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, de delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local**

“O artigo 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 71 do Regulamento orgánico municipal establecen que lle corresponde á Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións, así como as atribucións que o alcalde ou o Pleno lle deleguen, ou as que lle atribúan as leis.

Os artigos 47 e 74 do Regulamento orgánico municipal establecen que o alcalde pode efectuar delegacións a prol da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, tendo os acordos adoptados o mesmo valor que as resolucións que dite o alcalde no exercicio das atribucións non delegadas.

O artigo 61.4 da Lei 5/1997 e artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, establecen que o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do seu exercicio.

O artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 44 do Regulamento orgánico municipal establecen as atribucións que corresponden ao alcalde, determinando no seu apartado 3, cales desas atribucións poden ser obxecto de delegación.

Facendo uso das citadas atribucións, **RESOLVO:**

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións desta Alcaldía que a continuación se relacionan:

### **1. As competencias como órgano de contratación respecto de:**

- os contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Esta competencia delegada levará aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra partidas orzamentarias cuxa xestión lles corresponda, en virtude do establecido no artigo 109.5 e 110 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público e, en xeral, todos aqueles actos e trámites que a normativa vixente atribúe ao órgano de contratación.

- 2.** A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- 3.** A aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.
- 4.** A devolución de garantías de todo tipo de contratacións e concesións que deriven de asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponden a esta Alcaldía o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas no uso das facultades delegadas.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, e déase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, isto sen prexuízo de que a delegación efectuada a prol da Xunta de Goberno Local xurdirá efecto dende o día seguinte á data desta resolución.”

### **E) Resolución núm. 493/2016, do 30 de marzo, de modificación da Resolución núm. 444/2016, do 18 de marzo, de creación de áreas de goberno local**

“Por Resolución desta Alcaldía núm. 444/2016, do 18 de marzo, levei a cabo a determinación da organización e estrutura da administración municipal e, para tal efecto, definín o número e denominación das áreas de goberno, entre as que se atopan as seguintes:

- a Área de Servizos e Xuventude, comprensiva das seguintes materias e actividades:

- Xestión, mantemento e conservación dos servizos básicos municipais: ciclo de auga, residuos urbanos, limpeza viaria, iluminación pública
- Inspección e control dos servizos públicos, mantemento e conservación de parques e xardíns, mantemento de edificios, infraestruturas e instalacións municipais
- Información e asesoramento da xuventude
- Ocio e tempo libre
- Xestión da utilización dos equipamentos deportivos e casa da xuventude

- a Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, comprensiva das seguintes materias e actividades:

- Promoción da cultura e equipamentos culturais:
  - Programación cultural
  - Exposicións culturais
  - Rede de bibliotecas e programas de animación á lectura
  - Xestión do museo e da escola municipal de música
  - Espectáculos públicos
  - Festas e tradicións populares
- No campo do deporte:
  - Promoción do deporte
  - Cursos e escolas deportivas
  - Relación con clubs e asociacións deportivas

Por Resolución desta Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo, efectuáronse delegacións xenéricas a prol dos concelleiros da Xunta de Goberno Local, así como delegacións especiais a prol doutros concelleiros, atribuíndolle a delegación xenérica da Área de Servizos e Xuventude a dona Elisa Pestonit Barreiros, e a delegación xenérica da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes a don Ramón Boga Moscoso.

Tendo en conta as citadas delegacións, así como a enumeración das materias e actividades que conforman as respectivas áreas, estimo conveniente desagregar a materia de “Xestión da utilización dos equipamentos deportivos e casa de xuventude” entre ambas áreas, separando a xestión da utilización dos equipamentos deportivos, da xestión da utilización da casa da xuventude, e para tal fin modificar o contido da Resolución desta Alcaldía núm. 444/2016, do 18 de marzo.

Así pois, en uso da facultade de dirección do goberno e a administración municipal atribuída ao alcalde polos artigos 21.1. a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigo 44.1.a) do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO:**

Primeiro: Modificar a Resolución da Alcaldía núm. 444/2016, do 18 de marzo, de creación das áreas de goberno, no relativo ao ámbito material da Área de Servizos e Xuventude e da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, que quedarán conformadas segundo se relacionan a continuación:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## ÁREA DE SERVIZOS E XUVENTUDE

- Xestión, mantemento e conservación dos servizos básicos municipais: ciclo de auga, residuos urbanos, limpeza viaria, iluminación pública
- Inspección e control dos servizos públicos, mantemento e conservación de parques e xardíns, mantemento de edificios, infraestruturas e instalacións municipais
- Información e asesoramento da xuventude
- Ocio e tempo libre
- Xestión da utilización da casa da xuventude

## ÁREA DE CULTURA, TRADICIÓNS POPULARES E DEPORTES

- Promoción da cultura e equipamentos culturais:
  - Programación cultural
  - Exposicións culturais
  - Rede de bibliotecas e programas de animación á lectura
  - Xestión do museo e da escola municipal de música
  - Espectáculos públicos
  - Festas e tradicións populares
- No campo do deporte:
  - Promoción do deporte
  - Cursos e escolas deportivas
  - Relación con clubs e asociacións deportivas
  - Xestión da utilización dos equipamentos deportivos

Segundo: Dar conta aos concelleiros dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso, así como ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”

### 2.2. Proposta de Alcaldía respecto da modificación da denominación das Comisións Informativas permanentes

Vista a proposta da Alcaldía de data 18 de marzo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“O Pleno municipal, en sesión extraordinaria do día 2 de xullo de 2015, e de conformidade co establecido no artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e artigo 59.2 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, acordou a creación de tres Comisións Informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa seguinte denominación:

- 1. Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico.** Ditaminará os asuntos correspondentes á Área de Recursos Humanos e Sanidade, á Área de Presidencia e á Área de Desenvolvemento Socioeconómico.
- 2. Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente:** Ditaminará os asuntos correspondentes á Área Economía, Facenda, Obras e Servizos, e á Área de Urbanismo e Medio Ambiente.
- 3. Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude:** Ditaminará os asuntos correspondentes á Área de Benestar Social e Educación, á Área de Cultura e Tradicións Populares e á Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre.

Segundo o establecido no artigo 79 do Regulamento orgánico municipal:

“1. As Comisións Informativas Permanentes constituiranse, con carácter xeral, distribuíndo entre elas as materias que se deben someter ao Pleno.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

*2. O seu número e denominación iniciais, decidírase mediante acordo adoptado polo Pleno, por proposta do alcalde, (...), procurando, no posible, que se correspondan co número e denominación das grandes áreas nas que se estruturan os servizos corporativos. Calquera variación delas durante o mandato corporativo requirirá acordo plenario ao respecto.”*

Así pois, tendo en conta o disposto na Resolución nº 444/2016, do 18 de marzo, na que se recolle a denominación e ámbito material das novas áreas de goberno nas que se estrutura a organización municipal, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Modificar a denominación das Comisións Informativas Permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento creadas mediante acordo adoptado polo Pleno municipal en sesión extraordinaria de data 2 de xullo de 2015, que quedarán coa seguinte denominación:

**1. Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación:** Ditaminará os asuntos correspondentes á Área de Presidencia e á Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade.

**2. Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico:** Ditaminará os asuntos correspondentes á Área Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio e á Área de Desenvolvemento Socioeconómico.

**3. Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social:** Ditaminará os asuntos correspondentes á Área de Servizos e Xuventude, á Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, á Área de Recursos Humanos e Servizos Sociais e á Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de marzo de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, da concelleira de ACdC-SON, do concelleiro do BNG, da concelleira de C's, integrante do GM e do concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan M<sup>a</sup> Abalo Castex, concelleiro do PP, expón que, como xa puxeron de manifesto nas comisións informativas, na proposta da alcaldía fálase dunha modificación de denominación das comisións, pero non soamente están a falar da denominación das comisións informativas, senón das competencias que están incluídas nelas.

Reitera, tal e como xa manifestaron nas comisións, que se agruparon unha serie de materias que son inconexas moitas delas entre si. Hai unha falta de homoxeneidade nas materias, por exemplo, o lóxico sería que a Comisión de Economía e Facenda incluíra tamén Desenvolvemento Socioeconómico incluso, no seu caso, podería incluír a de Benestar Social. En definitiva, non están recollidas nesta distribución, non soamente de denominación, senón de competencias das comisións informativas, as materias que deben incluírse en cada unha delas. Pero tamén é certo que é facultade da Corporación, en virtude da autonomía local, e do equipo de goberno tamén, distribuír e autoorganizarse como lle veña ben. Desta maneira, o seu grupo vai manter o sentido do seu voto nas comisións, e vaise abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo tamén se vai abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE. Abstéñense os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **2.3. Proposta de Alcaldía de modificación dos acordos de nomeamento de representantes do Concello de Cambre en órganos colexiados**

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de marzo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Por Resolución de Alcaldía núm. 444/2016, do 18 de marzo, levei a cabo a determinación da organización e estrutura da administración municipal e, para tal efecto, definín o número e denominación das áreas, materias e actividades correspondentes a cada área.

Por Resolución de Alcaldía nº 446/2016, do 18 de marzo, efectuei unha nova delegación de atribucións da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local e noutros concelleiros.

Tendo en conta estes nomeamentos, faise necesario modificar os acordos adoptados polo Pleno municipal do 2 de xullo de 2015 e 29 de xullo de 2015, respecto do nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, co fin de adaptar eses acordos dunha maneira máis coherente ás novas atribucións de cada concelleiro.

Así pois, propono ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Modificar os acordos adoptados polo Pleno municipal de datas 2 e 29 e xullo de 2015, respecto do nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados e, para tal efecto:

Primeiro: Nomear a dona Josefa Vázquez Soto representante do concello nos consellos escolares do CEIP Gonzalo Torrente Ballester (Sigrás), IES Afonso X O Sabio (A Barcala-Cambre) e IES David Buján (Sigrás).

Segundo: Nomear representante do concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, e como suplente a dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González.

Terceiro: Nomear representante do concello no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, e como suplente a dona Leonor Fernández Grande.

Cuarto: Nomear representante do concello nos Consellos de participación das escolas infantís da Barcala e O Temple a dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, e como suplente a dona Josefa Vázquez Soto.

Quinto: Nomear representante do concello no Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” (futuro Grupo de Acción Local de Pesca Golfo Ártabro Sur) a dona Leonor Fernández Grande, e como suplente a dona Josefa Vázquez Soto.

Sexto: Nomear representante do concello na Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos” a dona Leonor Fernández Grande, e como suplente a don Juan González Leirós.

Sétimo: Nomear representantes do concello na Xunta Local de Protección Civil a don Juan González Leirós, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, exercendo a presidencia esta Alcaldía.

Oitavo: Nomear representante do concello na Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, exercendo a presidencia esta Alcaldía.

Noveno: Nomear representante do concello na Mesa Local de Comercio a dona Leonor Fernández Grande, exercendo a presidencia esta Alcaldía.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de marzo de 2016, por cinco votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC, aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE e á concelleira de C's, integrante do GM; coa abstención dos dous concelleiros do PP, o concelleiro de ACdC-SON, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que loxicamente é competencia do Goberno nomear aos representantes do Concello de Cambre en todos os órganos colexiados, por tanto, o seu grupo non ten nada que dicir. Van facilitar a adopción deste acordo coa súa abstención.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que, aínda que hai algún nomeamento que o seu grupo descoñece por que se fixo así, entende que será por unha cuestión organizativa, non sabe se de configuración do propio Goberno, de axendas ou de carga de traballo.

Pero hai un deles que si lles gustaría que aclarasen, concretamente, o relativo ao representante da Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero. Neste caso o designado é don Juan Evaristo Rodríguez, é dicir, por un lado estase a inaugurar unha Concelleira de Igualdade, unha concellería da que é responsable dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, e resulta que para a Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero nomean representante a un home.

E non nomean a calquera home, senón ao voceiro do partido socialista que hai menos dun mes vén de votar en contra da aprobación dunha moción precisamente contra a violencia de xénero, na que se trataban asuntos relevantes para as mulleres, como pedir informes á Xunta sobre o que estaba ocorrendo co tema dos abortos, instar á creación do Consello sectorial da muller, á despenalización do aborto, en fin, unha serie de medidas que promovían ou pretendían promover unha actitude activa do Concello a favor da igualdade e en contra da violencia de xénero.

Continúa dicindo que a opción de que fora a propia concelleira da Área da Igualdade a representante, evidentemente tampouco lles tería satisfeito ao cen por cen, porque a dita concelleira tamén votou en contra da moción. Non deixa de ser iso unha demostración máis de que ás veces as propias mulleres son as peores inimigas. Simplemente quere dicir que non lles parece apropiado que sexa ese representante o que vaia facer visible a Cambre na Mesa contra a violencia de xénero. Dalgún xeito, esa falta de sensibilidade de hai menos dun mes, a trasladan agora a este nomeamento.

É dicir, as mulleres en Cambre a día de hoxe están representadas no Concello por dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez, que como dicía antes non apoiou aquela moción e, ademais, nun momento determinado foi consentidora de ter unha discriminación salarial respecto dos seus compañeiros, pero nesa mesa van ter a un home para falar da violencia de xénero e das mulleres de Cambre. Afortunadamente, o movemento feminista vai moito máis aló e teñen a loita na rúa, pero gustaríalle que se tomara en consideración o seu comentario.

Toma a palabra o señor alcalde quen manifesta que o movemento feminista pasa porque no Goberno de Cambre son nove concelleiros, e cinco deles son mulleres. Foi ese Goberno de nove persoas, cinco mulleres, o que decidiu que o representante nesa mesa fose don Juan Evaristo Rodríguez.

Dille á señora concelleira que non sabe se ten algo en contra das mulleres que participan no Goberno municipal, iso sería un tema distinto a tratar, pero non é un tema de sensibilidade, elas son maioría no Goberno. Cre que por aí non debería ir, que non vai ben. O movemento feminista non soamente é o movemento feminista que ela pode representar, hai outra xente que está tamén de acordo con el, polo tanto, considera que non é moi acertada a intervención da señora concelleira, aínda que a respecta. Repite que son nove, cinco mulleres, e foi unha decisión adoptada por unanimidade.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2.4. Proposta de Alcaldía respecto da modificación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva, e as súas retribucións**

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de marzo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“O Pleno municipal, en sesión extraordinaria do día 2 de xullo de 2015, aprobou a determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e as súas retribucións, tal e como se transcribe a seguir:

*‘Primeiro: Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a aboar pola Administración de orixe en caso de servizos especiais) seguinte:*

- Concellería da Área de Urbanismo e Medio Ambiente: 40.000 €
- Concellería da Área de Benestar Social e Educación: 40.000 €
- Concellería da Área de Cultura e Tradicións populares: 27.000 €
- Concellería da Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do tempo libre: 24.000 €
- Concellería da Área de Desenvolvemento Socioeconómico: 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Igualdade, Muller e Familia, integrados na Área de Benestar e Educación : 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria, integrados na Área de Benestar e Educación : 24.000 €’

Tendo en conta a Resolución de Alcaldía núm. 444/2016, do 18 de marzo, pola que se determina a modificación das grandes áreas nas que se estruturan os servizos municipais, formulo ao Pleno a seguinte proposta de acordos a adoptar:

Primeiro: Modificar acordo adoptado polo Pleno municipal, de data 2 de xullo de 2015, respecto do apartado primeiro relativo á determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva, tal e como se transcribe a continuación:

A) Modificar a denominación das concellerías desempeñadas en réxime de dedicación exclusiva que a continuación se relacionan, manténdose a retribución bruta acordada:

- A Concellería da Área de Urbanismo e Medio Ambiente pasa a denominarse Concellería da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio
- A Concellería da Área de Cultura e Tradicións Populares pasa a denominarse Concellería da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes
- A Concellería da Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre pasa a denominarse Concellería da Área de Servizos e Xuventude
- A Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria, integrada na Área de Benestar e Educación pasa a denominarse Concellería da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación

Faise constar que se mantén a denominación da Concellería da Área de Desenvolvemento Socioeconómico.

B) Incluír os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva, cos dereitos e coas obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual seguinte:

- Concellería da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade: 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia: 24.000 €

C) Suprimir os seguintes cargos e retribucións:

- Concellería da Área de Benestar Social e Educación: 40.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Igualdade, Muller e Familia, integrados na Área de Benestar e Educación: 24.000 €

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquense integramente no *Boletín Oficial da Provincia*, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os anteriores acordos.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de marzo de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, da concelleira de ACdC-SON, do concelleiro do BNG, da concelleira de C's, integrante do GM e do concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o señor alcalde presenta un documento cunha serie de modificacións das áreas, practicamente de todas as áreas de funcionamento do Concello de Cambre e, como xa manifestou nas comisións, o seu grupo non pode estar máis en desacordo, porque a pesar desas modificacións, en realidade non modificou nada.

Estaban a falar hai un momento, no punto anterior, do tema da igualdade, e o señor alcalde presumía de paridade, presumía de que no seu Goberno hai máis mulleres que homes, pero as mulleres, por desgraza, están menos pagadas que os homes.

Nas comisións, o señor alcalde contestoulle que era por un tema de responsabilidade, e el o que lle di é que ten concelleiras no seu Goberno que teñen a responsabilidade dunha área, por exemplo, a área de Servizos e Xuventude, e que en comparación, por exemplo, coa área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, pola primeira unha muller cobra 24.000 euros e pola outra un home cobra 27.000. Pregúntalle cal é aí a diferente responsabilidade, e o mesmo poden dicir da delegación da nova concelleira, que tamén vai cobrar 24.000 euros.

Reitera que o seu grupo, en verdade non pode estar máis en desacordo, e o señor alcalde, que presume de igualdade, o que debería facer é precisamente ser igualitario. Non vai poñer máis exemplos, porque o resto das mulleres todas cobran 24.000 euros, mentres que os homes cobran mínimo 27.000.

Polo tanto, conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser en contra.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que foi no pleno de data 2 de xullo cando se aprobaron as retribucións iniciais que ían percibir os membros da primeira edición do goberno de Unión por Cambre e PSOE. Naquel momento, nese pleno, Asemblea Cidadá de Cambre pediu insistentemente que o punto relativo ás retribucións quedara enriba da mesa, para o seu estudo e para debatelos entre os representantes dos veciños, que son todos e todas eles. Sustentaron a súa petición na ausencia de fundamento, dende o seu punto de vista, para salarios como o que naquel momento era o do señor Bao, de 40.000 euros, e o que segue sendo o do señor Leirós a día de hoxe, 40.000 euros. Nin entón consentiron en negociar, nin en falar deses salarios, nin o fan agora.

Lembra, ademais, que a aprobación foi grazas ao voto favorable de Ciudadanos, e repasando a acta viu que a concelleira de Ciudadanos dicía literalmente, empregando un termo que ela non lembraba que dixerá, que efectivamente, se alguén facía ben o seu traballo e con talento merecía cobrar esa cantidade. Actualmente, meses despois, ela non ten claro se o talento referido pola concelleira de Ciudadanos era o cante ou o baile, porque no referido a xestións, iniciativas, transparencias ou diálogo, dá por feito que non.

Continúa dicindo que, neste punto, atópanse exactamente naquela mesma situación, non se lles consulta absolutamente nada e teñen que seguir tragando con algo innegociable que é o salario do señor Leirós, que seguen entendendo que é un concelleiro que cobra unha cantidade ao seu parecer desproporcionada. Pon como exemplo para xustificar ese termo que o salario do señor Leirós é superior á partida que no borrador de



orxamentos que lles entregaron ten destinada Protección Civil para todo un ano. Ten máis exemplos. Supera en 12.000 euros o destinado a Participación Cidadá para todo un ano. E habería máis exemplos.

Con todo isto o que quere dicir é que quizais en Barcelona, Madrid ou Nova York se podería chegar a xustificar esa retribución, que tampouco, pero en Cambre, para Asemblea Cidadá de Cambre segue a ser unha desvergoña facerlle pagar aos veciños ese importe desmesurado.

Pero ten que chegar máis aló, á cuestión da presunta ou aparente desigualdade da que falaba o señor Rivas hai un instante, de xénero salarial, respecto da cal, ata o de agora, Asemblea Cidadá de Cambre evitou pronunciarse. E non dixeron nin unha soa palabra desa presunta desigualdade salarial, porque ata o de agora si que é certo que pretenderon confiar na palabra do señor alcalde cando dicía que esas desigualdades non respondían a criterios de xénero. Así o fixeron e non dixeron nada.

No seu momento, efectivamente, parecía sospeitosa esa desigualdade, que todas e cada unha das mulleres cobraran menos que cada un dos homes, aínda sendo cinco as mulleres e tres os homes. Que ocorre. Que sae un home, o señor Rey, e entra unha muller, dona Josefa Vázquez, e resulta que entra tamén con condicións economicamente inferiores ás dos homes. Iso parecería que confirmaba a sospeita.

Resulta que hai unha semana, nas comisións informativas, ante a pregunta do señor Rivas, o señor alcalde contestou que era polo tema da responsabilidade, pero tamén sinalou que, dalgún xeito, o que se estaba a trasladar era a situación que cada un dos concelleiros podía ter na súa vida anterior ou particular con anterioridade á ser concelleiros, con anterioridade a desempeñar un cargo público.

Entenda como se entenda esa frase, tanto o da responsabilidade como o do traslado da situación privada ao ámbito público, é unha afirmación gravísima, e por iso agora si que se ten que pronunciar, e vaise pronunciar despois da resposta do señor alcalde nas comisións informativas, ata o de agora non dixera nada.

Manifesta que se o que quere dicir o señor alcalde é que se están a trasladar ao ámbito público as desigualdades salariais que de facto existen no ámbito privado, ou a tremenda desigualdade que unha muller e un home teñen de acceso ao mercado laboral, entón a afirmación é gravísima. O feito de que o señor Leirós sendo funcionario cobrara 40.000 ou 50.000 euros, e que calquera das concelleiras, por poñer un exemplo, non traballara ou estivera no paro, iso non significa que no momento en que entraron no Concello non o fixeran en igualdade de condicións, e non significa que esa concelleira teña que cobrar menos que o concelleiro que cobraba 40.000 euros, polo feito de que iso fora así. Só faltaría.

Por outra parte, se o que queren dar a entender é o tema da responsabilidade, ou da cualificación profesional, que tamén podería darse ese caso, tampouco se pode sustentar ese argumento. A día de hoxe, e iso cre que sería outro debate, non se esixe ningún tipo de cualificación para ser concelleiro. Insiste, iso sería outro debate, porque é algo que graves consecuencias lles está traendo, pero a día de hoxe calquera persoa pode chegar a ser concelleira ou concelleiro.

Pregunta por que teñen que dar por suposto que necesita máis diñeiro, o exemplo que poñía antes o señor Rivas, o señor Boga que a señora Pestonit. Ou como poden medir que o traballo da señora Leonor Fernández na área de Desenvolvemento Socioeconómico, que non é unha área pequena, é mellor, igual ou peor, que o traballo do señor Boga, por exemplo. Pregunta con base en que se xustifica que gañe 3.000 euros máis un que outro.

Se por último a lectura que lle dan a esa frase, ou a esa explicación do señor Patiño, é que isto é unha decisión do alcalde, como dicía antes, que todos consensuan e que as mulleres tamén votan que si, pois entón déixalles un moi amargo sabor de boca, moi triste, saber que son as mulleres, como dicía antes, as peores inimigas delas mesmas.

Dito isto, e remata xa, por moito que dende Asemblea Cidadá de Cambre se pretenda comprender esta proposta, e aínda que respectan a nova configuración de goberno que se presenta, porque é a que o propio goberno quere, non se poden abster e teñen que votar en contra. Non poden asumir nin salarios de futbolistas, nin permitir que se diga que as desigualdades teñen unha explicación, porque ningunha desigualdade ten explicación. Esas son, lémballes, as famosas liñas vermellas que Asemblea Cidadá de Cambre sempre tivo e segue tendo, e que non traspasan nunca.

Tamén lle volve dicir o mesmo que lle dixo naquel pleno, que o deixe enriba da mesa, o falan, e ven e analizan o que ocorre, porque as mulleres están gravemente minoradas neste concello, supostamente de progreso. Se o fan así, o seu grupo apoiará a nova reconfiguración salarial. Conclúe dicindo que nos termos da actual proposta, evidentemente teñen que votar en contra.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo non interveu nas quendas anteriores e explica en parte o porqué da súa posición, que non é nova, que abrangue xa practicamente máis de cinco anos, cando menos, da acción municipal, e que consiste en respectar os xeitos, as formas, as maneiras que ten quen está gobernando de organizar, por así dicilo, o seu equipo, a súa casa e o seu goberno. Fíxoo hai cinco anos, con algunha diferenza, cando asumiu a Alcaldía o Partido Popular; fíxoo tamén ao principio deste mandato, e a súa intención é seguir facéndoo agora.

Continúa a dicir que o seu grupo ten unha visión moi particular do que son os salarios públicos que deben recibir os membros dunha corporación, neste caso, os membros dun goberno. Defendeu e segue a defender que o alcalde de Cambre, o fixeron ao principio deste mandato, ten que ter unha dedicación exclusiva ao Concello de Cambre e ten que ter tamén, o ve así de lóxico e así de natural, o salario máis alto do Concello, cando menos un euro máis que o funcionario ou a funcionaria que máis cobre.

Eles son representantes dos cidadáns e son políticos, e ten que dicir, en honra á verdade, que con independencia das diferenzas políticas que poidan ter, e así o teñen falado a nivel da súa propia militancia, non é unha opinión única do grupo municipal, que non hai unha queixa, non hai unha mácula, respecto da dedicación que está a ter o alcalde de Cambre no exercicio do seu cargo. Di que teñen a sensación, a percepción, de que é unha persoa que está a cumprir coas súas responsabilidades, con independencia de que formalmente non se recolla unha dedicación exclusiva, polo tanto, teñen dalgunha maneira que transixir con algo que como norma non lles gusta, pero que ven que efectivamente que aquí se está a cumprir, porque entenden que ese posto ten que ter unha dedicación *full time*, como teñen a percepción de que así se está a producir.

Segue a dicir que non falárono no tema do feminismo, e explica que el vén dunha organización onde debaten moito, ás veces incluso demasiado, e el viviu moito o tema dese debate de se os homes podían participar en igualdade de condicións do movemento feminista ou non. Un debate en certa maneira aberto, e manifesta publicamente, a título persoal, que el non lle pon ningún pero a que un home poida ter responsabilidades en materia de defensa dos dereitos da muller por ser home. Así o considera.

Da mesma maneira, na súa organización debateron moito e seguen a debater, e é un debate recorrente, o tema dos salarios, que baremo fixar para asignar salarios que entenden poidan ser decentes. Dende logo no Concello de Cambre, ao seu modo de ver, e cre que pode ser un punto de vista comunmente compartido por todos, houbo no pasado salarios autenticamente estratosféricos, onde o alcalde cobraba, en limpo, da orde dos 60.000 euros, tenentes de alcalde cobraban practicamente 50.000 euros e isto era pouco menos que *jauja*. Pasouse despois a un goberno do Partido Popular onde, a groso modo, había un sistema de medias dedicacións que non eran escandalosas nin moito menos, é dicir, o alcalde cobraba 32.000 euros e non chegaban a 30.000 euros o resto de concelleiros. Non eran escandalosas sempre e cando, en certa maneira, lle dedicaran máis tempo do que se entende como media xornada, tres horas e media catro horas ao día. O seu grupo defendeu, incluso naquel momento, como xa dixo ao principio da súa intervención, que tamén ese alcalde debía cobrar máis.

Para o BNG, xa di, e é entrar nun debate complexo, é tamén unha cuestión de xustiza social, é dicir, entenden que toda persoa que se dedique á política, que estea a facer un traballo, neste caso para o Concello de Cambre, ten que ter unha retribución digna. Ao seu grupo 24.000 euros parécelle, nos tempos que corren, unha retribución máis que digna.

Tamén defenden a incorporación, non do talento, cre que foi a palabra que empregou dona M<sup>a</sup> José no seu día, pero si de algo moi parecido, que lle chaman agora a excelencia. É dicir, entenden que se queren que xente que ten unha carreira laboral consolidada, que ten unha formación, que ten unhas capacidades, se incorpore á política, se no seu ámbito laboral está a percibir “x”, e se incorpora á política e pasa a recibir “x” menos tanto, realmente esa xente non se vai poder incorporar á política, agás que a maiores do seu salario teñan un enorme patrimonio ou, en fin, sexa unha persoa moi potentada, ou teña unha vocación de servizo público a proba de bombas e a proba dunha economía familiar ou un plan de vida previamente establecido para a política. Por iso din que eles onde se fixan é no monto total da masa salarial, e a partir de aí, que se organice cada un como boamente poida.

A eles explicáronlles no seu momento que as cuestións relativas a eses 3.000 euros que pode haber de diferenza, veñen xustamente derivadas das percepcións salariais que se tiñan antes de participar na política, e nese sentido o poden entender. Entenden tamén que o actual deseño se afasta moito das cifras escandalosas que mencionou ao principio da súa intervención e, nese sentido, conclúe dicindo que o seu voto, non compartindo plenamente o esquema desas retribucións, vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo cre que os concelleiros e as concelleiras son libres de negociar o seu salario, polo tanto, se por parte das concelleiras e dos concelleiros non existe ningunha queixa, o voto do seu grupo vai a ser a prol.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito, manifesta que mantén o voto das comisións, vaise abster.

Toma a palabra o señor alcalde e, en contestación á voceira de ACdC-SON, dille que as liñas vermellas que marca Asemblea Cidadá non teñen por que seguilas os demais, só faltaría. Unión por Cambre, como partido, marcou unhas liñas na anterior lexislatura, e el cre que naquel momento Esquerda Unida non se sumou a esas liñas, tampouco eles llo pediron a ninguén, pero non se sumou. As liñas vermellas que marca cada partido, alá ese partido e os seus afiliados, o seu grupo non vai entrar niso.

Por outra parte, di que non hai criterios de xénero, por moito que busquen aí, non os hai, nin os vai haber nunca mentres el presida este Goberno, e volve a repetirlles, son cinco mulleres, catro homes, e todos se puxeron de acordo para os seus salarios. Cre que é menosprezar ás mulleres que están neste Goberno e, como a propia voceira de ACdC-SON dixo, moitas veces as mulleres son as súas propias inimigas, díxoo ben.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Votan en contra os seis concelleiros do PP e os dous concelleiros de ACdC-SON. Abstense o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2.5. Transferencia de crédito existente nas aplicacións 151/619 e 3321/622.00 a diversas aplicacións entre distintos proxectos afectados. Cambio de afectación préstamo**

Vista a proposta de Alcaldía do día 17 de marzo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

"Vista a proposta da área de Urbanismo e Medio ambiente de data 15 de marzo de 2016, na que solicita dotación de crédito para a contratación de obras consideradas como prioritarias dada a demanda veciñal, como son dotar de aparcadoiros á zona escolar de Sigrás, a apertura da Rúa Balado en Cambre, e a reforma do local Palco de Meixigo.

Valorándose positivamente a necesidade de adquirir unha minipá para a realización de obras e reparacións pola Brigada municipal, dado o elevado custo do aluguer da mesma.

Visto que polo Interventor municipal se subliña a necesidade de elevar a acordo plenario a desafectación do préstamo vinculado ás obras de "Implantación de aparcadoiro e mellora estética do núcleo de Cambre", de "Reforma da Casa Arrigada" e de "Reforma do Cemiterio municipal" afectándoo aos proxectos de "Aparcadoiros na zona escolar de Sigrás", "Reforma do Palco de Meixigo" e "Apertura Rúa O Balado" así como á adquisición da minipá de obras, como forma de acadar o crédito necesario para a execución dos proxectos.

Esta alcaldía, presenta ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo:

**Primeiro:** Efectuar a desafectación de 107.000,00 euros do préstamo do Banco Sabadell nº 270978389 destinados 55.000,00 € á "Implantación de aparcadoiro e mellora estética do núcleo de Cambre", 45.000,00 € á "Reforma da Casa Arrigada" e 7.000,00 € á "Reforma do Cemiterio municipal", afectando dito crédito aos proxectos de "Aparcadoiros na zona escolar de Sigrás", 22.000,00 €, "Reforma do Palco de Meixigo", 30.000,00 €, e "Apertura Rúa O Balado", 25.000,00 €, así como á adquisición da minipá de obras, 30.000,00 €.

**Segundo:** De adoptar o acordo, darase traslado do mesmo á entidade financeira Banco Sabadell coa que se concertou a operación de crédito para o seu xeral coñecemento."

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 23 de marzo de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, o concelleiro de ACdC-SON, o concelleiro do BNG, a concelleira de C's, integrante do GM e o concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que se trata da seguinte cuestión: había uns créditos destinados a uns usos, eses créditos non se utilizaron, e o que se vai facer é destinalos a outro tipo de proxectos. Os proxectos que teñen baixas son os seguintes: a reforma do cemiterio municipal, que tivo unha baixa de 7.000 euros, polo tanto, incorpórase o crédito; a reforma da casa Arrigada, que decidiron non facer, que son 45.000 euros; e os aparcadoiros en Cambre, que tamén decidiron non facer e que se cambiaron por outros aparcadoiros en diversos puntos do concello.

Eses créditos destínanse a un aparcadoiro próximo ao colexio de Sigrás, que é unha demanda histórica, porque alí non hai maneira de aparcar; unha reforma do palco de Meixigo, que é unha parroquia na que non hai excesivo investimento, cre que ao igual que pasa en Cela; a apertura da rúa do Balado, que é esencial para Cambre, xa que é un tapón que non se pode permitir nestes momentos e que rompe Cambre en dúas zonas; e a adquisición dunha minipá que solicitou o departamento de Servizos para poder realizar xestións propias das incidencias relativas a obras.

Conclúe dicindo que son 107.000 euros por un lado e 107.000 euros por outro. Esa é a transferencia que se está a levar cabo.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que loxicamente o Goberno é moi libre de actuar e de botar abaixo algúns proxectos que estaban en marcha e cambialos por outros, pero ao seu grupo gustaríalle sinalar, primeiro, que o tema do palco de Meixigo é un compromiso non só porque haxa que facelo xa, senón porque é un acordo plenario. En canto ao tema da rúa Balado, todos están de acordo, e van ver se o que presupostan chega.

Pero di que hai algo co cal o seu grupo non pode estar de acordo, a menos que lle demostren o contrario. Gustaríalles votar a prol, pero respecto do aparcadoiro na zona escolar de Sigrás el pediu información nas comisións do mércores pasado, cando se dixo que ese terreo onde se pretende facer o aparcadoiro é municipal. Gustaríalle ter o informe en canto a que ese terreo é realmente municipal, saber se figura no inventario de bens patrimoniais do Concello de Cambre, porque ten moitas dúbidas. Se iso se demostra, o seu grupo o apoiará, pero mentres non se demostre e, isto non está demostrado, o seu grupo vaise abster neste punto.

O señor alcalde contéstalle que lle fará chegar o citado informe, se pode mañá mesmo, porque sabe que nestes temas son bastante áxiles, en moitos se equivocan e se perden, pero neste seguramente se mañá a funcionaria pode emitilo, mañá mesmo o terá. Igual está equivocado, pero cre que ese terreo era un único terreo, que era o aparcadoiro que fixo o goberno anterior, o aparcadoiro pequeno que hai, e o mesmo terreo o dividiron en dous. Cre que é iso o que lle dixo a funcionaria, de todas as maneiras está seguro de que é de titularidade municipal e mañá lle fará chegar o informe. Se mañá a funcionaria o ten, mañá o terá o señor Rivas.

Don Manuel Rivas Caridad di que lle tería gustado votar a prol. Dado que esa mesma pregunta a fixo nas comisións hai unha semana, se lle tiveran dado o informe, xa estarían votando a prol desas obras. Reitera que, loxicamente, el pediu que se lle aclarara se realmente iso era municipal, e se efectivamente tiveran un informe, hoxe poderían estar votando este punto a prol e non absterse. En todo caso, dálle as grazas por facerlle chegar o informe.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, dille ao señor Rivas que non dubide de que se tivera solicitado explicitamente o informe se lle tería feito chegar. Nas comisións fixo a pregunta e contestóuselle, pero non solicitou explicitamente o informe.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta, en primeiro lugar, que a Esquerda Unida no seu día, ou a Asemblea Cidadá de Cambre agora, se lles pode acusar de moitas cousas, pero dende logo do que non se lles pode acusar é de desdicirse de algo, cousa que si fai o señor alcalde, sobre todo tendo en conta o que veñen falando. Durante os catro anos da corporación anterior, cre que foi precisamente Esquerda Unida o grupo que máis criticou ao goberno do Partido Popular, o señor Rivas está aquí para confirmalo, e cre que tamén pode confirmar que o señor García Patiño non se quedou curto tampouco en acusar ao goberno anterior de falta de diálogo, de opacidade e de falta de transparencia. A día de hoxe, son os reis do mambo no que a opacidade se refire.

Propoñen a desafectación de tres proxectos que non se van levar a cabo e ela preguntalles por que. No caso do aparcadoiro da casa da Arrigada contestaralle que porque non se pode, que efectivamente é posible, pero preguntalles por que se desafectan 7.000 euros da reforma no cemiterio de Cambre, segundo a providencia da Alcaldía e por que na obra de acondicionamento do cemiterio municipal houbo unha economía e sobraron, por dicilo dalgún xeito, 7.000 euros.

Segue a dicir que cae de caixón, evidentemente, que se sobra diñeiro, ou se hai unha economía nunha partida determinada, hai que dedicalo a outra cousa, ata aí chegan todos, pero iso tendo en conta que a obra estea feita e, ademais, estea ben feita, porque acaba de recibir unha chamada antes de chegar ao pleno, e hai varias zonas nas que se segue a filtrar auga nos nichos e das que ela ten coñecemento expreso no acceso que transcorre entre Samosteiro e o campo de fútbol, onde está a antena de telefonía móbil. Pero eses 7.000 euros desaféctanse, retíranse dese proxecto sen saber se está rematado ou, polo menos, ben rematado, e aféctanse a outros. Teñen un montante total de 107.000 euros para afectalos a cousas moi urxentes que hai que facer en Cambre, segundo se di na proposta, non o di ela, que son obras prioritarias dada a demanda veciñal, esa é a frase.

Parece ser que os veciños de Cambre piden cita para demandar que o Concello merque unha minipá, os veciños chegan ás portas do concello, tocan o timbre e dinlle ao señor alcalde que queren unha minipá. A demanda

veciñal ela entende que é iso, porque a minipá é unha das afectacións que se propoñen.

Pódelles dicir que existen nos caixóns do concello centos, non quere dicir miles, pero centos de peticións de veciños que, dende o seu punto de vista, é a súa opinión, son máis urxentes que calquera das aquí propostas. Insiste, ese é o seu punto de vista, porque a proposta é dende o punto de vista do alcalde. Xa o dixo tamén nalgunha ocasión, as opinións son como os cus, cada un ten o seu. Baseándose niso é polo que lle di que están a facer o mesmo do que acusaban ao anterior goberno, están decidindo eles sos e presentando as propostas.

Di que o seu grupo non se vai opoñer, van deixar efectivamente que saian adiante, vanse abster, pero de novo lles di que podían ter consensuado, falado, dialogado, chamado, botado unha charla, para ver se efectivamente os veciños queren comprar esa minipá para obras ou mellor podería ser que se puideran destinar eses 30.000 euros a calquera outra cousa.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta, procurando ser breve, que o voto do seu grupo vai ser favorable.

Entende que son obras que teñen unha fundamentación máis que razoada, algunha, como moi ben expuxo o señor Rivas, arranxa xa do anterior mandato, como é a reforma do palco de Meixigo, son uns labores que iniciou o anterior equipo de goberno e así o seu grupo o quere recoñecer. Tamén entenden que a apertura da rúa Balado é unha necesidade, é dicir, non *in sensu stricto* urxente, pero é algo que leva adiado anos e anos e que vai na liña de poñer unha certa orde e unha certa pulcritude na trama urbana do concello, e entenden que é unha acción acaída e así o comunicaron no seu momento.

Congratulase de que sobrarian cartos na reforma do cemiterio municipal, e di isto sen ningún sinal humorístico, pero prefire que se invista, o di por el, nos vivos e non nos mortos, é dicir, considera que é suficiente que haxa uns mínimos e se cumpran. Se falan das necesidades, das demandas, e das prioridades da xente, é máis prioritario intervir noutro tipo de ámbito, infraestruturas e recursos, que non fundir cartos como se fai ás veces en cemiterios, infraestruturas nunca mellor dito, inertes.

Continúa dicindo que, a maiores disto, o seu grupo defende, e o di así de claro, para que non haxa ningún tipo de dúbida, a adquisición da minipá dende una perspectiva de que queren unha administración municipal forte, con recursos, a nivel loxístico capitalizada. É un debate que se ten dado moitas veces ao respecto doutro tipo de útiles, por exemplo, unha carpa, sempre dixo que non é lóxico que un concello como Cambre, con 24.000 habitantes non teña unha carpa e teña que alugala. Igual tampouco é lóxico se poden ter unha minipá e así despois aforrar ter que andar contratando, subcontratando, recontratando e pagando continuamente.

Entende que, con independencia de como se faga, porque el non sabe se igual é mellor facelo mediante leasing, renting ou propia adquisición, é algo que ao cabo do tempo o concello pode chegar a desquitar, facer moitos máis servizos e actuacións de pequeno calado cunha minipá, de maneira moito máis inmediata e a custo moito máis reducido, e xa di, é algo que pasa a ser patrimonio público.

Polo tanto, considera axeitada a actuación e tamén celebra, por que non dicilo, a propia proposta ao pleno, é dicir, en vez de deixar eses euros morrer e gardalos para o vindeiro orzamento, ou directamente non efectivizar o conxunto do préstamo co Banco Sabadell, preséntanse unha serie de propostas alternativas para efectivizar no prazo de tempo máis breve posible.

Así pois, conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai a ser favorable.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que a proposta inclúe tres obras e a compra dunha pa, todo xunto, e o problema é que se pode estar de acordo, ao mellor, nunhas cousas e

noutras non, pódese estar de acordo nunha e en tres non, ou en tres si e nunha non, como é o caso de Ciudadanos.

O voto do seu grupo dependerá da explicación que lles dean por exemplo co tema da minipá. Unha minipá de 30.000 euros parécelle pouco útil, porque esa minipá ten unha roda pequeniña e hai que movela nunha plataforma, iso se están a falar dunha minipá tipo de xardinería. Cre que, en caso de mercar, para Cambre sería mellor mercar unha pa intermedia, dun tamaño medio, das que levan unha pa detrás e unha culler diante, porque esas circulan por estrada, entón, serían moito máis útil, son de roda grande, tipo unha miniescavadora.

Di que bota de menos tamén un informe económico, como ben manifestou anteriormente o señor Carballada, un informe económico no que conste que alugar ese tipo de máquina custa tantos euros ao día, que por tantas veces que se alugou custou tanto diñeiro, e que se a mercan en dous anos, por exemplo, pois a teñen amortizada. Esa información non se lles deu e cre que debería de dárselles, porque non mercar unha minipá por 30.000 euros é unha responsabilidade moi grande. Tampouco lles dixeron se hai unha persoa cualificada para manexar ese tipo de máquinas. Ela agora sabe que hai, pero terían que sabelo anteriormente, porque tamén poden mercar un foguete espacial e pregunta se teñen o astronauta.

Conclúe dicindo que son cousas que bota de menos no informe, e se lle aclaran este punto será cando decida se vota a prol ou se vota abstención.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que en relación co que dixo ACdC-SON, quere comentar, respecto dos 7.000 euros, que o proceso en síntese é o seguinte: alguén presenta unha oferta, esa oferta, respecto do diñeiro que ten previsto o concello, ten unhas baixas, e o que se fai é que se reintegran esas baixas. Os defectos de obra non deben de ser pagados polo concello, deben ser esixidos ao construtor, porque para iso se contratou. Esa esixencia estase a realizar, se alguén realizou mal a obra, ten o compromiso de volver a realizala, esa é a cuestión dos 7.000 euros e o motivo de que se desafecten, porque xa están desafectados dende o propio contrato.

Manifesta que efectivamente teñen razón, tiñan que ter incorporado todos eses datos. Son datos que saen do departamento de obras públicas. O técnico, o enxeñeiro, é precisamente o que fai esa proposta, e quizais eses datos verbais que lles deu e que a eles os convenceron, terían que terse transcrito nun informe e térllelo trasladado ao resto de concelleiros. Quere dicir que non é unha proposta do goberno, senón unha proposta dos técnicos municipais que fan a súa avaliación, a comunican ao goberno, e ao goberno lle parece razoable, pero si deberían térllelo transmitido a todos.

Respecto da elección dos proxectos que se presentan, quere lembrar unha cousa, e non é nin prepotencia nin é falta de transparencia, pero o equipo de goberno goberna, e iso será así sempre, para iso é o equipo de goberno, ten que gobernar, polo tanto, toma unhas decisións, as acepta e as asume. Outra cuestión é a transparencia e o diálogo, por suposto estarán sempre abertos a iso, pero a xestión propia máis ou menos de a diario quen a ten é o goberno e, polo tanto, é a súa responsabilidade e tamén é o seu dereito, e a xente o avaliará en canto a que o faga ben ou o faga mal. O resto dos concelleiros teñen a outra misión, que é demostrar que se está a facer mal.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo dálle as grazas ao señor Leirós pola súa resposta, pero dille que a pregunta, á parte do que lle contestou, que era unha parte dela, tamén era saber que tipo de pa é a que se quere comprar.

Pídelle que se dea conta de que ela para poder votar necesita sabelo, porque ela confía na súa palabra de que lle vai transmitir ese informe dos técnicos, e ela pode dicirlle que confía nel, pero neste momento non sabe que pa é a que queren comprar.

Don Juan González Leirós pídelle desculpas e dille que, efectivamente, quedaba a segunda resposta. Manifesta

que é o que a señora voceira denominou como pa intermedia, pero vai máis aló, a empresa de augas ten unha pa moito maior, de moita máis potencia, cre que é unha JCB, non sabe as especificacións concretas, e a teñen parada, co cal tampouco desbotan a posibilidade de adquirir esa pa, se está en boas condicións, por suposto, no sentido de que lles daría maior capacidade de intervención. Evidentemente, non pode ser unha pa de xardinería, porque iso non ten ningún sentido. É unha para apertura de gabias, movemento de terras, etc.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que, moi breve, simplemente quere aclararlle ao señor González Leirós que o único que está a facer é lembrarllas o que eles mesmos, el non concretamente, pero si o señor alcalde, recriminaba ao anterior goberno. Que gobernan xa o saben, que isto o teñen que estudar e votar no sentido que consideren, xa o saben, pero eles venderon un proxecto e venderon un novo tipo de goberno que non se está a levar a cabo, non di absolutamente nada máis, se eles se desdín, saberán por que o fan.

Don Juan González Leirós contéstalle que é a súa opinión.

Intervén o señor alcalde para lembrarlle ao señor González Leirós que cando queira falar, que solicite a palabra.

A seguir, o señor alcalde informa á voceira de ACdC-SON, en relación con iso de que os veciños queiran comprar ou non queiran comprar unha minipá, que na documentación que se lle entregou cinco días antes da comisión, está a falar de hai case dúas semanas e media, figura unha providencia da Alcaldía na que se di textualmente “vista a necesidade que se manifesta por parte dos técnicos de obras e servizos de adquirir unha minipá, posto que o aluguer está a producir un sobrecusto neste departamento, minipá cun orzamento máximo de 30.000 euros”. Dille que iso sae directamente do departamento de Obras e Servizos que é quen o está a pedir, non é un tema que queiran ou non queiran os veciños, queira ou non queira o goberno, senón que é do departamento de Obras e Servizos. Loxicamente, cando manifestan que hai un sobrecusto entende que ten que haber un informe, que lle fará chegar tamén a todos os concelleiros.

En canto ao que dixo a voceira do GM (C's), se teñen ou non teñen unha persoa para manexar a pa, loxicamente non mercan unha pa se non teñen ao persoal axeitado. Como ela mesma dixo tivo coñecemento de que si porque preguntou, ela polo menos preguntou aos técnicos, el cre que aos políticos non lle preguntou, cousa que tamén recomenda sempre a todo o mundo, pero se non se fían da palabra dos políticos, que é normal, que lle pregunten aos técnicos directamente e que sexan eles os que lles digan por que neste caso teñen que mercar unha minipá.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito. Abstéñense os seis concelleiros do PP e os dous concelleiros de ACdC-SON.

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2.6. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 4/2016**

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de marzo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total de 286.734,18 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non ter a conformidade no exercicio 2015, ou por terse presentado a finais de ano e non ser posible conformalas e tramitalas antes de finalizar o 2015, ou ben por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.



Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 4/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 286.734,18 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2015/3464	24/07/2015	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	722,49
F/2015/3788	01/09/2015	B70089370	CAMBRE OCIO, S.L.	1.719,13
F/2015/4165	10/09/2015	A15474281	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.	3.189,15
F/2015/4326	23/09/2015	B15547979	JARDINERIA ARCE, S.L.	1.149,50
F/2015/4416	08/10/2015	A15474281	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.	3.404,59
F/2015/4436	09/10/2015	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A.	621,35
F/2015/4698	29/10/2015	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	941,62
F/2015/4967	18/11/2015	B27195148	ESTURION GALICIA S.L.	83,27
F/2015/4968	18/11/2015	B27195148	ESTURION GALICIA S.L.	75,08
F/2015/4971	18/11/2015	B27195148	ESTURION GALICIA S.L.	116,15
F/2015/5087	25/11/2015	A15474281	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.	3.642,17
F/2015/5093	25/11/2015	B15271042	PROTEL SISTEMAS DE SEGURIDAD, S.L.	94,19
F/2015/5097	25/11/2015	B15999857	LUZ CORUÑA, S.L.	48,40
F/2015/5100	25/11/2015	B15999857	LUZ CORUÑA, S.L.	308,55
F/2015/5137	01/12/2015	A28016814	AL AIR LIQUIDE ESPAÑA S.A.	171,52
F/2015/5149	01/12/2015	B15361348	NEA F3 IBERICA, S.L.	258,76
F/2015/5151	01/12/2015	B15361348	NEA F3 IBERICA, S.L.	202,37
F/2015/5174	03/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	139,00
F/2015/5187	03/12/2015	A15343692	GADISVEN, S.A.	12,10
F/2015/5210	04/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2.684,05
F/2015/5211	04/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	402,17
F/2015/5212	04/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.553,17
F/2015/5213	04/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	978,99
F/2015/5215	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	745,98
F/2015/5217	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	750,51
F/2015/5218	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	822,26
F/2015/5219	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	82,96
F/2015/5220	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	519,03
F/2015/5221	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	858,71
F/2015/5222	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	637,63

F/2015/5223	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	374,28
F/2015/5224	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	245,47
F/2015/5225	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.651,96
F/2015/5226	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	262,03
F/2015/5227	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	304,09
F/2015/5228	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	683,41
F/2015/5229	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.702,59
F/2015/5230	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	246,54
F/2015/5231	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	772,20
F/2015/5232	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	612,34
F/2015/5233	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	537,72
F/2015/5234	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	184,57
F/2015/5235	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	584,05
F/2015/5237	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	665,63
F/2015/5238	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	472,38
F/2015/5239	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	242,57
F/2015/5240	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	443,09
F/2015/5241	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	627,86
F/2015/5242	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	366,80
F/2015/5243	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	456,61
F/2015/5244	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	436,75
F/2015/5245	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.253,35
F/2015/5246	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.406,88
F/2015/5247	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	960,92
F/2015/5248	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	595,55
F/2015/5249	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	330,32
F/2015/5250	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	386,26
F/2015/5251	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	575,29
F/2015/5252	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	160,85
F/2015/5253	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	275,53
F/2015/5254	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	512,41
F/2015/5255	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	711,58
F/2015/5256	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.289,39
F/2015/5257	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	648,16
F/2015/5258	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	762,82
F/2015/5259	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	87,14
F/2015/5260	05/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	896,83
F/2015/5262	06/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	187,07
F/2015/5266	09/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	663,81
F/2015/5267	09/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	212,61
F/2015/5268	09/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	528,61
F/2015/5269	09/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	372,70
F/2015/5284	10/12/2015	B27195148	ESTURION GALICIA S.L.	36,30
F/2015/5285	10/12/2015	B27195148	ESTURION GALICIA S.L.	701,80
F/2015/5286	10/12/2015	B27195148	ESTURION GALICIA S.L.	30,69
F/2015/5287	10/12/2015	B27195148	ESTURION GALICIA S.L.	145,28
F/2015/5288	10/12/2015	B27195148	ESTURION GALICIA S.L.	64,28
F/2015/5289	10/12/2015	B27195148	ESTURION GALICIA S.L.	55,70
F/2015/5290	10/12/2015	B27195148	ESTURION GALICIA S.L.	249,55
F/2015/5296	11/12/2015	B15118532	COPI FAX, S.L.	330,33
F/2015/5297	11/12/2015	B15118532	COPI FAX, S.L.	114,95
F/2015/5344	15/12/2015	A15474281	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.	3.660,63
F/2015/5363	16/12/2015	B27195148	ESTURION GALICIA S.L.	150,26
F/2015/5367	16/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	330,08
F/2015/5368	16/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	380,52
F/2015/5369	16/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	790,59
F/2015/5370	16/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.689,72
F/2015/5371	16/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.016,79



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

F/2015/5372	16/12/2015	B35074681	LA OPINION DE LA CORUÑA, S.L.	408,98
F/2015/5373	16/12/2015	B35074681	LA OPINION DE LA CORUÑA, S.L.	393,86
F/2015/5405	18/12/2015	B27195148	ESTURION GALICIA S.L.	56,87
F/2015/5433	21/12/2015	B35074681	LA OPINION DE LA CORUÑA, S.L.	432,26
F/2015/5434	22/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	75,47
F/2015/5435	22/12/2015	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	368,30
F/2015/5436	22/12/2015	B15024532	LABORATORIO DE INDUSTRIA Y COMUNICACION, S.L. (GALERIA SARGADELOS)	146,00
F/2015/5518	23/12/2015	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE,S.L.U.	262,93
F/2015/5520	23/12/2015	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE,S.L.U.	107,23
F/2015/5521	23/12/2015	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE,S.L.U.	45,50
F/2015/5523	23/12/2015	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE,S.L.U.	52,34
F/2015/5525	23/12/2015	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE,S.L.U.	89,42
F/2015/5527	23/12/2015	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE,S.L.U.	56,63
F/2015/5637	29/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	133,93
F/2015/5638	29/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	205,96
F/2015/5642	29/12/2015	B70408869	ARTABRA COMUNICACION, S.L.	266,20
F/2015/5643	29/12/2015	B70408869	ARTABRA COMUNICACION, S.L.	532,40
F/2015/5648	30/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	150,00
F/2015/5649	30/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	152,34
F/2015/5650	30/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	305,84
F/2015/5651	30/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	150,00
F/2015/5652	30/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	300,00
F/2015/5655	30/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	204,70
F/2015/5685	23/12/2015	15946908L	GARCIA CORES JOSE ANTONIO (MULTISERVICIOS GABA)	6,05
F/2015/5693	28/12/2015	53300534N	FERREIRO ROMAY JOSE LUIS	155,13
F/2015/5699	28/12/2015	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN (CASA CELIA)	50,00
F/2015/5708	30/12/2015	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN (CASA CELIA)	40,00
F/2016/12	04/01/2016	A78043676	BTG BANDAS TRANSPORTADORAS S.A.	166,91
F/2016/39	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.061,74
F/2016/40	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	988,97
F/2016/41	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	875,83
F/2016/44	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	727,86
F/2016/45	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	806,73
F/2016/48	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	256,40
F/2016/49	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	164,25
F/2016/50	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	661,45
F/2016/51	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	694,19
F/2016/52	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	293,79
F/2016/53	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	714,07
F/2016/54	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	718,36
F/2016/55	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	503,89
F/2016/56	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	298,69
F/2016/57	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	697,14
F/2016/60	08/01/2016	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	338,95
F/2016/64	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	750,70
F/2016/65	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	727,98
F/2016/66	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.115,83
F/2016/68	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	614,39
F/2016/69	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	296,16
F/2016/70	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	577,87
F/2016/71	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	354,18
F/2016/72	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	74,66
F/2016/73	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	627,26
F/2016/74	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.006,38
F/2016/75	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.711,77
F/2016/76	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	739,07
F/2016/77	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	666,03
F/2016/78	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	546,44



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

F/2016/79	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	847,27
F/2016/81	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	5.739,21
F/2016/82	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	359,41
F/2016/83	08/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	72,79
F/2016/86	11/01/2016	B15395742	AUTO-TALLER UVEDOUBLE, S.L.	183,44
F/2016/89	11/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	98,31
F/2016/92	11/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	510,03
F/2016/93	11/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	79,64
F/2016/94	11/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	411,56
F/2016/108	13/01/2016	B15527864	IMPRESA A Y R, S.L.	272,25
F/2016/111	13/01/2016	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE,S.L.U.	83,44
F/2016/112	13/01/2016	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE,S.L.U.	129,25
F/2016/117	14/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	610,51
F/2016/120	15/01/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	674,21
F/2016/121	16/01/2016	A48250351	QUIMICA INDUSTRIAL DISOL S.A.	637,50
F/2016/132	18/01/2016	B15535552	MERCARTABRIA, S.L.U.	56,13
F/2016/157	12/01/2016	32789265M	GONZALEZ MENDEZ MANUEL	50,58
F/2016/158	12/01/2016	32789265M	GONZALEZ MENDEZ MANUEL	32,00
F/2016/162	18/01/2016	B15999857	LUZ CORUÑA, S.L.	121,00
F/2016/167	19/01/2016	B15820111	TALLERES J.M. DE CAMBRE, S.L.	2.300,00
F/2016/168	19/01/2016	B15820111	TALLERES J.M. DE CAMBRE, S.L.	517,57
F/2016/201	19/01/2016	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	89,06
F/2016/202	19/01/2016	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	363,68
F/2016/203	19/01/2016	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	24,22
F/2016/204	19/01/2016	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	39,72
F/2016/205	19/01/2016	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	487,84
F/2016/206	19/01/2016	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	157,30
F/2016/208	19/01/2016	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	45,40
F/2016/209	19/01/2016	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	92,41
F/2016/210	19/01/2016	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	126,77
F/2016/211	19/01/2016	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	76,23
F/2016/212	19/01/2016	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	183,15
F/2016/214	19/01/2016	B70285952	MANU SPORTS CAMBRE S.L.	215,50
F/2016/215	19/01/2016	B70285952	MANU SPORTS CAMBRE S.L.	319,00
F/2016/250	25/01/2016	78797585E	PRADO LOPEZ EVA MARIA	45,05
F/2016/258	26/01/2016	A28017895	EL CORTE INGLES S.A.	330,00
F/2016/259	26/01/2016	B54420807	PORTA-SIGNAL, S.L.	1.667,38
F/2016/282	27/01/2016	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.	302,50
F/2016/283	27/01/2016	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.	242,00
F/2016/298	28/01/2016	B70416540	JUAN CARLOS RODRIGUEZ ALVAREZ, S.L.	1.308,01
F/2016/302	28/01/2016	A15053838	TALLERES HERCULES DE MAQUINARIA, S.A.	502,30
F/2016/362	03/02/2016	B15999857	LUZ CORUÑA, S.L.	308,55
F/2016/405	04/02/2016	B15999857	LUZ CORUÑA, S.L.	459,80
F/2016/450	05/02/2016	B70055504	MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCION, S.L.	56,50
F/2016/452	05/02/2016	A70290358	EDAR BENS, S.A.	77.217,14
F/2016/492	10/02/2016	B70195722	MALASOMBRA PRODUCTIONS, S.L.	2.499,99
F/2016/524	16/02/2016	B70019294	SERVIPLUSTOTAL, S.L.U.	1.159,82
F/2016/527	16/02/2016	A86458643	SIRESA CAMPUS,S.A.	2.034,70
F/2016/529	16/02/2016	B15397078	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	127,05
F/2016/531	17/02/2016	B15359383	AUGASERVI, S.L.	111,85
F/2016/534	17/02/2016	A70290358	EDAR BENS, S.A.	2.891,44
F/2016/535	17/02/2016	A70290358	EDAR BENS, S.A.	1.042,08
F/2016/536	17/02/2016	A70290358	EDAR BENS, S.A.	89.231,60
F/2016/548	26/01/2016	B70176631	MULTIPRECIOS GALICIA, S.L.	150,00
F/2016/733	04/03/2016	B15378078	COMERCIAL MALASA, S.L.U.	2.541,00
F/2016/888	02/03/2016	32817961C	LIMIA BLANCO ANA CRISTINA	14,44
F/2016/889	02/03/2016	32276780Y	FREIRE MALLO, ALBERTO	82,65
F/2016/891	02/03/2016	32365854R	CASTRO RODRIGUEZ MARIA DEL CARMEN	13,60

F/2016/904	14/03/2016	B15704109	XALO OBRAS E SERVICIOS, S.L.	88,73
				<b>286.734,18</b> euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente."

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 23 de marzo de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, o concelleiro de ACdC-SON, o concelleiro do BNG, a concelleira de C's, integrante do GM e o concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que se trata de facturas sen reparos, son facturas de traballos que se fixeron no ano 2015 e as facturas presentáronse no ano 2016, co cal hai que trasladalas ao pleno polo tema do ano orzamentario, non hai ningún reparo.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que o seu grupo confirmou dentro da proposta que efectivamente se trata de facturas por servizos prestados no ano 2015 e que a maior parte delas se presentaron no exercicio 2016, pero di que polo menos as catorce primeiras facturas presentáronse no ano 2015. Hai outras do 2015 pero que pertencen ao mes de decembro, polo que entende que é posible que non dera tempo a tramitalas, debido ao procedemento de aprobación, polo que tiveron que ser imputadas ao ano 2016, pero pregunta se poden aclarar, cando menos, nos catorce primeiros casos por que non puideron ser imputadas ao exercicio 2015. Teñen esa dúbida.

Quere facer referencia tamén a outras dúas facturas. En concreto sería a de Luz Coruña, S.L., por traslado de tarimas de nave obras a pavillón Sofía Toro e regreso para concerto de corais Santa Icíá do 27 ao 30 de 2011, cun importe de 459 euros, e respecto da cal o seu grupo xa manifestara que era unha falta de previsión facer ese concerto no pavillón cando se podía ter feito ao aire libre. E a outra factura que lle parece bastante elevada, simplemente para deixar constancia, que sería a de honorarios actuación compañía Malasombra, co espectáculo D.E.P., cun importe de 2.499 euros, o cal lle parece excesivo, tendo en conta que se tratou dunha única actuación. Nese sentido, se lle aclaran as primeiras catorce facturas, logo poderán emitir o seu voto.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor municipal, manifesta que o procedemento das facturas, como xa explicou noutras ocasións, é o seguinte: no seu departamento recíbense as facturas, se envían aos departamentos para que se conformen, e cando se conforman é cando se presentan á aprobación. Esas catorce facturas presentáronse ao longo do ano 2015, pero conformáronse no ano 2016, polo que no momento no que as recibiron no departamento de Intervención. non puideron imputalas ao orzamento de 2015, dado que xa estaba pechado. Evidentemente, foi por comprobacións, nalgunhas os técnicos tomaron o seu tempo en comprobalas, pero como o departamento de Intervención as recibiu no ano 2016, non pode imputalas ao ano 2015. É o procedemento habitual e ás veces, como coñecen, tárdase en comprobar e verificar o servizo, ver se o servizo se realizou, etc. Conclúe dicindo que se intenta axilizar, pero sempre se escapa algunha, evidentemente.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe manifesta que agradece a aclaración e di que o grupo municipal Popular mantén o voto das comisións e vaise abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que loxicamente hai que darlle para adiante a este asunto, pero di que hai determinadas cuestións que lle chaman a atención. Son cuestións que é certo que son menores, pero son un tema recorrente para el, porque, por exemplo, para publicar determinados anuncios en prensa, por obriga institucional do concello, nalgún caso faise o aboamento directamente ao periódico, neste caso a Editorial A Capital, que é a sociedade baixo a cal se publica 'El Ideal Gallego', mentres que para publicar en 'La Voz de Galicia' teñen que recorrer a unha especie de asesoría interna externa, unha empresa de comunicación. El cre que é un gasto que se pode suprimir, no sentido de facelo

directamente, neste caso coa empresa editora, co grupo Voz. Da mesma maneira que na anterior intervención defendía unha presenza e unha xestión directa e pública dos recursos do concello, neste caso, ve que quizais se está a facer uso dun intermediario que pode ser innecesario. Con todo, o voto do seu grupo vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o voto do seu grupo vai ser favorable.

Toma a palabra o señor alcalde e dille ao señor Carballada que parece ser, está por confirmar aínda, que o que se fai coa empresa de comunicación é porque ten un convenio directamente con ese xornal e sae máis barato a través da empresa de comunicación que directamente co xornal, de todos os xeitos vaise comprobar e, lóxicamente, se é máis caro o cambiarán.

Don Daniel Carballada Rodríguez pídelles que se explore tamén a posibilidade de que directamente o concello teña un convenio con 'La Voz de Galicia', neste caso, e o que di coa Voz, con 'La Opinión' ou con 'El Ideal Gallego'.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito. Abstéñense os seis concelleiros do PP e os dous concelleiros de ACdC-SON.

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2.7. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 5/2016**

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de marzo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

"Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 198.945,78 euros, e o informe de reparos emitido con data 18 de marzo de 2016 pola intervención municipal.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a "expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio".

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración, ou ben por non existir a conformidade dos servizos técnicos a 31 de decembro no suposto das facturas que tiveron entrada nos derradeiros días do ano.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: "Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...").

Por tanto, atopámonos con gastos realizados que se teñen que pagar e, co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita o aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicárianse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, **PROPONSE** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente número 5/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 198.945,78 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA FACTURA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACIÓN SOCIAL	IIMPORTE
F/2015/5157	01/12/2015	B96923198	GESTION CUATROCIENTOS S.L.	1.663,75
F/2015/5519	23/12/2015	A15030414	SANAL, CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A.	1.614,75
F/2015/5639	29/12/2015	B70408869	ARTABRA COMUNICACION, S.L.	2.359,5
F/2015/5640	29/12/2015	B70408869	ARTABRA COMUNICACION, S.L.	2.359,5
F/2016/245	21/01/2016	B15359383	AUGASERVI, S.L.	108.711,91
F/2016/256	25/01/2016	B15565864	EMPREGO SOCIAL, S.L.	712,86
F/2016/532	17/02/2016	B15359383	AUGASERVI, S.L.	81.523,51
				<b>198.945,78 €</b>

**Segundo:** Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente."

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 23 de marzo de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, o concelleiro de ACdC-SON, o concelleiro do BNG, a concelleira de C's, integrante do GM e o concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que así como as anteriores facturas eran facturas que pasaban dun ano a outro e non había ningún outro problema, neste caso si hai reparos. Son seis facturas e os reparos non son para todas iguais. Hai unha parte dos reparos debidos a que se trata de servizos que se están a prestar sen contrato, un defecto procedimental que neste concello se segue a manter e que hai que solucionar. Estes son servizos que se prestan, polo que hai que pagalos, pero evidentemente Intervención non pode avalialos sen facer reparos.

Por outra banda, hai outras dúas facturas que son pola prestación do servizo de gabinete de prensa de outubro e novembro de 2015, por causa dunha resolución interna respecto da cantidade que se podía aprobar con bonos de caixa. Explicouse anteriormente xa ao Partido Popular, que fixo a pregunta, que isto veu dado porque se estaba a contratar o servizo, pero mentres non se contrataba houbo que resolver o problema desta forma.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que, como explica o señor González Leirós, efectivamente trátase de facturas con dous tipos de reparos; un, con efectos suspensivos, e dúas facturas con efectos non suspensivos. Dende ese punto de vista o grupo municipal Popular non pode dar o seu voto a prol deste recoñecemento extraxudicial de crédito, pero tampouco pode impedir que os provedores cobren as súas facturas, polo tanto, mantén o voto das comisións, que é abstención.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que neste montante total de facturas están a falar case de 200.000 euros e, como non pode ser doutro xeito, ten que volver a traer a conto o tema dos servizos que se están a prestar no concello sen contrato, concretamente o servizo estrela, que é o tema da auga.

Nas pasadas comisións informativas, a semana pasada, lembrou aos membros do goberno que o anterior voceiro do partido socialista, o señor Rey, comprometérase a informar aos membros da oposición, está falando do mes de outubro de 2015, a través dunha xunta de voceiros ou dalgún tipo de reunión, sobre cal era a situación da concesión, co fin de analizar as posibilidades de cara ao futuro en relación co grave tema da auga en Cambre.

Continúa a dicir que, como era de imaxinar, nin xunta de voceiros nin información, nin o máis leve asomo de que se vaia solucionar o tema da auga en Cambre. Si é certo, en honor á verdade, que o alcalde informou nas comisións informativas dalgúns aspectos relativos a este tema. Unha das cousas das que se informou é que a día de hoxe, e respecto daquela data, non hai ningún avance na contratación da auga e no inicio do expediente.

Tamén informou o Sr. alcalde que actualmente o Concello de Cambre está á espera da resposta de Emalcsa, así como á espera da posta en funcionamento das mesas de traballo da área metropolitana da Coruña. Pero hai que dicir tamén, que nesas mesas de traballo, evidentemente, non se vai falar da auga en Cambre, senón que esas mesas terán como cometido analizar os principais retos da comarca, que non é a auga en Cambre, é a auga en xeral, o urbanismo, as infraestruturas, o transporte, os residuos. Entón, do contrato en precario do Concello de Cambre, nesas mesas pouco se vai poder sacar en limpo.

Continúa a dicir que nesas comisións informativas tamén lle preguntou ao señor alcalde, como xa fixera en outubro de 2015, polos estudos que se fixeran ou se ían facer ou estaban programados de cara a estudar a posible municipalización da auga en Cambre. Respecto desa pregunta que presentou nas comisións informativas, di que a resposta do señor alcalde foi inquietante cando menos, porque polo visto, o señor alcalde de Cambre, señor García Patiño, falou co alcalde de Arteixo, e este desaconselloulle que estudaran a municipalización, xa que Cambre tiña a posibilidade de que Emalcsa lle abriera as portas.

É dicir, que para que van facer un informe técnico, serio, rigoroso, que diga que pasos dar, ou se efectivamente convén municipalizar a auga en Cambre ou non, para que van facer iso se teñen un asesor que así, a golpe de conversa, lles desaconsella municipalizar a auga en Cambre, fai así un informe en menos do que canta un galo. Como se de súpeto, así do día para a noite, que é como se adoitan facer estas cousas, Emalcsa se fora converter en empresa pública metropolitana e permitirlles entrar no seu accionariado. Seguramente Emalcsa lles vai deixar moito tempo para elaborar un informe sobre se a Cambre lle convén ou non a proposta que lle faga, posibilidade nova de solucionar o tema da auga en Cambre, ou ben ver a posibilidade de se a municipalización, por exemplo, pode ser outra opción. En definitiva, que nin se contrata nin se municipaliza nin se estuda o caso. Asesorárase a golpe de conversación.

Continúa dicindo que a quen lle convenza esa maneira de xestionar un servizo sen contrato que a compre. O seu grupo, evidentemente, con este tipo de reparos reiterativos non o vai facer. Xa o dixo no mes de outubro, este goberno non é responsable, nin de lonxe, desta situación, pero si empeza a ser responsable dende o momento en que esta corporación, todos eles, toman o asento no que están. É responsable dende o momento en que no mes de outubro se compromete, cando menos, a facer un estudo, unha análise e un debuxo, un esquema de que é o que está pasando. Pero a día de hoxe seguen sen sabelo, e ao mellor resulta que efectivamente esa fórmula ou esa entrada en Emalcsa é a mellor opción para Cambre, pero ao mellor non. Se cadra hai que iniciar un expediente de contratación, ou ao mellor non. En todo caso, esa incerteza co tema da auga, despois de tantísimos anos, e o feito de que de outubro ata agora non se dera nin un só paso en firme, volve a dicilo, non é unha xestión correcta dende o seu punto de vista. Díxoo en outubro, séguelo a dicir agora, nesta situación seguirán votando en contra.

Conclúe dicindo que no próximo recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores que presente reparos de Intervención, se ven que hai movementos, que non teñen porque dar resultado, pero que polo menos demostren unha intencionalidade certa e clara de solucionar o tema, o apoiarán.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que, aproveitando un pouco a intervención da súa compañeira dona M<sup>a</sup> Olga Santos, se é factible neste debate botar algo de luz, algunha explicación sobre como está o tema da auga da maneira máis recente, agradecerá a información.

Di que o voto do seu grupo será a abstención. Se por ventura tiveran que votar eses recoñecementos de obrigas en puntos distintos da orde do día, posiblemente, aínda que pareza contradictorio, o voto do seu grupo sería





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

favorable aos informes suspensivos, porque entenden que está máis que fundamentado o seu pagamento, e, pola contra, sería contrario ás facturas de vales pedido, iso en coherencia co que manifestou no seu momento no pleno. En tal caso, como non é ese o caso, senón que se presenta todo conxuntamente, como así ten que ser, o voto do seu grupo vai ser abstención, co fin de facilitar que este recoñecemento de obrigas se execute canto máis antes mellor.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo quere que, dunha vez por todas, o concello se tome en serio a actualización dos contratos, porque o concello non pode ter relacións económicas cando non hai un soporte detrás, un contrato. Cre que o que o concello está a facer con Augaservi é inxusto. A propiedade quere deixalo, quere que o concello, unha de dúas, ou ben lle liquide ou ben lle renove o contrato, para así poder vender a empresa, que é o que realmente quere. Unha vez que isto se solucione, o concello que decida se fai un concurso público, se o municipaliza, ou o que sexa conveniente, pero hai que buscar unha solución.

Conclúe dicindo que o seu grupo vaise abster, porque con estes reparos considera que é o que debe facer.

Toma a palabra o señor alcalde para dicirlle á voceira de Asemblea Cidadá que ela dá por feito que na mesa de traballo na Coruña non se vai falar da auga de Cambre, pero dille que se el vai a unha mesa de traballo, vai ir falar de Cambre. Falarán de xeito global do problema que teñen coa auga en toda a área metropolitana, incluída A Coruña, pero loxicamente el defenderá o que pase coa auga de Cambre. Non sabe por que ela xa supón que non se vai falar da auga en Cambre, pero se ela supón que non se vai falar, será que non se falará diso.

Respecto do alcalde de Arteixo, el fixo un comentario nas comisións informativas, porque si que falou co alcalde de Arteixo respecto da municipalización da auga, e ese alcalde o que lle dixo foi que, neste momento, e o repite aquí, neste momento el non municipalizaría o tema da auga, desaconsellou esa opción, pendente do que pase a partir de agora con Emalcsa. A señora concelleira di que non só iso, senón que teñen que dar un paso e gastar os cartos en facer un estudo técnico, que el non sabe se ela o sabe, pero custará moitos cartos. Dille que van agardar un pouco e logo verán se con Emalcsa se pode facer ou non, e será entón cando se fará un estudo técnico serio e rigoroso contando co que vaia pasar con Emalcsa.

A continuación, dille á voceira do GM (C's) que el se toma moi en serio o tema dos contratos, de verdade, non é dicir que se tomen en serio dunha vez. Reitéralle que se toma todos os contratos en serio, de feito xa lles dixo hai un ou dous meses que a súa intención é sacar este ano o setenta por cento deles. Ela sabe perfectamente como este goberno colleu este concello no que se refire aos contratos en precario, e el quere, e por iso está a pelexar, que o setenta por cento dos contratos que están en precario, este ano deixen de estalo.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE. Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON. Abstéñense os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2.8. Proposta de modificación da vixésimo segunda das Bases de execución do orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2016**

Vista a proposta de Alcaldía do día 17 de marzo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, ten como obxectivo servir de instrumento para a mellora da competitividade das empresas axilizando os procedementos de pago aos provedores polas administracións públicas e dando certeza das facturas pendentes de pago existentes, a través das medidas impostas como o establecemento da obriga de presentación nun rexistro administrativo das facturas expedidas, o impulso do uso da factura electrónica no sector público, con carácter obrigatorio para determinados

suxeitos a partir do quince de xaneiro de 2015 ou a creación para cada administración de puntos xerais de entrada de facturas electrónicas para que os provedores poidan presentalas e cheguen electronicamente ao órgano administrativo ao que corresponda a súa tramitación e á oficina contable competente, salvo que se adhiran ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado.

O artigo 4.1 da Lei 25/2013 establece a obriga do uso da factura electrónica e á súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda para as seguintes entidades: a) Sociedades anónimas; b) Sociedades de responsabilidade limitada; c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española; d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria; e) Unións temporais de empresas; f) Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

A Lei 25/2013 habilita ás administracións publicas a excluír regulamentariamente da obriga de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000,00 euros.

Da implantación progresiva deste sistema no concello de Cambre xunto co programa contable SICALWIN resultaron unha serie de incidencias que fan recomendable a regulación de exclusións á obriga.

De conformidade co artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a modificación inicial da Vixésimo Segunda das Bases de execución do orzamento prorrogado para o exercicio 2016, quedando redactada segundo se transcribe a continuación:

#### **“BASE VIXÉSIMO SEGUNDA: RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS**

O recoñecemento e liquidación de obrigas de gasto corresponderalle ao alcalde, e na súa virtude se declara a esixibilidade dun crédito contra o Concello de Cambre dun gasto debidamente autorizado e comprometido.

Terán a consideración de documentos xustificativos da obriga a liquidar, as nóminas, as ordes de servizo para as dietas/axudas de custo e gastos de viaxe e, nos casos de obras, prestación de servizos e realización de subministracións, a factura, que deberá cumprir as prescricións previstas no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula as obrigas de facturación, entre outras:

- a) número e, se é o caso, serie.
- b) nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal e domicilio do expendedor.
- c) destinatario, é dicir:  
Concello de Cambre  
CIF P-1501700-G  
Rúa Atrio, núm. 1  
15660 Cambre (A Coruña)
- d) servizo municipal, concellaría ou área á que fose destinada a prestación.
- e) descrición da operación e a súa contraprestación total.
- f) lugar e data da súa emisión.
- g) entidade bancaria e número de conta a onde transferir o seu importe, se é o caso.
- h) En caso de exención do IVE, referencia expresa ao artigo e apartado no que trae causa dita exención.

Deberán emitir a factura en formato electrónico, de forma obrigatoria, en virtude do artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público:

- a) Sociedades anónimas;
- b) Sociedades de responsabilidade limitada;
- c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española;

- d) establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria;
- e) Unións temporais de empresas;
- f) Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensiós, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

O acceso a esta Plataforma e á información sobre a mesma realizarase a través da seguinte URL: <https://face.gob.es>

En aplicación da habilitación contida no artigo 4.1 *in fine* da Lei 25/2013, de 27 de decembro, exclúese da obriga de facturación electrónica:

- a) cando o provedor non estea dado de alta na Plataforma, aceptarase a emisión da primeira factura emitida a este concello en formato papel, sempre e cando o seu importe sexa de ata 5.000,00 euros.
- b) as facturas emitidas por conceptos non orzamentarios cando o seu importe sexa de ata 5.000,00 euros.
- c) as facturas que se presenten como xustificación polo perceptor, do emprego dos fondos percibidos a través de pagamento que se ha de xustificar, cuxo importe sexa de ata 5.000,00 euros.
- d) as facturas de ata 350,00 euros, pagadas en efectivo a través de "vales de caixa", e/ou tramitadas a través de anticipo de caixa fixa.

As facturas deberán contar coa sinatura do alcalde ou, en caso de delegación, do concelleiro delegado da área correspondente que tivese autorizado ou disposto o gasto realizado, e que acredite a recepción de conformidade

Cando o importe da prestación ou servizo que se facture supere os tres mil euros a área terá que solicitar, ademais, a sinatura do técnico municipal ou persoal competente acreditando a correcta execución, e no caso de importe da factura superior a cinco mil euros, o seu informe.

O documento xustificativo do gasto na realización dunha obra cuxo orzamento de execución sexa superior a cincuenta mil euros (50.000,00 euros) será a certificación da obra expedida polo técnico correspondente, acompañada da relación valorada e factura, que contará co visto e prace do alcalde ou concelleiro delegado da área competente, e a conformidade do técnico municipal responsable. As certificacións de obra expediranse por un importe non inferior a seis mil euros (6.000,00 euros), salvo a última. Tales certificacións, ademais de comprobación do investimento, deberán verificar que a obra, se efectuou segundo as condicións técnicas que serviron de base para a adxudicación.

Entenderase por práctica administrativa contable que, dentro das consignacións do orzamento vixente, poden recoñecerse obrigas polo importe de recibos ou facturas de subministración e servizos da fin do ano anterior que habitualmente se presentan a finais do exercicio ou principios do seguinte."

Segundo: Expoñer ao público por un período de quince días hábiles previo anuncio inserto no *Boletín oficial da provincia*. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións."

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 23 de marzo de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, o concelleiro de ACdC-Son, o concelleiro do BNG, a concelleira de C's, integrante do GM e o concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que coas facturas de menos de 5.000 euros había uns problemas para que os provedores se adaptaran ás novas disposicións das facturas informatizadas. Déronse conta de que había ese problema e o que intentan é rectificalo, dándolle máis tempo a esa xente para proceder, e permitíndolles que presenten as facturas en papel durante un tempo, para a súa habilitación.

En concreto, trátase de cando o provedor non estea dado de alta na plataforma, neste caso aceptárase a emisión da primeira factura emitida a este concello en formato papel, sempre e cando o seu importe sexa inferior a 5.000 euros; as facturas emitidas por conceptos non orzamentarios cando o seu importe sexa inferior a 5.000 euros; as

facturas que se presenten como xustificación polo perceptor de emprego de fondos percibidos a través de pagamentos, que se ha de xustificar que o seu importe sexa ata 5.000 euros, e as facturas de 350 euros pagadas en efectivo a través de vales de caixa ou tramitadas a través de anticipos de caixa. Di que só un comentario como exemplo, houbo unha persoa do concello que puxo dous euros para pagar a autoestrada e volveuse louco para poder cobralos, porque non podía entrar neste tema. Conclúe dicindo que esa é unha caricatura do proceso, e por iso se presenta para a súa modificación.

Concedida a palabra a don Juan M<sup>a</sup> Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo se basea na proposta que se presenta ao pleno, na que xa se fala, como acaba de dicir o concelleiro Juan González Leirós, da implantación progresiva deste sistema. Houbo unha serie de problemas que se puxeron de manifesto e que fan recomendable precisamente a regulación das exclusións da obriga xeral. Sobre esa proposta o interventor municipal conclúe que é posible incluír esa regulación tal e como di a propia lei, e emite un informe favorable á citada proposta.

Entenden, dende o grupo municipal Popular, que precisamente con esta proposta se pode favorecer ao pequeno comercio, e incluso aos pequenos prestadores de bens e servizos ao concello, así pois, baseándose neses problemas que se di dende o equipo de goberno que se puxeron de manifesto, así como no informe do interventor, o voto do seu grupo vai ser favorable á modificación.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **2.9. Aprobación, se procede, da convocatoria de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2016**

Vista a proposta de Alcaldía do día 17 de marzo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Visto o informe da coordinadora de servizos sociais con data 4 de marzo de 2016 sobre a xustificación da necesidade de aprobación, por quinto ano consecutivo, dunhas bases para persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

Vistas as bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2016.

Ao medio do presente, formulo ao Pleno a seguinte proposta de acordos a adoptar:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2016, así como a súa convocatoria.

Segundo: Autorizar un gasto por importe de *dez mil euros* (10.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2016 231 22300.

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, así como na páxina web, paneis informativos e demais medios de comunicación co obxecto de darlle a maior difusión e publicidade á axuda.

Cuarto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente, e pola Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude, de data 23 de marzo de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, o concelleiro de ACdC-SON, o concelleiro do BNG, a concelleira de C's, integrante do GM e o concelleiro non adscrito.

Vista a emenda presentada polo Grupo Municipal Popular ao ditame emitido polas comisións informativas, rexistrada de entrada ao núm. 0/2516 o día 29 de marzo de 2016, en cuxa parte dispositiva se propón a incorporación á base primeira dun terceiro parágrafo, de forma que a base primeira quede redactada do seguinte teor literal:

“PRIMEIRA – OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente disposición ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións destinadas a proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñen dificultades para utilizar o transporte público colectivo.

Concrétase na concesión dunha axuda económica individual que, en forma de bonos, permita ás persoas beneficiarias a utilización do servizo de taxi para os seus desprazamentos.

Haberá que empregar o eurotaxi existente no municipio de Cambre preferentemente, e poderase recorrer aos eurotaxis máis próximos e aos propios taxis de Cambre sempre que non exista dispoñibilidade.”

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, expón que o seu grupo presenta unha emenda ante a supresión, no artigo primeiro do terceiro parágrafo, da previsión que se establecía de dar e outorgar preferencia ao eurotaxi de Cambre.

O seu grupo pensa que o eurotaxi de Cambre está a prestar actualmente un servizo básico, un servizo que é necesario e obrigatorio, polo que entenden que o terán que promocionar dalgunha maneira, xa que a tendencia deste tipo de coches é á baixa, se estudan o que pasa noutros concellos, verán que é á baixa.

Son vehículos que teñen un custo moi elevado, por ser máis grandes e por ter unha serie de características que obriga a adaptalos. O seu mantemento en gasolina é moito máis alto. Os seguros son moito máis altos. As inspeccións técnicas son moitísimo máis estritas, porque teñen que incluír a supervisión doutros elementos. Coa proposta presentada polo Goberno e a exclusión nese artigo da referencia ao eurotaxi, non se lle está dando prioridade ao taxi adaptado.

Conclúe dicindo que o Partido Popular simplemente pide que o artigo quede moi parecido a como estaba antes, que poñía que: *“haberá que empregar o euro taxi existente no municipio de Cambre preferentemente e pódese recorrer aos eurotaxis máis próximos e aos propios taxis de Cambre sempre que non exista dispoñibilidade do eurotaxi”*. Pide que o tomen en consideración e volvan incluír ese punto, que lles parece que é importante.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, expón que postos en contacto cos técnicos municipais do departamento de Servizos Sociais, fixéronlles ver que había certo malestar entre a agrupación de taxistas de Cambre por ter que recorrer sistematicamente como preferente a un tipo de desprazamento determinado nun taxi adaptado para estas persoas. É verdade que a xente que ten unha minusvalía, que ten unha dificultade para a deambulacón, non sempre precisa deste tipo de taxis, de feito moita xente que hoxe en día se ve nunha cadeira de rodas, teñen independencia para gardar a súa cadeira e meterse eles mesmos no coche. El cre que non se pode coartar a liberdade de cada un para chamar, se considera que se pode utilizar outro tipo de transporte, non ve por que non vai chamar a outro taxista, aínda que non teña un coche adaptado, se o usuario considera que lle pode prestar o servizo.

Isto é o que falou cos técnicos do concello e dixéronlle que a xente o estaba solicitando desta maneira. Ben é verdade que recoñece que estes vehículos teñen un mantemento, un custo moito máis elevado, e habería que buscar, entre todos, unha forma de poder subvencionalo dalgunha maneira, de feito cre que xa houbo contactos coa persoa en cuestión para ver se poden subvencionar ben o carburante, ou buscar unha forma coa que se lle poida axudar dalgunha maneira.

Conclúe dicindo que tamén é triste que veñan taxis doutro concello, cando os taxis de aquí, que poderían facer o servizo, están parados. É unha fórmula tamén de axudar ao emprego local e cre que os vehículos cada vez máis teñen maiores medios, son monovolumes moitos deles, e poden desprazar a esta xente.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel simplemente quere comentar que loxicamente hai persoas que teñen que utilizar un eurotaxi que tamén poden utilizar un taxi normal, pero a proposta non é excluín-te, en caso de que estea ocupado, porque é un só taxi para todo Cambre, non é excluín-te, poden utilizar calquera outro taxi de Cambre.

Pensa que hai que preservar este tipo de vehículos. Agora mesmo en Cambre habería que incentivar algún tipo de convenio para as persoas que teñen un taxi adaptado, incluso para que outros taxistas de Cambre teñan as ganas e a oportunidade de ter tamén outro taxi adaptado. Fala de que haxa un convenio, unha axuda, unha prioridade, porque non é excluín-te o que ela propón. Pensa que hai que darlle prioridade ao eurotaxi, porque senón esa persoa pode ter que renovar o vehículo e non poñer un eurotaxi. Cambre, a día de hoxe, polo número de habitantes aínda non estaba obrigado a ter un eurotaxi, pero esa persoa fixo un esforzo importante e cre que hai que preservalo.

Esa é a súa opinión, e cre que se ten que preservar, porque é un servizo que está dirixido a un grupo de persoas de mobilidade reducida, e como non haxa un eurotaxi en Cambre, volverase outra vez á precariedade que tiñan, que para poder moverse tiñan que chamar un taxi á Coruña, e tiña que vir buscalos aquí, cun custo moi superior. Por iso cre que preservar isto, sen excluír a ninguén máis, porque non se exclúe a ninguén máis, é interesante, e haberá que incentivalo asinando un convenio en condicións, para poder prestarlle algún tipo de axuda e que outros taxis de Cambre, no momento que teñan que renovar o automóbil, poidan optar tamén por ter un eurotaxi.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que respecto da emenda cre, no sentido do que falaba don Juan Evaristo Rodríguez, que o feito de que se inclúa o termo “preferentemente” automaticamente exclúe calquera tipo de obriga, é dicir, o seu grupo vai apoiar esta modificación, porque entende que o que vai facer, en todo caso, é mellorar o bono-taxi en Cambre, e efectivamente non vai supoñer ningún tipo de prexuízo no caso de que se utilize calquera outro.

Toma a palabra o señor alcalde para dicir que precisamente pensaba propoñer retirar da emenda a parte onde di “e poderase recorrer aos eurotaxis máis próximos e aos propios taxis de Cambre”. Se realmente se poden utilizar os taxis de Cambre, estaría de acordo en poñer preferentemente ao eurotaxi de Cambre e despois aos taxistas de Cambre, para así non excluír.

É dicir, o que propón é retirar da emenda “e poderase recorrer aos euro taxis máis próximos”, porque se hai taxistas en Cambre e se pode facer uso dos taxistas de Cambre, cre que é lóxico retirar esa pequena parte da frase.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel expón que se unha persoa chama ao eurotaxi de Cambre, unha persoa cunha discapacidade en cadeira de rodas, que ten que utilizar un eurotaxi si ou si, que non pode utilizar calquera outro taxi normal, se o eurotaxi de Cambre está ocupado, pregunta se non podería chamar a outro euro taxi doutra zona. Di que non o entende.

O señor alcalde contéstalle que se alguén ten que utilizar un eurotaxi, ten que utilizar un eurotaxi si ou si, non hai

outra fórmula. O que el dixo está orientado á xente que non ten porqué, si ou si, utilizar un eurotaxi. Aquel que non ten porqué utilizar un eurotaxi, preferentemente que utilice o eurotaxi e senón que utilice os taxis de Cambre. Iso é o que el dixo. Se unha persoa ten que utilizar un eurotaxi si ou si, terá que ser o de Cambre ou outro, pero non lle quedará máis remedio. Por iso propuxo que se quite esa pequena parte da frase *“e poderase recorrer aos euro taxis máis próximos”*, quitando isto votarán tamén a prol, que cre que é lóxico.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que como se sobreentende que unha persoa que teña necesidade e está o taxi ocupado vai chamalo, non importa que estea nas bases, di que se pode quitar.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que para deixalo claro o que propón o señor alcalde é suprimir *“aos eurotaxis máis próximos e a”*, co cal quedaría *“e poderase recorrer aos propios taxis de Cambre sempre que non exista dispoñibilidade”*.

O señor alcalde contéstalle que quedaría preferentemente o euro taxi de Cambre e os taxis de Cambre.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo fundamentan o seu apoio a esta moción nunha experiencia positiva tan herdada do mandato anterior e quere dicir de xeito moi claro, alguén famoso dixo unha vez que estar en política o que tes que facer é rematar o día con máis amigos que inimigos, é dicir, como unha norma bastante básica que todos poden entender. El ten a percepción de que dende o BNG fan amigos moitos días e entón hoxe apetécelle facer algún que outro inimigo, e di isto porque segundo o seu modo de ver aquí hai unha actitude por parte da corporación, e o di con total e absoluta cordialidade, excesivamente protagonista, excesivamente proteccionista cos taxistas de Cambre e, entre veciños, cre que está ben dicir as cousas.

Di que os taxistas de Cambre no seu día amosaron, fronte á sensibilidade que había na anterior corporación e equipo de goberno, en fin, certa preguiza a que houbera un eurotaxi, un taxi adaptado en Cambre, e era unha situación que poderían cualificar non de boicot, pero si desa expresión total que era un paro patronal, que era pensar que se ningún deles o poñía, pois, en fin, pasaría o que pasou toda a vida, é dicir, que o vello non lle quedaría outra que meterse no taxi como boamente puidese e a cadeira de rodas iría como fora. Así funcionaba o tema dos taxis en Cambre.

E vai á raíz da cuestión, é dicir, entende que os taxis son unha competencia municipal, e deben servir non precisamente para favorecer o negocio, a actividade económica, o traballo dunha serie de profesionais do sector, senon para ofrecer á cidadanía un servizo de transporte que permita que este sexa sostible. Se houbera dúascentas licenzas de taxi en Cambre, posiblemente non serían sostibles. Por iso hai un sistema de licenzas.

Continúa a dicir, e gustaríalle en certa maneira que conste na acta, que o seu grupo cre que si se debe facer un esforzo, por supostísimo que si, e coa boca chea, por preservar o eurotaxi que hai en Cambre, e na medida do posible ir, como en certa maneira apuntaba dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, por diante da lei, sempre un paso por diante nesta materia, unha materia que non deixa de ter un compoñente moi social, e procurar que haxa máis eurotaxis en Cambre.

Agora hai unha envexa e unha enquina contra quen fixo un investimento sen ter claro, en absoluto, se podía ser medianamente rendible como para ir tirando economicamente, e aos concelleiros, ás veces tamén lles corresponde, e é o sentido da súa intervención, dicirlle á sociedade civil, como fan moitas veces cando hai unha festa e hai que pedir unha serie de cuestións legais, dicirlle aos taxistas, que non deixan de ser na súa inmensa maioría veciños deles, que ás veces se equivocan.

Di que nese cometido este goberno terá sempre o apoio do Bloque Nacionalista Galego. Entende que se debe primar, dentro da legalidade, axudar á persoa que fixo ese investimento para preservar a atención á xente, e que

a actitude dos taxistas ben debera ser incrementar o número de eurotaxis e non coaccionar dunha ou doutra maneira para ver se logran que se lles chame a eles antes que a outros eurotaxis.

Conclúe dicindo que o manifesta con esta clareza e con esta rotundidade. O seu grupo está a prol tanto da emenda como da remenda que propuxo o señor alcalde. Está total e absolutamente de acordo co obxecto desta proposta.

Sometida a votación ordinaria a emenda presentada polo PP, coa modificación proposta polo señor alcalde, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a emenda ao ditame emitido polas comisións informativas do 23 de marzo de 2016, quedando redactada a base primeira das que rexen a convocatoria do seguinte teor literal:

#### “PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente disposición ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións destinadas a proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñen dificultades para utilizar o transporte público colectivo.

Concrétase na concesión dunha axuda económica individual que, en forma de bonos, permita ás persoas beneficiarias a utilización do servizo de taxi para os seus desprazamentos.

Haberá que empregar o eurotaxi existente no municipio de Cambre preferentemente, e recorrer aos propios taxis de Cambre sempre que non exista dispoñibilidade.”

A continuación, o señor alcalde manifesta que se vai votar o asunto da aprobación, se procede, da convocatoria de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2016, coa emenda á base primeira incluída.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que o seu grupo está totalmente de acordo coas bases do bono-taxi, incluíndo a emenda efectuada.

Quere felicitar ao Goberno por decidir continuar con este programa, programa que se creou no ano 2012 e polo que, ano tras ano, ela recibiu as críticas dos que agora están gobernando, en todo caso, é mellor que agora ela poida felicitalos. Alégrase de que poidan seguir con este programa, que favorece a un colectivo de persoas que teñen uns problemas de mobilidade importantes e que busca que poidan desenvolver a súa vida persoal, laboral ou de ocio nas mesmas condicións que outro tipo de persoas.

O señor alcalde dálle as grazas e dille que as críticas viñan polo tema do servizo do 065, que naquel momento non prestaba o servizo como tiña que prestalo. Neste momento que Cambre ten un taxi adaptado, o normal é facer uso dese taxi, polo tanto, agrádecelle o voto a prol.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel lémbrale que non era soamente polo 065, que tamén, pero era porque lle dicían que non se podía gastar os cartos dos veciños de Cambre. Agora si que se poden gastar. Reitera a felicitación e desexa que continúen con este programa.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que simplemente quere facer unha pregunta que xa fixo nas comisións informativas, porque non lle quedaba claro se cando na base terceira, no punto primeiro, se fala do IPREM como índice de medición para os ingresos, se ese cálculo se facía con doce ou catorce pagas.





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Concedida a palabra ao interventor municipal, explica que se intentará utilizar o criterio máis favorable para o solicitante. Neste caso, se o dividen entre catorce sempre vai ser máis favorable que en doce, así poderá acceder maior número de xente. Como se comentou nas comisións non hai un criterio establecido, ningunha norma que o estableza, estivo a buscar un pouco e non atopou ningunha norma, por iso o que comentaba, sempre se intentará que se unha persoa obxectivamente cumpre coas bases, non se lle vai a denegar o acceso ao bono-taxi. A interpretación será favorable, neste caso, ao usuario do servizo.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que, nese caso, o seu grupo súmase á felicitación e apoia esta proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, coa inclusión da emenda aprobada relativa ao parágrafo terceiro da base primeira da convocatoria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a proposta tal e como se transcribe a continuación:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2016, tal e como se transcriben a continuación, así como a súa convocatoria.

## **BASES DA CONVOCATORIA DE BONOTAXI PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA PARA O EXERCICIO DO 2016**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A presente convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento para a concesión de axudas económicas individuais para proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñen dificultades para utilizar o transporte público colectivo, axudando a conquistar unha maior integración.

O Concello de Cambre vén concedendo estas axudas económicas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, polo que, en aplicación do establecido no artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro respecto de que non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, considera necesario continuar coa concesión de subvencións para a utilización de taxis accesibles para persoas con mobilidade reducida, polo que aproba as presentes bases que regulan o sistema de adxudicación dos bonotaxis, así como a súa contía.

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A presente disposición ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións destinadas a proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñen dificultades para utilizar o transporte público colectivo.

Concrétase na concesión dunha axuda económica individual que, en forma de bonos, permita ás persoas beneficiarias a utilización do servizo de taxi para os seus desprazamentos.

Haberá que empregar o eurotaxi existente no municipio de Cambre preferentemente, e recorrer aos propios taxis de Cambre sempre que non exista dispoñibilidade.

### **SEGUNDA.- FINANCIAMENTO**

Para a concesión destas axudas existe crédito no actual orzamento municipal prorrogado, na aplicación orzamentaria "2016 231 223 Programa transporte adaptado" por importe de 10.000,00 euros.

A cantidade máxima a percibir a través dos bonos por beneficiario/a será de 600,00 euros ao ano.

### TERCEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Poderán solicitar a subvención as persoas con discapacidade e mobilidade reducida que reúnan os seguintes requisitos:
  - Estar empadroadado no municipio de Cambre cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da solicitude e permanecer de alta no padrón de habitantes municipal mentres se perciba a axuda.
  - Ser maior de 3 anos.
  - Ter recoñecida a condición legal de discapacitado, en grao igual ou superior ao 33% e mobilidade reducida que impida empregar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial do grao de discapacidade, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), dependente da Xunta de Galicia.
  - Carecer, calquera membro da unidade de convivencia, de vehículo propio adaptado para a súa condución e no caso de telo poderán solicitar esta axuda soamente para aqueles períodos, nos que, por causas sobrevidas debidamente xustificadas, non poidan utilizalo ou calquera outra circunstancia que o impida.
  - Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa seguridade social e coa facenda autonómica e local, e non atoparse inhabilitados para a obtención de subvencións públicas
  - Para os traballadores, non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo deste beneficio, ou non ter dereito a este servizo a través de MUFACE, ISFAS ou outra entidade.
  - Non poderá dispoñer cada membro da unidade de convivencia dunha renda per cápita anual superior ao 200% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), vixente no exercicio do 2016. Excepcionalmente poderá incrementarse o límite de ingresos nun 20% adicional, logo do informe técnico do departamento de servizos sociais.
2. Considérase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio, constando con tal carácter nun rexistro público.
3. Considérase que existe unha unidade de convivencia independente, aínda que vivan no mesmo domicilio, no seguinte suposto:
  - A constituída por persoas, con ou sen fillos, que se atopen en proceso de nulidade, separación ou divorcio legal;
  - cesamento acreditado de relación análoga á conxugal.
4. Para os efectos desta convocatoria, para a determinación da renda anual terase en conta a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, declaradas ou declarables no imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2014 e correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar, e dividido polo número de membros que a integran.

A súa contía calcularase conforme ao resultado da realización da seguinte operación, coas cantidades que figuren nas casillas que se indican, das declaracións do IRPF ou certificado de renda ou prestacións para o exercicio 2014: Casilla 430 + Casilla 445.

Se non constan as referidas casillas, a casilla 430 Base imponible xeral será o resultado das seguintes operacións: (398) - (419) - (420) - (421) - (422) - (423) + (424) - (425) - (426) - (427).

A casilla 445 Base imponible do aforro será o resultado das seguintes operacións: (402) - (432) - (433) - (434) - (435) + (415) - (437) - (438) - (439) - (440).

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2014, por non estar obrigado, teranse en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

### CUARTA.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As axudas serán solicitadas polas persoas beneficiarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade legal.

2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de Cambre, situado na planta baixa da Casa Consistorial, rúa Adro, núm. 1 ou no rexistro auxiliar de entrada, situado nos baixos onde actualmente se atopan as oficinas de Cultura, Educación, Deportes e Servizos Sociais, na rúa Río Barcés núm. 8 da Barcala, en horario de 12:00 a 14:00 horas ou na Casa das Palmeiras no Temple, en horario de 09:00 a 11:00 horas, segundo o formulario oficial de solicitude (Anexo I), acompañada da seguinte documentación:

- 2.1 Fotocopia compulsada do libro de familia. Certificación ou copia compulsada de inscrición de matrimonio, parella de feito, unión non matrimonial ou calquera outro tipo de unidade de convivencia debidamente rexistrada.
- 2.2 Fotocopia compulsada do DNI ou no seu defecto do NIE do solicitante ou do representante legal, de ser o caso. E documentación acreditativa da patria potestade ou representación legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).
- 2.3 Fotocopia compulsada do certificado oficial do grao de discapacidade do solicitante, expedido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), no que conste que ten dificultades para a utilización do transporte público colectivo.
- 2.4 Documentación acreditativa de ser beneficiario, no seu caso, do servizo galego autonómico de apoio á mobilidade 065.
- 2.5 Anexo II de declaración responsable da persoa beneficiaria, na que se faga constar:
  - Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para a obtención de subvencións públicas.
  - Non ser titular de vehículo propio adaptado para a condución, nos termos reflectidos na base terceira da convocatoria.
  - Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro a través de ISFAS, MUFACE,...
  - Que os documentos referidos nos apartados 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4, obran en poder do órgano xestor, por telos presentado para a obtención da axuda económica na convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2015, e que os mesmos non sufriron variacións dende a data de presentación ante o concello.
  - Aceptar as actuacións de comprobación que acorde o equipo técnico dos servizos sociais municipais.
- 2.6 Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables, para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda, segundo Anexo III. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado conlevará a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións que deban emitir a AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia. O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón os certificados de cumprimento de obrigas.
- 2.7 No suposto de que o solicitante ou algún dos membros da unidade de convivencia non estean obrigados a presentar a declaración anual do IRPF, a xustificación de ingresos efectuarase mediante:
  - Certificados ou cartas de actualización das pensións emitidas polo Instituto da Seguridade Social ou outros organismos competentes, indicando a contía mensual que perciban os membros da unidade de convivencia que sexan pensionistas ao longo do exercicio do 2016, de ser o caso.
  - Fotocopia compulsada das 2 últimas nóminas dos membros da unidade de convivencia que estean traballando, de ser o caso.
  - Certificado do INEM, no que se reflicte a contía das percepcións económicas que perciban os membros da unidade de convivencia que se atopan en situación de desemprego, de ser o caso.
  - Certificado acreditativo de desempeñar actividade formativa (incluído cursos de formación), dos maiores de 18 anos, de ser o caso.

Se o solicitante resultou beneficiario da axuda económica na pasada convocatoria, non será preciso que achegue a documentación que se sinala nos apartados 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4, sempre e cando non sufrirá variación ningunha dende a data da súa presentación, en virtude do disposto no artigo 23.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 20.3 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por obrar xa en poder do órgano xestor.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes iníciarase ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP, a través da BDNS, e rematará o 30 de novembro de 2016.

De forma excepcional poderanse admitir solicitudes fóra deste prazo cando conorra algún dos seguintes supostos:

- Recoñecemento da discapacidade que afecte gravemente á mobilidade e impida a utilización do transporte público colectivo en data posterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Calquera outra circunstancia de especial urxencia segundo valoración do equipo técnico de servizos sociais.

O departamento correspondente revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

## SEXTA.- TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

1.- Xunto coa documentación presentada en modelo oficial, en calquera dos rexistros de entrada do Concello de Cambre ou en calquera outro dos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, incorporárase de oficio o volante de empadramento.

2.- Unha vez recabada toda a documentación esixida, o equipo técnico municipal de servizos sociais, emitirá un informe proposta acerca do cumprimento ou non dos requisitos esixidos na base terceira da presente convocatoria.

O procedemento de concesión destas subvencións axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que pola finalidade da axuda non se considera adecuado fixar unha orde de prelación entre as solicitudes.

3.- Con base na proposta formulada, as axudas serán concedidas ou denegadas por resolución da Alcaldía ou concellería delegada, no seu caso.

4.- O prazo máximo de resolución e notificación ao interesado será de 30 días hábiles contados dende a recepción da totalidade da documentación requirida.

5.- Unha vez recibida a resolución de concesión de axuda, terán que pasar persoalmente a recoller os bonotaxi polas dependencias de servizos sociais municipais do Concello de Cambre, sito en Río Barcés, núm. 8 da Barcala (Cambre).

O importe individual dos bonos será en función do número de solicitudes validadas, cun tope de 600,00 euros por beneficiario, dividindo o crédito dispoñible na aplicación orzamentaria entre o número de usuarios admitidos, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

## SÉTIMA.- REGULACIÓN NO USO DO BONOTAXI

Os bonotaxis emitíranse en soporte papel. O seu uso é persoal e intransferible. Expedíranse nas oficinas de servizos sociais do Concello de Cambre, onde se entregarán aos beneficiarios, estando estes obrigados a cumprir as normas establecidas para esta axuda.

Os beneficiarios deberán empregar os bonos para a finalidade con que foron concebidos, polo que deben cumprir de forma correcta coas normas establecidas, así como a do seu uso.

As persoas beneficiarias entregarán os bono-taxis por viaxe, debidamente cubertos, ao taxista como contraprestación do transporte, pudiendo empregarse todos os bonos que sexan precisos por servizo. Presentarase o DNI ou NIE do beneficiario no momento de facer o pago do servizo a través dos bonotaxis.

Os bonotaxis expedíranse por importe de 0,50 euros, 1,00 euro, 5,00 euros, 10,00 e 15,00 euros. O beneficiario achegará a moneda fraccionada correspondente por importe inferior a 0,50 euros.

Os bonotaxis terán validez anual, e só poderán empregarse **ata o 20 de decembro de 2016**.

Poderán empregarse os bonotaxis para servizos dentro da provincia da Coruña.

Os bonotaxis deberán conter:

- Valor do bono.
- Número de bono.
- DNI ou NIE do beneficiario.
- Nome e apelidos do beneficiario.
- Sinatura do beneficiario.
- Núm. licenza taxi.
- Data de expedición do bono.
- Importe traxecto realizado.
- Traxecto realizado.

Cando a utilización desta prestación non se axuste á normativa establecida nestas bases dará lugar á perda do dereito de disfrutar desta axuda.

Os bonos empregaranse para:

- Xestións administrativas (traslados a bancos, xestorías, concello, Seguridade Social, Facenda, Axencia Tributaria,...).
- Visitas médicas.
- Actividades culturais, deportivas, educativas e de lecer.
- Outras a valorar polo departamento municipal de servizos sociais.

No momento en que o taxista facture ao concello os servizos prestados, haberá de presentar adxunto á factura os bonos empregados, agrupados por cada traxecto, e polo menos no primeiro deles constarán cubertos todos os datos indicados anteriormente.

#### **OITAVA.- OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA**

As axudas do bonotaxi son persoais e intransferibles, debendo utilizalos para a finalidade para a que foi concedida.

Unha vez finalizado o período de validez dos bonos e antes do 30 de decembro de 2016, a matriz xunto con bonos sobrantes, no seu caso, deberán ser devoltos aos servizos sociais do concello para os efectos de control do uso dado a estes.

A falsidade dos documentos presentados para a concesión da axuda ou as irregularidades do uso dos bonotaxis entregados, dará lugar ao reintegro do importe dos bonotaxis empregados e á devolución dos pendentes de uso, así como á reclamación dos xuros de contrinximento correspondentes a computar dende o momento en que teñan lugar os respectivos pagos, sen prexuízo de quedar excluídos en futuras convocatorias.

#### **NOVENA.- TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS**

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes, o serán para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter esta axuda e serán tratados para os efectos da súa concesión, sendo responsable do tratamento dos datos o departamento de servizos sociais.

Para os efectos da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o solicitante ou representante legal, así como calquera outra persoa ou persoas que acheguen datos persoais á súa solicitude, autorizan ao Concello de Cambre, a través da Concellería da Área de servizos sociais, a incorporar os datos recollidos a un ficheiro automatizado responsabilidade desta área, que ten por finalidade dar cumprimento ás funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión e prestación de servizos públicos encomendados coa implantación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e o seu desenvolvemento regulamentario, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal complementario a aqueles.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## DÉCIMA.- INCORPORACION AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

### ANEXO I

#### SOLICITUDE DE BONO-TAXI

##### A. DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
			TELÉFONO
DATA DE NACEMENTO	LUGAR	PROVINCIA	
DOMICILIO	COD. POSTAL	MUNICIPIO	

##### B. DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
DOMICILIO	MUNICIPIO	PROVINCIA	
COD. POSTAL	TELÉFONO	TÍTULO DE REPRESENTACIÓN:	

##### C. DATOS SOBRE A UNIDADE DE CONVIVENCIA. COMPOSICIÓN

PERSOAS INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	NIF	PARENTESCO COA / CO SOLICITANTE	DATA DE NACEMENTO
SOLICITANTE			

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, como (solicitante ou representante legal) **DECLARA**:

Que todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude son certos e comprobables documentalmente, quedando enterado/a que o ocultamento ou falsidade deles dará lugar á esixencia das responsabilidades que diso puideran derivarse, así como da obriga de comunicar ao CONCELLO DE CAMBRE, calquera variación dos datos declarados ou acreditados que puideran producirse no sucesivo.

Que de conformidade co establecido na normativa reguladora das subvencións públicas, **DECLARA** non estar incurso en ningunha causa de prohibición para ser considerado beneficiario de subvencións e atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

Cambre, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016.

Asdo:

A presentación da solicitude conleva a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións de que o solicitante esté ao corrente das súas obrigas coa AEAT, a Tesorería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, en aplicación do disposto no artigo 20.3 da Lei de subvencións de Galicia.

Non autorizo (neste caso achegarase a documentación correspondente)

**NOTA INFORMATIVA:** Os datos recollidos na presente solicitude facilitaránse de forma voluntaria; en caso de non facelo non será posible o seu trámite. Estes datos serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade da resolución do expediente, cuxo tratamento é responsabilidade da dirección do Concello de Cambre, Área de servizos sociais, e respecto deles, poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal.

Existe a posibilidade de cesión dos datos a outras administracións, entidades ou organismos públicos ou privados, para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas destas entidades e do Concello de Cambre.

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## ANEXO II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA BENEFICIARIA

D./Dña ..... con NIF núm. .... e domicilio na rúa..... do municipio de Cambre, actuando no seu nome ou en representación legal de D./Dña....., con NIF núm. .... e domicilio na rúa....., en calidade de titor, gardador de feito ou representante legal.

### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Atoparme ao corrente do cumprimento das miñas obrigas coa Axencia Tributaria estatal, Facenda da Xunta de Galicia, Facenda do concello de Cambre, e coa Seguridade Social.

- Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para a obtención de subvencións públicas.

(Marquese cun X a opción que corresponda)

- Estar obrigado a presentar Declaración anual do IRPF SI NON

- Ser titular de vehículo adaptado propio para a conducción SI NON

(En caso de resposta afirmativa, poderán solicitar esta axuda soamente para aqueles períodos, nos que, por causas sobrevenidas debidamente xustificadas, non poidan utilizalo ou calquera outra circunstancia que o impida.)

- Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro a través de ISFAS, MUFACE,...

- Que os documentos referidos na Base cuarta, apartados 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4, obran en poder do órgano xestor, por telos presentado para a obtención da axuda económica na *convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2015*, e que os mesmos non sufriron variacións dende a data de presentación ante o concello, motivo polo cal me acollo ao meu dereito a non presentalos de novo ao amparo do disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e na lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.  (Marquese cun X no suposto de acollerse a este suposto)

- Aceptar as actuacións de comprobación que acorde o equipo técnico de servizos sociais do Concello de Cambre.

Cambre, de de 2016.

O/A solicitante ou Representante legal

Asdo.:

## ANEXO III

### AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITARLLE DATOS TRIBUTARIOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF), A CUBRIR POR TODOS OS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA MAIORES DE 18 ANOS.

As persoas abaixo asinantes, autorizamos ao Concello de Cambre para solicitar á AEAT a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre o nivel de renda, para os efectos do outorgamento da axuda económica de bonotaxi para



persoas con discapacidade e mobilidade reducida, cando a persoa que figura no apartado A da presente autorización poida resultar beneficiaria.

#### A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

#### B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA (Só maiores de 18 anos)

PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Cambre, de de 2016.

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

#### ANEXO IV

#### MODELO BONOTAXI

BONOTAXI  
Importe: 0,50€, 1,00€, 5,00€, 10,00€, 15,00€

Bonotaxi núm.: \_\_\_\_\_/2016

Data de expedición: \_\_\_\_\_

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Núm. do DNI ou NIE: \_\_\_\_\_

Traxecto realizado: \_\_\_\_\_





Importe total do traxecto: \_\_\_\_\_

Núm. licencia taxi: \_\_\_\_\_

O/A beneficiaria ou representante legal

Sinatura

### **ESTE BONO TERÁ VALIDEZ COMO MODO DE PAGAMENTO ATA O 20 DE DECEMBRO DE 2016.**

No momento en que o taxista facture ao concello os servizos prestados, haberá de presentar adxunto á factura os bonos empregados, agrupados por cada traxecto e polo menos no primeiro deles constarán cubertos todos os datos indicados anteriormente.

Segundo: Autorizar un gasto por importe de *dez mil euros* (10.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2016 231 22300.

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, así como na páxina web, paneis informativos e demais medios de comunicación co obxecto de darlle a maior difusión e publicidade á axuda.

Cuarto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **2.10. Revisión das tarifas de taxis de Cambre para o ano 2016**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente do día 15 de marzo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Con data de 22 de setembro de 2.015 rexistrouse de entrada, ao número 0/8581, escrito a instancia de don José Manuel Rodríguez Bello, presidente da asociación local de taxis de Cambre, solicitando a revisión da tarifa aplicable ao servizo urbano para o exercicio do 2.016.

Á citada solicitude achégase o correspondente estudo económico, modificado mediante escrito rexistrado de entrada, ao número 0/9209, con data de 6 de outubro de 2015, así como a proposta de subida da citada tarifa urbana nun 5%.

Desta documentación deuse traslado á asociación provincial de amas de casa, consumidores e usuarios (federación Brétema), ás asociacións de amas de casa e consumidores de Cambre, á federación de autónomos do taxi de Galicia, á asociación provincial de autotaxi e aos sindicatos (UXT, CIG e CCOO), co fin de que puidesen presentar as alegacións que estimasen oportunas.

Así mesmo, coa mesma data remitiuse a citada proposta á Dirección Xeral de Mobilidade, para dar cumprimento ao artigo 40.4 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, que establece a obrigatoriedade de dar audiencia previa ao Consello Galego de Transportes para a aprobación das tarifas aplicables aos servizos urbanos de taxi.

Con data de 22 de outubro de 2015 rexistrouse de entrada, ao número 0/9771, escrito de alegacións da asociación provincial de amas de casa, consumidores e usuarios da Coruña, no que amosan a súa desconformidade coa citada subida.

Con data de 22 de outubro de 2015 rexistrouse de entrada, ao número 0/9772, escrito da Federación de Autónomos do Taxi de Galicia, no que informan desfavorablemente a citada subida por entender que o estudo non é congruente.

Con data de 20 de xaneiro de 2016 rexistrouse de entrada, ao número 04/78, certificado do acordo adoptado pola Comisión especial de transporte público en vehículos de turismo no que se conclúe que “se emite informe parcialmente favorable á tarifa presentada coas advertencias recollidas anteriormente e debendo subsanarse os aspectos de legalidade”. Ditas advertencias obedecen a que “os representantes das asociacións e federacións do sector do taxi advirten que a proposta de tarifa vai acompañada dun estudo económico que adoce de graves erros e deficiencias de cálculo”. Os aspectos legais refírense ao suplemento do aeroporto de Alvedro, pois é esta unha competencia da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia, non do Concello, por tratarse de viaxes interurbanos.

Con data de 5 de febreiro de 2016 rexistrouse de entrada, ao número 0/1032, escrito a instancia de don José Manuel Rodríguez Bello, presidente da asociación local de taxis de Cambre, achegando un novo estudo económico.

Con data de 17 de febreiro de 2016 rexistrouse de entrada, ao número 0/1312, escrito da Federación de Autónomos do Taxi de Galicia no que se informa favorablemente o novo estudo presentado así como a nova tarifa.

Con data de 24 de febreiro de 2016 rexistrouse de entrada, ao número 0/1568, escrito da Asociación Provincial de Empresarios de Autotaxi de A Coruña e Federación Galega do Taxi no que se informa favorablemente a solicitude de revisión da tarifa para o ano 2016.

Polo anterior, de conformidade co previsto no artigo 1 da Orden de 30 de setembro de 1977 pola que se ditan normas complementarias do Real Decreto 2226/1977, de 27 de agosto, sobre tramitación de expedientes de modificación de tarifas dos servizos de competencia local, artigo 40 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia e letra q), apartado segundo, do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, formulo a seguinte proposta de acordos a adoptar:

**Primeiro:** Informar favorablemente e aprobar a revisión das tarifas de auto-taxis de Cambre para o ano 2016, que supón unha subida media do 5% sobre as tarifas actuais, obtendo os seguintes resultados, IVE incluído:

TARIFA 1 (DIURNA)			TARIFA 2 (NOCTURNA)		
Importe inicial	3,61	€	Importe inicial	4,42	€
Tarifa quilométrica	1,14	€/km	Tarifa quilométrica	1,42	€/km
Tarifa horaria	19,05	€/hora	Tarifa horaria	23,72	€/hora
Distancia primeiro salto	1.800	Metros	Distancia primeiro salto	1.800	metros
Horario aplicación	Días laborais de 06:00 a 22:00 horas e sábado de 06:00 a 16:00 horas.		Días laborais de 22:00 a 06:00 horas, sábado dende as 16:00 horas e domingos, festivos e días 24 e 31 de decembro durante as 24 horas.		

Notas:

- O importe inicial inclúe todos os conceptos coñecidos como baixada de bandeira, percepción mínima, carreira mínima cun percorrido de 1.800 metros.
- A partir do importe inicial o resto dos valores indícanse en saltos de múltiplos de 0,05 euros.
- O calendario de aplicación virá determinado polos festivos oficiais a nivel estatal, autonómico e local.

**Segundo:** Publicar o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do concello, co fin de que durante o prazo de dez días a contar dende o seguinte ao da publicación, poidan presentar cantas alegacións estimen oportunas. O expediente está a disposición dos interesados, na planta primeira do concello, servizo de auto-taxis.

**Terceiro:** No suposto de que non se presenten alegacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de revisión das tarifas e remitirase o expediente á Comisión de Prezos de Galicia, solicitando o correspondente informe favorable para a súa posterior aprobación pola Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria.

**Cuarto:** Autorizada a aplicación destas tarifas pola Dirección Xeral de Comercio, notificarase o novo cadro tarifario a cada un dos titulares de licenzas de taxi neste Concello co fin de que actualicen o taxímetro, adaptándoo ao presente acordo.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 23 de marzo de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, o concelleiro de ACdC-SON, o concelleiro do BNG, a concelleira de C's, integrante do GM e o concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que non se vai estender moito neste tema, porque o equipo de goberno segue pensando que é un tema de tramitación. Faise unha tramitación exhaustiva, solicítanse os informes pertinentes a todas as administracións e acórdase subir as tarifas dos taxis un 5%. Reitera que fan unha inspección exhaustiva do procedemento para que non haxa ningunha dúbida, e o expediente se presenta con esta subida, sen ningún tipo de problema, excepto como xa se dixo nas comisións o de non volver a solicitar o informe, que xa se explicou porque non tiñan solicitado o informe a consumidores.

Concedida a palabra a don Manuel M<sup>a</sup> Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo efectivamente comprobou que a revisión das tarifas de taxi conta con todas as bendicións e todos os informes posibles, pero hai algún informe que non é tan favorable, algunha asociación que di que lle parece unha suba un pouco esaxerada.

É verdade que a revisión dos taxis, en principio, véñse facendo, ten entendido, cada dous anos, iso quere dicir que a revisión se está a producir nun termo medio dun 2,5% anual. Tendo en conta que o índice do custo da vida non creceu tanto nestes anos, por miles de motivos, e que o gasóleo incluso baixou notablemente, cre que quizais a suba pode ser bastante importante, afecta loxicamente aos usuarios, e estes probablemente son os que estarán menos conformes.

Conclúe dicindo que isto é o que lle leva a formularse que, tendo entendido que os informes presentados se adaptan perfectamente na súa totalidade á legalidade, o seu grupo vai manter o voto de abstención.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que o sentido do voto do seu grupo vai ser negativo, e vén determinado, entre outros temas, polo pensamento de que non pode custar unha viaxe á Coruña dende Meixigo case 20 euros, só de ida.

Tampouco entende como se poderían xustificar unhas subidas do 5% que suporía que Cambre tivera as tarifas máis altas de toda a bisbarra, por riba de concellos como A Coruña ou Oleiros. Di non a esa filosofía de como non hai clientes, hai que subir os prezos, iso apoiado por informes técnicos que non convencen ao seu grupo, non por pensar que estean feitos de mala fe, senón por considerar que os prezos nos que se basean están un pouco desfasados. Cre que se poderían axustar máis, sobre todo, no custo do combustible, do vehículo e das reparacións, tendo en conta que se está a pedir unha subida que equiparía o PIB dos cambreses con Coruña, Oleiros ou Arteixo, que teñen produtos interiores brutos claramente superiores.

Continúa a dicir que xa que se considera necesario un servizo deste tipo, polas condicións que proporciona de dispoñibilidade horaria, elección de destino e comodidade, entre outras, entende que se debe acadar un entendemento entre a administración que fixa prezos e axudas e os taxistas, pero este entendemento debería consistir, sempre baixo o seu punto de vista, en que o taxi fose un vehículo de máxima necesidade, cun prezo razoable e asequible e non un artigo de luxo.

En conciencia, non poden aprobar unha subida das tarifas que suporía incluso un prexuízo para os propios

taxistas, dende o seu punto de vista, que se agora se queixan de que non teñen demanda que cubra os seus custos, en caso de que se faga efectiva a citada subida verían diminuída a súa clientela, que non podería ou non querería asumir o citado sobrecusto.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo está en gran medida de acordo co espírito da intervención que acaba de ter o compañeiro Antonio Bruquetas, de Asemblea Cidadá de Cambre. Entenden que se está a perder un pouco a perspectiva do que se está a xestionar, é dicir, isto é un servizo público que está concesionado nunha serie de mans privadas, autónomos, loxicamente traballadores e dignos de todo eloxio na realización da súa función.

A lóxica que aplica o seu grupo lévalle a pensar que se aceptan de maneira sistemática as propostas de prezos que lles presenta o gremio de taxistas e estes están relativamente contentos, igual están primando o interese do concesionario sobre o que é o servizo público. Ao seu modo de ver, non hai como mirar para aprender, defende a compoñente pública que ten este servizo e o papel que ten que ter, neste caso, a administración municipal.

O que ve e observa é que, da mesma maneira que se reclaman informes técnicos para multitude de obras e de actividades que fai a administración pública, non estaría de máis, xa di, con tempo e con calma e en perspectiva, facer un informe sobre algo que en certa maneira apuntaba ACdC-SON, que é analizar quen utiliza o taxi en Cambre. Teñen a percepción de que quen utiliza dunha maneira minimamente asidua en Cambre ese servizo é ese grupo de persoas que non ten coche, non ten utilitario ao seu dispor de maneira habitual, falan, polo tanto, dunha franxa concreta da poboación que, moito se teme, é parte da poboación máis desfavorecida.

Entende, polo tanto, que deben ter unha especial sensibilidade con esa xente, igual que coa xente moza, á hora de que nos seus momentos de lecer poidan tamén utilizar un taxi.

O que quere dicir con isto é que bota de menos, e xa di que non é achacable nin moito menos ao actual goberno, senón un labor que lle incumbe ao conxunto da corporación, unha actualización das tarifas, non tanto en que en vez de subir o dous suban o un, senón o que xa se está a facer noutros concellos, que é algo moi complexo, porque hai que poñer de acordo a moita xente, pero que poida haber outro tipo de tarifas, é dicir, hai concellos no País Vasco, por exemplo, que en determinado horario á xente menor de trinta anos lle aplican a tarifa diúrna, aínda que sexan as tres da noite, co obxecto e coa finalidade de que esa xente colla o taxi, porque senón, falando en prata, na vida van coller un taxi.

Continúa dicindo que teñen, efectivamente, a cuestión dos bono-taxis, pero tamén se poden aplicar outro tipo de tarifas de índole parroquial, é dicir, que se saiba exactamente que se alguén vai de Cambre a Meixigo a tarifa é tanto, ou que se vai de Cambre a Brexo Lema, a tarifa é tal outra. En resumo, que poidan, dalgunha maneira, facer máis atractivo o acceso da xente ao taxi, moi en consonancia a como van os mundos a día de hoxe, é dicir, tratar de levar un pouco esa sensibilidade social a un relativo márketing á hora de intentar incrementar o número de usuarios.

Insiste en que como concello deberían preguntarse canta xente utiliza o taxi en Cambre, que xente o utiliza, que segmentos de idade, se son das parroquias, se non son, é dicir, un pouco ter un estudo polo miúdo coa finalidade e co obxecto de mellorar, por un lado, a vertente social que ten o servizo e, por outra, tamén e por suposto, dicilo dunha maneira clarísima, o rendemento económico para os propios profesionais do sector, que quere que desenvolvan a súa tarefa de maneira digna e correctamente remunerada.

Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser abstención, pero que entende que a isto entre todos hai que darlle unha volta, que pode saír unha cousa positiva, tanto para o sector como para os veciños de Cambre.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que ao seu grupo non lle parece unha subida xusta e cre que se debería volver a debater co gremio, polo tanto, vaise abster.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que está totalmente de acordo en que hai que debater isto, pero non só isto, senón que hai que debater o tema do autobús en relación co servizo público no seu conxunto, é dicir, ás veces lévanse autobuses ás parroquias, cando ao mellor co taxi se resolvía o asunto se tiveran esa comunicación, ese diálogo. Ese é o contexto e cre que é a liña a seguir. Agradece a achega, porque cre nela.

Pero di que agora o tema é outro. Preséntase un asunto que administrativamente a administración non é nese momento adecuada para decidir ou dilucidar se realmente a baixa, déixalle o exercicio ás institucións que están aí para controlar e decidir, e dado que hai unha especie de unanimidade, ao mellor falsa unanimidade, decide tirar para adiante co expediente. Esa é a cuestión. Agora ben, di que claramente hai que facer un estudo completo, o que non pode ser é que algunhas parroquias haxa cinco persoas para ás que lles saia máis barato propoñer o tema do taxi.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE. Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON. E abstéñense os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2.11. Designación de representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2016-2017**

Vista a proposta de Alcaldía do día 17 de marzo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Visto o escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/2176, o día 15 de marzo de 2016 procedente da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no que se solicita a designación dun representante do Concello de Cambre para formar parte da comisión de escolarización para o curso 2016-2017, isto para os efectos de dar cumprimento ao regulado no artigo 16.d) do Decreto 254/2012, do 13 de decembro (DOG do 26/12/2012), polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Con base no exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Designar representante do Concello de Cambre na comisión de escolarización, curso 2016-2017, a dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González.

Segundo: Comunicar a citada designación á Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para os efectos oportunos.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude de data 23 de marzo de 2016, por cinco votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC, aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE e á concelleira de C's, integrante do GM; coa abstención dos dous concelleiros do PP, a concelleira de ACdC-SON, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que este é un tema que loxicamente ten que decidilo o Goberno. O seu grupo vai manter o voto de abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito. Abstéñense os seis concelleiros do PP.

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2.12. Aprobación inicial, se procede, da modificación do artigo 6 da Ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento**

Vista a proposta de Alcaldía do día 16 de marzo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Visto a ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento, aprobada pola Corporación municipal en pleno, en sesión ordinaria de data 24 de febreiro de 2014 con carácter inicial e publicada no BOP nº 81 do mércores 30 de abril de 2014.

Visto o informe emitido pola animadora deportiva adscrita a Educación, co conforme do coordinador de actividades culturais e educativas.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar, con carácter inicial, a modificación da Ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento, engadindo ao final do artigo 6 unha nova alínea, e quedando o artigo redactado tal e como se transcribe a continuación:

**“Artigo 6.-** *Terán preferencia para participar nas actividades as persoas empadroadas no Concello de Cambre e, seguidamente, aquelas non empadroadas que traballen no termo municipal e por último os non empadroados no Concello de Cambre. En casos puntuais, terá preferencia a persoa que trala valoración e/ou informe técnico correspondente, debidamente xustificado, necesite con base en criterios sociais ou doutra índole participar nunha determinada actividade.*

*En determinadas actividades, segundo se marque na convocatoria correspondente, priorizarase a selección de persoas que non participaron nesa actividade en edicións anteriores.*

*A selección dos participantes nas actividades de conciliación da vida laboral e familiar, por estar vinculadas a subvencións ou axudas doutras administracións nas que se fixe o criterio de selección dos participantes ou por favorecer a determinados grupos de poboación (traballadores e traballadoras), establecerase segundo se marque na súa convocatoria.”*

**Segundo:** Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

**Terceiro:** No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a modificación da ordenanza de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

**Cuarto:** A modificación entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude de data 23 de marzo de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, a concelleira de ACdC-SON, o concelleiro do BNG, a concelleira de C's, integrante do GM e o concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que para todo este tipo de subvencións, unha das regras que había era estar empadroado no concello. A Xunta modificou os requisitos, sobre todo no tema das axudas e subvencións ás entidades locais da comunidade autónoma de promoción e de igualdade, e agora hai que ter en conta o tema dos ingresos. O que se propón é unha modificación da ordenanza reguladora para deixar que sexan as bases de cada subvención as que sirvan para definir cales son as condicións da propia subvención. As que teñan que estar adscritas á Xunta terán que levar como cometido o



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

tema dos ingresos e, nas que non, poderase facer segundo a propia iniciativa do concello. Polo tanto, modifícase este tema porque había unha contradición entre o formulamento da Xunta e o formulamento do concello.

Concedida a palabra a don Manuel M<sup>a</sup> Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo está totalmente de acordo coa modificación, parece lóxica, avanza un pouquiño máis na inclusión social, na conciliación da vida familiar e laboral, e iso vai permitir que non soamente os parámetros que tiñan antes do empadroamento sexan os que primen á hora de establecer unha subvención. O voto do seu grupo será favorable.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo apoia tamén esta proposta.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o voto do seu grupo tamén vai ser favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **2.13. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

Este punto non foi utilizado.

## **3. PARTE DECLARATIVA**

### **3.1. Declaracións institucionais**

Este punto non foi utilizado.

### **3.2 Mocións dos grupos municipais**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **A) Moción do grupo municipal de PSG-PSOE en relación ao preacordo suscrito polos xefes de Estado e o Goberno da UE con Turquía**

Rexistrada de entrada ao núm. 0/2408 o día 23 de marzo de 2016. Consta do seguinte teor literal:

“O pasado martes 8 de marzo, as e os xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea alcanzaron un principio de acordo para pór en marcha un programa para deportar a Turquía a todos os emigrantes –incluídas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera outra nacionalidade-, que cheguen á Unión Europea a través deste país, a cambio de que os Estados da Unión recoloquen a un número equivalente de persoas refuxiadas sirias asentadas xa en Turquía, e doutras medidas económicas e políticas a favor do Estado turco.

Os e as socialistas españois consideramos que, de confirmarse devandito pacto, a Unión Europea non estaría a respectar os convenios internacionais sobre dereito internacional de asilo. E que estaríamos a asistir ademais ao proceso de deconstrución da Unión Europea. Os e as socialistas españois non recoñecemos esta Europa, e cremos que non se pode facer un acordo de intereses con Turquía utilizando os dereitos das persoas refuxiadas emigrantes como moeda de cambio, porque o consideramos inadmisibile.

Desde o PSOE consideramos que as e os xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea, ante a crise máis grave que vive desde a Segunda Guerra Mundial, asinaron un preacordo inmoral e de dubidosa legalidade, que, de confirmarse os termos aos que tivemos acceso a través das informacións recollidas polos medios de comunicación, contraviene claramente o dereito de asilo e múltiples convenios internacionais sobre dereitos humanos.

O PSOE mostra a súa adhesión ás peticións de organizacións non gobernamentais, Alto Comisionado da ONU para as persoas refuxiadas, e activistas prol dereitos humanos na denuncia, rexeitamento e esixencia de retirada do preacordo de Unión Europea e Turquía para devolucións masivas, así como a esixencia de abordar con urxencia a crise das persoas refuxiadas defendendo os dereitos humanos, creando corredores humanitarios, acolléndolles con respecto e solidariedade, e posibilitándolles o asilo entre os membros da Unión Europea.

É por todo o anterior que o Grupo Municipal Socialista do Concello de Cambre presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación en Pleno:

Primeiro: O Pleno do Concello de Cambre mostra o seu rexeitamento ao acordo alcanzado entre as e os xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea con Turquía que contempla a devolución a Turquía de todos os emigrantes –incluídas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera outra nacionalidade-, que cheguen á Unión Europea.

Segundo: O Pleno do Concello de Cambre esixe á Unión Europea e aos Estados membros dar unha resposta humanitaria urxente ante a grave situación que viven as persoas refuxiadas, respectuosa co dereito internacional de asilo e os dereitos humanos. Neste sentido, insta o Goberno da Unión Europea e os Estados membros á retirada de calquera acordo, pacto, convenio ou proposta de acción que non respecte o dereito internacional de asilo ou convenios internacionais sobre dereitos humanos asinados pola Unión Europea.

Terceiro: O Pleno do Concello de Cambre súmase ao manifesto “Pasaxe Segura” subscrito por multitude de organizacións sociais, sindicatos e partidos políticos de toda Europa e, neste sentido, insta a UE e os seus estados membros a que ordenen a creación de corredores humanitarios, e que posibiliten, desde o respecto, o asilo destas persoas entre os 28 Estados membros da Unión Europea”.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que, respectando considerablemente a moción que presenta o Grupo Socialista e dentro dese respecto, vén que no texto da propia moción non se decataron ben, nin obtiveron a suficiente información, para saber que a día de hoxe o preacordo do que fala a moción do partido socialista xa non existe.

Cre que para aclarar este tema e para que todos saiban o sentido do voto que se pode ou non emitir habería que, en primeiro lugar, diferenciar dúas datas, unha que sería o 7 de marzo, que é a data na que se basea a moción, e outra data clave, que é o 16 de marzo de 2016.

Efectivamente, o día 7 de marzo de 2016 prodúcese no ámbito da Unión Europea, en concreto a través do Consello de Europa, polos representantes dos xefes de Estado e de Goberno dos distintos países da Unión Europea, un preacordo preliminar entre Ankara e os xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea.



Nese preacordo dáse luz verde á evacuación indiscriminada cara a Turquía de todos aqueles emigrantes, incluídos os demandantes de asilo sirios, a cambio dunha serie de contraprestacións que a Unión Europea ofrecía a Turquía. Esas contraprestacións baseábanse basicamente en que por cada un dos emigrantes sirios que entrasen a Turquía era aceptado un na Unión Europea, dotábase dun fondo doutros tres mil millóns de euros adicionais ao Goberno turco para afrontar eses fluxos de emigración e, por outro lado, dábase liberdade de visado aos cidadáns turcos nacionais para unha libre circulación polo espazo Schengen.

Que pasou. Despois dese preacordo, Acnur acusou á Unión Europea de estar poñendo en marcha un acordo totalmente ilegal, contrario á Convención de Ginebra. A posición de España nese sentido xa nesa data, posterior ao 7 de marzo, foi ameazar, a través do ministro de Asuntos Exteriores español, con vetar o acordo se ese acordo non contiña unha serie de condicións que se van despois a aceptar, como explicará seguidamente.

De aí que os servizos xurídicos do executivo comunitario estiveran a traballar para buscar unha solución na Comisión Europea. A solución pasaba por non admitir evacuacións en masa, establecemento dun estudo, caso por caso, da situación do demandante de asilo e todas esas peticións tramitárianse sobre solo grego, nas illas, antes de pasar a Turquía, para logo realizar as futuras revocacións en Europa.

O que ocorre en España despois dese preacordo é que o ministro de Asuntos Exteriores en funcións, José Manuel García Margallo, deixa claro no cumio de Bruxelas, que España non aceptaría un acordo con Turquía para atallar a crise de inmigración que permita expulsións colectivas, porque serían contrarias á legalidade internacional e ao dereito europeo e non garantirían, ademais, a protección dos refuxiados en canto ao seu dereito de asilo.

Continúa a dicir que, do mesmo modo, o Goberno español en funcións considera inaceptable ese preacordo porque era contrario á legalidade internacional, á convención de Ginebra e aos tratados europeos, en concreto, ao artigo 78 do tratado de funcionamento da Unión Europea, contrario ás directivas de retorno e contrario ao convenio europeo de protección dos dereitos humanos e liberdades fundamentais.

Despois dese xiro, que veu impulsado por algúns gobernos de países da Unión, por Acnur e por algúns grupos de presión, o día 16 de marzo de 2016 todos e, cando di todos refírese a todos por unanimidade, todos os grupos parlamentarios acadan un acordo na reunión da Comisión Mixta da Unión Europea.

O presidente en funcións, don Mariano Rajoy, acode co apoio do Parlamento a esa comisión de Bruxelas. O secretario de Estado para a Unión, don Fernando Eguidazu, explicou a posición de España nese cumio de Bruxelas que tivo lugar ese día 16, no que se aproba o acordo con Turquía sobre os refuxiados.

Ese acordo baséase principalmente no punto de vista da posición do Parlamento, e repite, non do Goberno español, senón do Parlamento español, nunha declaración institucional que aproban todos os grupos en canto a oposición manifesta e radical, tanto do Partido Popular como do resto dos grupos parlamentarios, a calquera expulsión de tipo colectivo.

O contido do acordo é que en ningún caso España aceptará un acordo que non respecte o establecido na lexislación española e europea respecto dos dereitos humanos, a directiva sobre dereito de asilo, e o procedemento e cooperación con Acnur. O obxectivo do acordo será evitar a perda de vidas humanas, e lembra que o ano pasado morreron 805 persoas na ruta do Egeo e este ano, nada máis e nada menos, que 354 persoas.

O acordo deberá incluír a loita contra as mafias que trafican con vidas humanas, debe ofrecer as persoas unha vía legal e segura para solicitar asilo na Unión Europea e facelo a través dun proceso de asentamento e que haxa sempre posibilidade de recurso. Haberá que levar a cabo un expediente de asilo individualizado e con todas as garantías.

Solicítase, ademais, que os acordos sobre o control de fluxo de refuxiados cara a Grecia que se alcancen con Turquía conteñan garantías de cumprimento da legalidade internacional e de respecto dos dereitos humanos, incluídos os requisitos da lexislación europea de asilo, que se respecte o principio de non devolución, que as persoas poidan solicitar o estatuto de refuxiado e, en caso de ser refuxiado, recibir protección de conformidade coa Convención de Ginebra.

Esíxese reforzar os mecanismos de control sobre o efectivo destino da axuda económica a prol dos refuxiados; continuar coa posta en marcha en colaboración co resto de estados membros das accións necesarias para a efectiva recolocación das persoas solicitantes de asilo ou refuxio; promover o establecemento de vías adicionais seguras de chegada e reasentamento dos refuxiados, tales como visados humanitarios, reagrupación familiar, bolsas, etc.; impulsar que a Unión Europea asegure vías seguras e legais e aumento de operacións de rescate e salvamento marítimo; promoción no seo da Unión Europea do establecemento de maneira urxente e efectiva de medidas de protección para individuos en risco, especialmente os menores sen familiares ou mulleres vítimas de violencia de xénero, e promover no vindeiro Consello europeo e no conxunto institucional da Unión Europea a comunitarización da política de asilo, convertíndose así, nunha política europea común.

Di que o acordo entre a Unión Europea e Turquía de 18 de marzo introduce esas modificacións que solicitou o Goberno español, aprobadas no Parlamento español, polo que o texto do acordo que se asinou na Unión Europea, en Bruselas, na convención de Bruselas, respecta escrupulosamente a declaración institucional dos grupos parlamentarios.

Expón que, neste caso, a postura dos Populares de Cambre, unha vez visto o esforzo que se fixo por todos os grupos parlamentarios españois no problema dos refuxiados, é clara. O seu grupo está para axudar, quere evitar que haxa persoas que poñan en risco as súas vidas nas mans de mafias para chegar a España; quere ser solidario con Grecia e cos países que máis refuxiados reciben; quere que os refuxiados sexan tratados coa debida igualdade e quere que Europa faga realidade o dereito de asilo dun xeito ordenado e organizado, e confía en que é vontade de todos que eses fins se leven a cabo e se consigan con éxito.

Conclúe dicindo que, respecto desta moción, solicítalle ao Grupo Socialista que, dado que non é unha moción actualizada a día de hoxe, senón que se basea nun acordo non existente e non no suposto de feito, polo que non é tanxible, que incorpore o convenio asinado no Parlamento español, que hoxe mesmo, ademais, se aprobou na Deputación provincial da Coruña, e que o incorpore á moción para que o Grupo Municipal Popular poida votala a prol.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo apoia integramente o texto da moción que presenta o partido Socialista e felicítalo por presentar esta moción.

É de agradecer que, xa que o señor Rajoy non comparece no Congreso, polo menos compareza dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe e lles dea algunha explicación ao respecto do que está a acontecer.

Di que no texto da moción o que si falan é de dubidosa legalidade deste acordo. Di que é moito máis que dubidosa. Este é un acordo que viola todos os dereitos humanos consagrados nos tratados internacionais, fala da Convención de Ginebra, que lembra que foi escrita para darlle cobertura legal aos refuxiados xurdidos polos horrores do fascismo e da Segunda Guerra Mundial.

A cuestión é que polo indecente prezo inicial de seis mil millóns de euros, Turquía convertiuse, convértese ou vaise converter no sicario da Unión Europea para facer o traballo sucio e para que os nosos gobernos non manchen as mans, nin as camisas, nin as gravatas, co sangue dos refuxiados. Ademais da Convención de Ginebra, incumpre tamén o pacto internacional de dereitos civís e políticos, carta social europea, convenio europeo de dereitos humanos, tratado da Unión Europea, carta de dereitos fundamentais e dereito internacional marítimo.

Continúa a dicir que na práctica, que é o que lles interesa, o que vai a ocorrer é que se van a devolver a Turquía a todas as persoas que se intercepten no mar, pero incluso as que cheguen ás illas gregas, porque a diferenza do que está a ocorrer agora, esas demandas de asilo vanse comezar a resolver en días e despois deses días a inmensa maioría das persoas van ser devoltas a Turquía.

Por outra parte, non poden esquecer tampouco de quen é Turquía. Non están a falar da casa da pradaría. O goberno turco introduce centos de demandantes de asilo en autobuses para levalos a centros de detención a día de hoxe, onde os reclúen, os aillan, pasan días encadeados e son vítimas de tundas e torturas, para despois de todas estas faenas, devolvelos ao país do que fuxiron, di que está a falar de Turquía.

En Turquía, a diario, víólase a liberdade de expresión, masácrase ao pobo kurdo, tortúrase a activistas sociais e, non está de máis lembrar que dende o ano setenta ten ocupado militarmente a metade norte da república de Chipre, por poñer outro exemplo.

A día de hoxe, o curioso, o grave, e o duro é que non saben que vai pasar con esas persoas, con eses nenos, porque iso nin o di o acordo, nin o di o preacordo, nin o di o requeteacordo, nin o di Rajoy, nin o di ningúen e o que está pasando é que esa xente está a morrer, estanse a desfacer miles de vidas de persoas, e eles non podemos consentilo.

Conclúe reiterando a súa felicitación ao Grupo Socialista por presentar esta moción que apoia na súa totalidade.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo agradécelle tanto ao Grupo Socialista por presentar esta moción como, en fin, dende a diverxencia, a brevidade na intervención da compañeira Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe.

Quere manifestar unicamente que non deixa en certa maneira de sorprendelle e, o di dende a enteira cordialidade, que sexa precisamente o PSdeG-PSOE quen presente esta moción.

O seu grupo vai votar a prol dela, pero, claro, ese recorrente na moción “socialistas españois”, pois ben, os socialistas españois tiveron historicamente, estando curiosamente en responsabilidades de goberno, e porque no goberno se din unhas cousas e estando na oposición se din outras, pois en fin, é dicir, moitas cousas bastante peculiares, moitas actuacións que deixan bastante que desexar en materia internacional e fala, en fin, de cuestións como Sahara, Palestina ou esta que os ocupa agora mesmo.

Di que está en desacordo coa intervención de dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe no sentido de que, con independencia de que perdera, e iso é un fenómeno recorrente en moitas das mocións que hai que presentar con varias días de antelación, parte da súa vixencia na exposición de motivos, está plenamente de acordo no substancial da moción, que é a parte resolutiva que van aprobar. Eses tres puntos os subscriben de maneira enteira e entusiasta, especialmente ese no que se insta ao Goberno da Unión Europea e dos Estados membros, neste caso España, a retirada de calquera acordo, pacto ou convenio, proposta de acción que non respecte o dereito internacional de asilo e convenios internacionais sobre dereitos humanos asinados pola Unión Europea. Iso suporía, de facto, a inmediata saída de España do pacto da alianza atlántica, da OTAN, o cal, trinta anos despois, por parte do Grupo Socialista non estaría de máis, porque precisamente daqueles pos veñen estes lodos.

Quere dicir, ao seu modo de ver, que cómpre e lle urxe á Unión Europea unha política internacional total e absolutamente distinta á actual. Non se pode transixir con que se utilice a un Estado total e absolutamente corrupto, como moi ben explicou a concelleira M<sup>a</sup> Olga Santos López, que é Turquía, como un carcereiro para a Unión Europea. É algo total e absolutamente fóra de lugar a día de hoxe e, postos a facer amigos, mencionar tamén esa magnífica e estupenda cláusula sobre as paradisíacas illas gregas e o goberno da nova política, da nova esquerda e do novo progresismo e do sursuncorda que goberna Grecia, que se prega total e absolutamente

a esta barbaridade, porque hai que preservar tamén o seu territorio desta xente que adoita ser mouro, bérber, todas estas trangalladas. Vese que eses amigos de Syriza, eles tan vanguardistas e tan expoñentes dunha nova forma de ver as cousas, teñen unhas tragadeiras bastante anchas, tanto como Merkel e compañía.

Remata a dicir que o voto do seu grupo vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo vai votar a prol. Efectivamente, como dixo a concelleira do PP, a Comisión Mixta para a Unión Europea se opuxo cunha declaración unánime á expulsión colectiva de refuxiados a Turquía, todo o que ela mencionou efectivamente se menciona nas notas de prensa do Congreso dos Deputados. Aínda así, o seu grupo vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo votou por unanimidade na súa asemblea a prol desta moción.

Toma a palabra o señor alcalde para dicir que se vai votar a proposta e dille ao señor Rivas, voceiro do PP, que xa tiveron a súa quenda de palabra, non hai réplica, xa que o Partido Socialista non volveu a falar, é dicir, o PP tivo a súa quenda de palabra, extensa, ademais, polo tanto cre que xa está todo debatido por parte deles.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que non vai debater nada.

O señor alcalde dille que non hai debate, porque pregunta que é o que vai debater o Partido Socialista sobre o que dixo o señor Rivas.

Don Manuel Rivas Caridad di que el non falou absolutamente nada.

O señor alcalde contéstalle que el non, pero o seu grupo xa falou, que tivo unha quenda de palabra na exposición, e non hai réplica porque o Partido Socialista non dá lugar a réplica.

Don Manuel Rivas Caridad maniféstalle ao señor alcalde que lle vai facer unha proposta, se llo permite.

O señor alcalde di que non llo permite e dille que xa tivo a súa oportunidade para facela, non sabe que proposta vai facer agora.

O señor Rivas manifesta que isto lle parece unha ditadura total.

O señor alcalde responde que o sente moito e reitéralle que xa tivo a súa quenda de palabra e repite, extensa. Esa proposta puido facela a súa compañeira, o que van facer agora é votar a moción.

O señor Rivas expón que simplemente quería dicir que isto se podía ter presentado como declaración institucional, como se fixo na Deputación con todos os grupos hoxe pola mañá.

O señor alcalde dille que lle parece moi ben pola súa parte, e que hai que votar a proposta.

O señor Rivas dille que o único que lle quere lembrar é que iso é democracia.

O señor alcalde dille o señor Rivas que non está no uso da palabra e que se vota a proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito. Votan en contra os seis concelleiros do PP.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

A continuación, o señor alcalde explica que hai unha moción presentada por ACdC-SON. Ten que dicir que esta moción xunto cos rogos e preguntas chegaron tarde por un motivo, segundo lle explicou o concelleiro de Asemblea, don Antonio Bruquetas, debido a un erro informático coa plataforma telemática. Explica que despois de falalo con el decidiu incluílas, porque ademais as datas de Semana Santa foron complicadas.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Antes de dar lectura á moción presentada, don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, pide perdón ao resto da corporación e agradece ao señor alcalde este xesto, porque estivo a ter problemas co tema informático á hora de achegar documentos.

### **B) Moción do grupo municipal de ACdC-SON para que a contratación pública do Concello inclúa criterios sociais e ambientais**

Rexistrada de entrada ao núm. 999/34 o día 29 de marzo de 2016, xunto cos rogos e coas preguntas presentadas para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Un dos principais mecanismos cos que contan as administracións públicas para conseguir o benestar dos cidadáns e cidadás é a contratación pública. O seu peso económico cifrase en máis dun 15% no PIB do Estado español.

A contratación pública é unha ferramenta xurídica ao servizo dos poderes públicos para o cumprimento dos seus fins e valores fundamentais: cohesión social, redistribución da riqueza, igualdade e xustiza. Débese evitar, como viña ocorrendo ata agora, que a maior ponderación do criterio prezo, entre os tidos en conta para adxudicar os contratos, incida negativamente no mercado laboral, destruindo emprego e empeorando as condicións dos traballadores.

Os obxectivos das administracións municipais neste ámbito deben estar dirixidos á consecución dunha contratación pública estratéxica, sustentable e socialmente responsable que teña en conta non só a calidade, eficacia e sustentabilidade ambiental na prestación de servizos públicos e nas compras públicas, senón tamén a necesidade de non incidir negativamente sobre as condicións nas que se desenvolve a prestación laboral ou sobre o propio emprego. A oferta economicamente máis vantaxosa non ten por que identificarse coa do prezo máis baixo.

O marco normativo da contratación pública viuse modificado coa aprobación dunha nova directiva sobre contratación pública –Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de febreiro de 2014- que incide na aplicación doutros criterios de adxudicación, como os criterios sociais, ambientais, ou de innovación, prioritarios tamén de cara a un crecemento intelixente, sustentable e integrador que perseque a Estratexia Europa 2020, e na que a contratación pública desempeña un papel clave.

De acordo co disposto no Considerando 90 da Directiva, a adxudicación dos contratos debe basearse en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato co fin de garantir unha comparación obxectiva do valor relativo dos licitadores que permita determinar, en condicións de competencia efectiva, que oferta é a economicamente máis vantaxosa.

Doutra banda, tal e como reconece a Directiva Europea sobre contratación pública 24/2014, para contratos de prestacións directas a cidadáns no ámbito sanitario ou social resulta necesario un tratamento máis afastado do mercado, dado o carácter estratéxico das necesidades para satisfacer e, por iso, deben ser prestados desde unha estrita perspectiva de calidade.

É fundamental conseguir que a prestación de servizos públicos e as compras públicas sexan de calidade, estratéxicas, sustentables e socialmente responsables, e que deixe de ter efecto a obrigatoriedade de que o prezo máis baixo sexa o que determine a elección da empresa que prestará os servizos públicos cando de utilice máis dun criterio de valoración. Deste xeito poderá evitarse, como se sinalou antes, que a contratación pública incida de forma negativa no ámbito laboral.

Ha de terse en conta que naqueles contratos nos que o compoñente económico fundamental vén constituído polo custo de man de obra, a maior ponderación do criterio prezo entre os tidos en conta para a súa adxudicación pode incidir negativamente no mercado laboral e ser utilizado de forma impropia para xustificar numerosas actuacións que acaban destruíndo emprego e empeorando as condicións laborais dos traballadores.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal de ACdC-SON propón ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

Primeiro: Que nos pregos de contratación que se realicen desde o Concello se incorporen cláusulas sociais e ambientais (criterios como a calidade das condicións de emprego, a inserción socio laboral de colectivos desfavorecidos, a diversidade funcional, políticas de xénero, ambientais e de comercio xusto). Os devanditos criterios tenderán a valorarse nun mínimo do 60% sobre a puntuación total.

Segundo: Naqueles supostos en que os órganos de contratación utilicen máis dun criterio para a valoración das proposicións e a determinación da oferta máis vantaxosa, deberán incluírse criterios que permitan identificar a oferta que presente a mellor relación calidade-prezo, tales como a calidade, accesibilidade, características sociais, ambientais ou innovadoras, entre outros, sempre que estean vinculados ao obxecto do contrato e formulados de forma obxectiva con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade.

Terceiro: Os contratos de prestacións directas a cidadáns no ámbito sanitario ou social serán considerados desde unha estrita esixencia de garantías de calidade do servizo en relación co obxecto do contrato con criterios tendentes á maior especificidade posible.

Cuarto: Non prorrogar os contratos vixentes, redactando cando expire cada un deles un novo prego que incorpore ditas cláusulas."

Concedida a palabra a don Manuel M<sup>a</sup> Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo está basicamente conforme coa moción. Parécelle que avanza na facilidade de empregar a persoas que o necesitan, ao propoñer ter outros criterios valorativos que non sexan exclusivamente os prezos.

Soamente ve un inconveniente ou un posible inconveniente, que non o sabe exactamente, e é que os citados criterios terán que valorarse cun mínimo do 60% da puntuación total. Non sabe se iso legalmente é posible. Cústalle crer que si, porque loxicamente o resto dos criterios de valoración quedarían reducidos practicamente a nada. Esa puntuación parécelle excesiva, se acaso a porcentaxe fora menor, quizais tería un viso de legalidade.

Conclúe dicindo que, en principio, o seu grupo non a pode apoiar, precisamente porque cre que ese 60% excede con moito a posibilidade de aceptala.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, expón que, en principio, o seu grupo está de acordo coa moción. Non sabe se a secretaria pode dicir algo relativo ao aspecto que comentaba o concelleiro popular.

Di que o voto do seu grupo vai a ser favorable.

Concedida a palabra á secretaria xeral manifesta que, en primeiro lugar, hai que aclarar que esta moción non sería competencia do Pleno.

Explica que a contratación se divide por lei, como todos saben, entre as competencias que corresponden ao alcalde e as que corresponden ao Pleno. O señor alcalde delegou as súas competencias na xunta de goberno local. Aínda que o Pleno aprobara esta moción con todo o que nela se reflicte, o señor alcalde, ou neste caso a

xunta de goberno local, non tería porque aceptala. Isto sería aplicable para o caso de expedientes de contratación que se presentaran ao Pleno. O Pleno aprobaría os seus pregos de cláusulas administrativas e os criterios que corresponderan, pero, en principio, deixar claro que esta moción non é competencia do Pleno. Cada órgano de contratación é libre de contratar cos criterios que estime correspondentes.

Respecto do tanto por cento, di que non é que sexa ilegal, o que sucede é que o artigo 150 do texto refundido da Lei de contratos do sector público establece en canto aos criterios, e le textualmente:

*“(...) Na determinación dos criterios de adjudicación darase preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través dunha mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.*

*Cando nunha licitación que se siga por un procedemento aberto restrinxido se atribúa aos criterios avaliábeis de xeito automático por aplicación de fórmulas unha ponderación inferior á correspondente aos criterios do que a cuantificación dependa dun xuízo de valor deberá constituírse un comité que conte cun mínimo de tres membros formado por expertos non integrados no órgano proponente do contrato e con cualificación apropiada ao que corresponderá realizar a avaliación das ofertas conforme a estes últimos criterios ou encomendar esta avaliación a un organismo técnico especializado debidamente identificado nos pregos.”*

Isto é no suposto de que as fórmulas que se utilicen, cos criterios que se utilicen non se poida realizar unha ponderación de xeito automático, cunha fórmula; entón, se o fan cunha fórmula non pasa nada.

Se resulta que se lle vai dar preponderancia a criterios nos que entra un xuízo de valor, é máis difícil avaliar eses criterios, porque se entran con xuízos de valor, a subxectividade tamén pode entrar aí. Por iso nese caso hai que crear un comité de tres expertos que non estarán integrados dentro do órgano de contratación, pero iso non quere dicir que non se poida chegar a un 60 ou 70%, incluso con criterios ou fórmulas, cunha ponderación que se poida sacar por fórmulas. Se hai por fórmulas, non pasa nada, se non se poden sacar por fórmulas, que sexan máis ben xuízos de valor, efectivamente, ten que haber un comité experto.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo coincide coa exposición que realizou o señor Mora.

Parécelle esaxerado, cre que hai máis vías de axuda social que impoñer un mínimo dun 60% á xestión dunha empresa pública e, ademais, se como expresou a señora secretaria non é competencia deste Pleno, o voto do seu grupo vai ser en contra.

Toma a palabra o señor alcalde para dicir que o grupo de UxC vai votar a prol. Di que está de acordo co espírito que entende se presenta nesta moción, a declaración de intencións, tal é así que xa hai unha tempada que deu orde á señora secretaria para que introduza nos contratos as cláusulas sociais. Xa a últimos do mes de xaneiro deu orde para facer precisamente iso, non sabe se vai ser o 60%, dependerá de cada contrato, pero por suposto que está de acordo con esta declaración e co seu espírito.

O voto do seu grupo vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, expón que se o problema é simplemente esa frase, pode retirala da moción, se esa é a condición, non hai ningún problema.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo manifesta que cambiaría o seu voto a prol, se suprime soamente o do mínimo, que poida ser un 60% ou máis, pero non esixilo.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, manifesta que se suprime iso o

seu grupo tamén apoiará esta moción.

Faise constar que durante o debate desta moción ausentouse da sesión don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, quen non se atopa presenta para a súa votación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa supresión no primeiro apartado dos acordos da referencia á valoración mínima do 60% sobre a puntuación total, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Que nos pregos de contratación que se realicen desde o Concello se incorporen cláusulas sociais e ambientais (criterios como a calidade das condicións de emprego, a inserción socio laboral de colectivos desfavorecidos, a diversidade funcional, políticas de xénero, ambientais e de comercio xusto).

Segundo: Naqueles supostos en que os órganos de contratación utilicen máis dun criterio para a valoración das proposicións e a determinación da oferta máis vantaxosa, deberán incluírse criterios que permitan identificar a oferta que presente a mellor relación calidade-prezo, tales como a calidade, accesibilidade, características sociais, ambientais ou innovadoras, entre outros, sempre que estean vinculados ao obxecto do contrato e formulados de forma obxectiva con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade.

Terceiro: Os contratos de prestacións directas a cidadáns no ámbito sanitario ou social serán considerados desde unha estrita esixencia de garantías de calidade do servizo en relación co obxecto do contrato con criterios tendentes á maior especificidade posible.

Cuarto: Non prorrogar os contratos vixentes, redactando cando expire cada un deles un novo prego que incorpore ditas cláusulas.”

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

**C) Moción do grupo municipal do BNG, respecto do compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación coa lingua galega como lingua propia e oficial de Galicia**

Rexistrada de entrada ao núm. 0/2434 o día 23 de marzo de 2016. Consta do seguinte teor literal:

“O Concello de Cambre manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación coa lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e insta á Xunta de Galicia a:

- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e esixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.



- Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

- Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

- Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.”

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta, en primeiro lugar, que o informe ao que se refire o BNG na súa moción está elaborado a partir da análise feita polos membros do comité de expertos da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, e precisamente quere lembrar que a devandita carta foi ratificada por un goberno do Partido Popular no ano 2001.

Tamén quere lembrar que hai outros países como Francia ou Portugal que non ratificaron aínda a mencionada carta.

Por outra parte, hai que dicilo todo, porque na moción presentada non se di todo o que se di no informe, senón que se fai referencia a aqueles puntos que convén para avaliar a moción, pero realmente hai que dicilo todo. Di que o informe tamén felicita ao Estado español porque a situación tras o informe anterior mellorou considerablemente. Constatada, así mesmo, o moi elevado nivel de protección que teñen as linguas rexionais e minoritarias en España e sinala, igualmente, certas carencias, iso si, no uso das cooficiais en ámbitos como os da xustiza, asistencia sanitaria, pero que tamén o hai que dicir, o mesmo informe di que afecta máis a outras comunidades autónomas que a Galicia.

Entre os aspectos positivos que se destacan respecto de Galicia atópase o incremento do número de medios de comunicación audiovisuais privados que emiten parte da súa programación na lingua propia, así como o notable incremento do uso do galego nas actividades culturais e, con máis moderación, en ámbitos como o comercio e mailo económico.

Continúa dicindo que tamén se propón na moción dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe, e respecto dese punto, o referente ao ensino, o modelo da propia Carta Europea consiste no investimento lingüístico nunha das linguas cooficiais, segundo se elixa. Ese modelo non é o elixido por Galicia. Iso é precisamente o que di o informe, pero tampouco di que esa elección que fixo Galicia non sexa a correcta.

A Lei de normalización lingüística do ano 1983 impide expresamente a separación de nenos por razón da lingua que falen. Nese sentido hai que dicir que a comprensión entre o galego e o castelán é moi próxima, polo que uns e outros nenos, o considera e así o considerou tamén o goberno galego, deben estar xuntos.

O noso sistema, o sistema educativo galego, baséase na aprendizaxe integral das dúas linguas, ao 50%, en atención personalizada do propio alumnado de xeito que, ao final dos distintos ciclos formativos, adquiran competencia por igual nas dúas linguas cooficiais, que é o sistema que se elaborou e polo que apostou o goberno galego.

O decreto axústase á lei, á normativa actualmente vixente, superou oito sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a do Tribunal Supremo e mesmo o recurso presentado pola propia Real Academia Galega ante o Tribunal Constitucional que nin foi sequera foi admitido a trámite.

O Grupo municipal Popular considera que este sistema funciona, o sistema do galego no ensino.

A situación actual do galego, segundo os datos publicados pola última enquisa do Instituto Galego de Estatística do ano 2014, constata que se produciu un incremento no número de persoas que di ter un alto grao de coñecemento oral e escrito do galego e case a totalidade da poboación afirma entender esta lingua.

Podemos afirmar que o galego segue a ser a lingua maioritaria de Galicia, segundo a enquisa que antes refería do Instituto Galego de Estatística. O 98% da nosa poboación declara entender moito ou bastante o galego, o 97,16% afirma saber falalo, o 83% afirma saber escribilo e o 97% saber lelo.

Estes datos sitúan á lingua galega nunha posición de vantaxe respecto do resto das linguas europeas minoritarias avaliadas polo comité de expertos.

A partir dese informe, o Consello de Ministros do Consello de Europa fai seis recomendacións, que son as que teñen valor no propio informe. Entre elas poden resaltar a de continuar a garantir que a oferta da educación trilingüe non afecte negativamente á protección e promoción das linguas minoritarias. Dise precisamente que haberá que continuar a garantir que a oferta da educación trilingüe non afecte negativamente, porque considera que xa se está a garantir a protección da lingua galega cando se implanta unha educación trilingüe nos centros.

Respecto da cuarta das posturas ou das posibilidades das que fala a moción, que é a modificación da fixación das materias no ensino, fíxose precisamente para impulsar a lingua galega nas materias que manexan máis léxico. Si se poden impartir materias científico-técnicas, ao contrario do que di o punto cuarto da moción que se presenta, en bioloxía, en xeografía, en ciclos de FP, etc.

En canto á proposta de garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades, por todo o disposto anteriormente, por datos constatados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, considera que xa está garantido o ensino en galego, tal e como dixo anteriormente.

Con independencia de que sempre van contar co voto a prol do Partido Popular para toda medida de apoio ao fomento da lingua galega, tal e como está redactada a moción o seu grupo non a pode aprobar, precisamente polo que acaba de expoñer.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo encontra algún inconveniente no punto cuarto.

Cre que as linguas non poden estar por encima dos dereitos e das liberdades das persoas e efectivamente cre que xa se está a garantir no ensino o uso do galego.

Polo tanto, o voto do seu grupo vai a ser en contra, porque cre que se están a pedir cousas que realmente xa se están a facer.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, que xa se reincorporou á sesión, expón que leva cinco anos de concelleiro e é a primeira vez, e o di simplemente por darlle outra connotación, que alguén argumenta o voto contrario a unha moción porque pide algo ou defende algo que xa se está a facer.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que, en relación co exposto polo señor Abalo Castex, tamén el omitiu, por exemplo, que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulou artigos do decreto no ano 2012, así o artigo 5.2 no que se estipulaba a realización dunha enquisa entre os pais e as nais en educación infantil que supuxo, por exemplo, o variado do galego no 96% dos centros de infantil das cidades; o artigo 12.3, no que se establecía que o alumnado podería usar na aula a lingua da súa preferencia,

nese caso porque é contrario ao desenvolvemento da Lei de normalización lingüística, aprobada no ano 1983 e o fomento do uso progresivo do galego.

Tamén o concelleiro do PP omitiu algunhas outras cousas. No informe que redacta España, supostamente usaron datos do ano 2006-2008, datas nas que estaba vixente o anterior decreto, aprobado no ano 2007, durante a vixencia do bipartito en Galicia. Logo, algunha cousa máis, poderíalle lembrar que non se está, digamos, a fomentar o uso do galego no ensino, simplemente se está a reducir. As medidas que se tomaron no decretazo do plurilingüismo do ano 2010 van nese camiño.

A Real Academia tamén dixo que vai presentar unha demanda ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, esta é unha nova do día 18 de marzo de 2016, polo tanto non é que se dera por vencida co que dixo o Tribunal Constitucional, vai a seguir indo máis alá.

Ten máis novas de marzo tamén, a campaña de familias galegofalantes para denunciar no Tribunal de Estrasburgo a vulneración dos dereitos lingüísticos; do 18 de marzo, tamén comezaron contra o galego no ensino e agora tocan o galego nas administracións; do ano 2012, xa un pouco anterior, vinte anos de incumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais, xa que seguen sen cumprir a Carta, séguese a facer política dende o PP para intentar reducir, ou incluso chegar a eliminar o galego das aulas e da vida pública.

Conclúe dicindo que, só para rematar, quere lembrarlle unhas palabras que dixo Xesús Palmou, ex secretario xeral do Partido Popular de Galicia: *“o galego é o principal elemento definidor da nosa identidade. Non se pode querer a Galicia e non ao seu idioma, é incompatible. A Constitución impón o deber de coñecer o castelán pero non os idiomas autóctonos, polo tanto, hai unha discriminación cara ao galego que debe solucionarse dende o Estatuto, establecendo a igualdade de dúas linguas no seu ámbito territorial co deber de que os galegos coñezan o galego, iso está claro”*, son palabras do anterior secretario xeral do PP.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro non adscrito. Votan en contra os seis concelleiros do PP e a concelleira do GM (C's).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

## **4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN**

### **4.1. Informes do equipo de goberno**

O señor alcalde manifesta que durante un par de minutos, mentres a Sra. secretaria dá conta dos informes, ocupará a presidencia don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, primeiro tenente de alcalde.

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Escrito procedente do Concello de Arteixo, rexistrado de entrada ao número 0/2044, o día 10 de marzo de 2016, polo que se remite copia dunha moción institucional aprobada en sesión plenaria de data 25 de febreiro de 2016, en apoio á Asociación Galega de Apicultores (AGA) na súa loita contra a avespa asiática.

- Escrito da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, rexistrado de entrada ao núm. 0/2119 o día 14 de marzo de 2016, en contestación á declaración institucional aprobada polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2016, respecto da problemática sanitaria de Cambre. Consta do seguinte teor literal:

“En relación coa declaración institucional formulada polo Concello de Cambre e recibida nesta Consellería respecto da asistencia sanitaria no concello de Cambre, queremos sinalarlle o seguinte:

1.- Neste momento, estase a planificar a súa dotación, tanto de recursos humanos como tecnolóxicos e de equipamento sanitario, o que nos permitirá atender ás demandas sanitarias dos nosos usuarios con prontitude e eficacia, utilizando os recursos aí onde son máis necesarios, asegurando o pleno acceso ás prestacións e garantindo a satisfacción dos pacientes e profesionais. Así, está previsto incorporar:

- Un novo médico de familia. Co incremento desta praza de medicina de familia, o número de tarxetas individuais no Concello de Cambre quedaría entorno ás 1500 TIS/facultativo, o estándar, e aproveitarase para facer unha reordenación das cotas dos facultativos do Centro de Saúde de Cambre dos usuarios da área de influencia do novo centro (zona da Barcala), o que permitirá absorber e repartir mellor a carga asistencial dos dous centros do Concello de Cambre.
- Unha praza de fisioterapeuta e a dun técnico en coidados de enfermaría, co fin de poder crear a Unidade de Fisioterapia de Cambre. Dará cobertura aos usuarios do Servizo de Atención Primaria de Cambre-Carral, que na actualidade reciben este servizo na Unidade de Fisioterapia de San José na Coruña.
- Por último, e co fin de dotar a este novo centro cunha área da muller, está prevista a integración ao novo modelo de atención primaria da actual matrona da Unidade de Atención Primaria de Carral. Con esta medida preténdese que esta matrona do Servizo desenvolva parte da súa actividade na Unidade de Atención Primaria do Temple.

2.- No que se refire á atención pediátrica, tamén obxecto da declaración institucional, actualmente, o Servizo de Atención Primaria de Cambre-Carral conta con catro especialistas en pediatría en quenda de mañá, e un en quenda de tarde no Centro de Saúde de Cambre coa cota aberta. Tendo en conta o horario e o número de Centros nos que se presta asistencia, consideramos que existe unha grande accesibilidade ao servizo de pediatría, sendo o ratio actual de 1087 TIS/pediatra, cifra que se atopa dentro dos ratios de centos do resto da área.

3.- En canto á atención urxente fóra do funcionamento habitual dos Centros de Saúde, esta é prestada nos Puntos de Atención Continuada (PAC), que constitúen a estrutura física e funcional nos que se leva a cabo a atención das urxencias extrahospitalarias. Os PACs dimensiónanse, segundo o disposto no Decreto 172/1995 do 18 de maio, tendo en conta os criterios de número de habitantes e demanda atendida, dispersión xeográfica, facilidade de acceso ao hospital de referencia, etc.

Neste senso, o PAC de Cambre-Carral proporciona cobertura á poboación do Concello de Cambre e Carral (30.361 usuarios), en horario de 15:00 a 8:00 horas de luns a sábado, e domingo e festivos as 24 horas. O cadro de persoal do PAC está integrado en cada garda por: un médico, un enfermeiro e un profesional de xestión e servizos xerais de luns a sábado, e conta cun reforzo de medicina e de enfermaría os sábados pola tarde e os domingos e festivos de mañá e de tarde.

No rexistro de actividade correspondente ao 2015, a media das consultas día no PAC nas quendas de 17 horas é de 34 pacientes en medicina de familia e 14 en enfermaría. Estas cifras atópanse dentro dos ratios establecidos; polo tanto, consideramos que o Punto de Atención Continuada (PAC) de Cambre-Carral atópase convenientemente dotado para a demanda asistencial actual.

4.- No relativo ao servizo de radiodiagnóstico, este dimensiónase tanto en función de volume poboacional como de accesibilidade xeográfica. Hai que precisar un feito: os servizos de alta complexidade ven ameazada a súa calidade asistencial cando existe fragmentación deles, polo que usualmente resérvase esta opción a núcleos poboacionais voluminosos e moi alonxados do recurso hospitalario, non aportando calidade asistencial a dispersión deles noutros supostos.”

- Correo electrónico remitido pola Asociación Animalista Libera o día 15 de marzo de 2016, no que dá conta da recepción da certificación da moción aprobada polo Pleno municipal do Concello de Cambre, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de xaneiro de 2016, co fin de declarar este concello como unha vila libre de circos con animais.

- Informe da secretaria xeral, de data 30 de marzo de 2016, en relación co incumprimento por don José Antonio Baamonde López e don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiros da anterior Corporación, do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril e artigo 30 do Regulamento orgánico municipal, respecto da obriga de presentar ante a Secretaría Xeral do Concello as declaracións de causas de posible incompatibilidade,

declaracións de bens patrimoniais e a copia compulsada da última declaración, por mor do cesamento no seu cargo.

Neste intre o señor alcalde reincorpórase á sesión e retoma a presidencia.

#### **4.2. Rogos**

##### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 999/32 o día 27 de marzo de 2016, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Conforme á normativa vixente, en todas as entidades locais debe haber un rexistro xeral para que conste con claridade a entrada dos documentos que se reciban e a saída dos que foran despachados definitivamente. Rexistro xeral único cuxa organización pode ser desconcentrada conforme coas características propias da organización dos servizos de cada entidade local.

De aí que no noso concello, o único rexistro xeral fora desconcentrado noutros, como os actualmente existentes na Casa das Palmeiras do Graxal ou nas instalacións municipais da Barcala; nos que evidentes motivos de poboación e desconcentración xeográfica xustificaban, logo da motivación suficientemente razoada, a súa instalación en parroquias do noso concello distintas da capital municipal.

Nos últimos meses, no Concello de Cambre creouse dentro da propia casa do concello un rexistro específico para a área de Urbanismo, creación que entendemos debe contar cos necesarios informes de legalidade e oportunidade que aconsellen tal desconcentración.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se interesara por escrito xa hai meses, a remisión dos citados informes, sen que ata a data se contestara a esta parte. O que motiva que unha vez máis teñamos que lembrar, como xa fixemos no pleno do pasado mes de febreiro, que o artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local dispón que: *“todos os membros das corporacións locais teñen dereito a obter do alcalde ou presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.*

*A solicitude de exercicio do dereito recollido no parágrafo anterior deberá de ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes a aquel en que se presentase”.*

Á vista da negativa reiterada do señor alcalde de Cambre que, como vemos é o encargado de cumprir coa citada obriga, a subministrar a esta parte da oposición, que así llo solicitou, os informes requiridos, dende o Grupo Municipal Popular se lle require para que explique en sede plenaria os motivos da creación do citado rexistro específico en Urbanismo, coa remisión inmediata dos informes requiridos.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, manifesta que o actual goberno non creou ningún rexistro de Urbanismo, polo tanto, séntense un tanto perplexos coa pregunta. Se cadra é que non a entenderon ben e seguro que é así.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, manifesta que llelo aclara sen ningún tipo de problema. Expón que entende que en Urbanismo xa existía un rexistro dentro da propia área ou oficina de Urbanismo. Ese rexistro trasladouse onde é o rexistro xeral. Di que esa idea non é nova, xa se intentou, e no seu momento eles se atoparon con certa oposición para poder facer eses cambios e poder situar no rexistro xeral unha persoa que rexistrase única e exclusivamente Urbanismo, por iso, se requiriron eses informes. O que queren é un informe,

entende que do xefe da área de Urbanismo ou da secretaria, no seu caso, que lles indique se iso é posible ou non é posible, porque no seu día non parecía posible.

Don Juan González Leirós manifesta que, facendo un resumo, como a señora concelleira sabe o rexistro de Urbanismo o creou o seu partido, o PP, por resolución do señor alcalde nese momento, iso o rexistro de entrada, porque o rexistro de saída o crearon no ano 2014.

Expón que o actual Goberno non creou ningún rexistro adscrito ao rexistro xeral, simplemente teñen unha persoa de Urbanismo desprazada a un ámbito que pertence ao concello, por suposto adscrito ao departamento de Urbanismo, porque funcionalmente consideran que é mellor, e lembra que a organización do concello corresponde ao goberno municipal, polo tanto, esa persoa non está adscrita a rexistro, é o erro.

Dille á concelleira do PP que a están a asesorar mal. Urbanismo mantén unha persoa no rexistro de entrada por un problema funcional, non pertence ao rexistro xeral, polo tanto, o problema que se podía ter creado no seu momento, que el o descoñece exactamente, pero sabe que houbo conflito nese sentido, por adscribir ao rexistro xeral a esa persoa, neste caso non se deu, porque non provocaron ese problema.

Dona Rocío Vila Díaz manifesta que esa é a aclaración que dalgunha maneira estaba a pedir, é dicir, no seu momento intentouse e non puideron, e por iso é a aclaración que necesitaban, porque agora se puido e antes non. Se o tema era que non quitaron unha persoa de Urbanismo para adscribirla a rexistro, xa está.

Don Juan González Leirós pídelles que lle permita un inciso. Soamente é un matiz, pero o escrito que a señora concelleira presenta o día 11 de novembro de 2015 non di o que están formulando agora, di outra cousa, pero non van seguir a discutir.

2º O artigo 9 da nosa Ordenanza municipal reguladora da limpeza viaria e ornato público no Concello de Cambre, do 26 de novembro de 2005, entre as prohibicións aos usuarios das vías públicas de Cambre di que:

*“Prohíbese tirar á vía pública todo tipo de residuos. Quen transite polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos públicos, e se queira desprender de residuos de pequena entidade (cabichas, cascás, papeis, etc...), utilizarán as papeleiras instaladas para tal fin.*

*Os usuarios absteranse de toda manipulación sobre as papeleiras, así como de realizar calquera acto que as deteriore ou as inutilice para o uso ao que están destinadas”.*

No Paseo Marítimo do Temple son varios os exemplos nos que os nosos veciños non poden cumprir a citada prohibición utilizando as papeleiras, xa que moitas delas non teñen fondo, ou foron desmontadas (existindo exclusivamente os soportes), que se convierten incluso en obxectos perigosos ao estar oxidados e con arestas punzantes, como se reflicte nas fotografías que se achegan.

Degradación que se estende ao resto de mobiliario urbano, como os farois que xa se advertiron en rogos anteriores por este grupo municipal ou os bancos de madeira que presentan carencia de varios dos seus barrotes, deficiencias de pintado e vernizado ou con chapa e os parafusos cara arriba.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se interese do equipo de goberno que se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos o máis axiña posible.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, manifesta que hai solicitadas corenta papeleiras, que foron as que detectaron que podían faltar en todo o termo municipal, aínda que seguro que queda algunha que aínda non detectaron. Están á espera de que cheguen para poder colocalas,

Don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, pregunta, entón, se van amañar as deficiencias advertidas e concretamente as que aparecen nas fotografías. Pregunta se foi unha manipulación por parte do concello esa papeleira que aparece aí cun cesto e se é esa a medida transitoria que se vai adoptar mentres non se amañen.

Don Juan González Leirós contesta que imaxina que os provedores non lles mandarán unhas papeleiras con cestos, é dicir, o que se solicitaron son unhas papeleiras novas e, evidentemente, iso non foi ningunha manipulación por parte do concello.

3º Entre as funcións propias dos membros dos grupos políticos que forman parte da corporación municipal encóntrase a de asistencia a aqueles actos que o Concello realiza con carácter institucional, corporativo ou conmemorativo. Asistencia que os citados membros debemos compatibilizar coas nosas obrigas laborais ou profesionais e coas nosas cargas ou responsabilidades familiares.

Difícilmente poderemos, os membros da Corporación, cumprir co deber de asistencia aos citados actos se somos convocados, como está a ocorrer na actualidade, o mesmo día da súa celebración. Conciliación laboral, familiar e institucional que nas citadas condicións é sinxelamente imposible.

O Grupo Municipal Popular interesa do equipo de goberno a notificación da convocatoria a todos os membros da corporación municipal, persoalmente ou a través do voceiro do grupo ao que pertenza, da celebración de todo acto promovido, realizado ou celebrado, con cando menos 48 horas de antelación á súa realización, como instrumento de conciliación da vida laboral, familiar e institucional que permita a asistencia de membros corporativos aos actos e eventos programados polo noso Concello.

O señor alcalde manifesta que acepta o reproche, é verdade, e intentará por todos os medios que sexa máis de 48 horas.

Don Manuel M<sup>a</sup> Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, quere facer unha aclaración, e di que algúns grupos ou asociacións comentaron que lles pasou igual, que reciben a notificación o mesmo día ou o día anterior, e non lles dá tempo a participar nos actos aos que son convocados.

O señor alcalde di que efectivamente. Reitera que acepta o reproche, como non pode ser doutra maneira, porque teñen toda a razón do mundo. Di que intentará evitalo.

### **Rogos de ACdC-SON presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 999/34 o día 29 de marzo de 2016, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º O pechamento da pista de skate presenta roturas e danos no peche metálico do seu perímetro. Pregamos que se reparen estas deficiencias, co fin de evitar riscos e posibles accidentes na instalación deportiva.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Xuventude, manifesta que é certo. O da pista xa o levan mirando hai, polo menos, tres meses. O problema é que, segundo lles contan os traballadores da Omix, a pista a furaron uns poucos dos propios usuarios da pista de skate, e non sabe aínda o motivo polo que estaba mellor así, ao lado da varanda onde está o “fan box”, que é o nome dun dos aparellos que utilizan os rapaces.

Intentaron falar varias veces con todo o grupo, porque hai un grupo de máis pequenos, un grupo de máis maiores, un grupo de skate, un grupo de bmx, un grupo de bmx profesional, é dicir, o skate park é un skate park, pero é utilizado por varios deportistas en diferentes categorías e deportes. Uns queren o oco así, outros non queren o oco así, é dicir, é un problema.

Dí que o valo está orzamentado, xa se chamou á empresa e teñen o orzamento, porque pensan que o mellor é repoñer polo menos o aramado. Así non pode quedar, porque así é perigoso, pódese enganchar un dos máis pequenos e pode pasar algo.

Conclúe dicindo que realmente están á espera de ver se se poñen de acordo con eles para determinar o peche xa definitivo da pista, incluso mover, aínda que vai ser difícil, un dos aparellos de cemento ou poñelo noutro lado, é dicir buscar unha solución con eles. Están niso.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que coñece un pouco a dificultade que ten en poñer de acordo a eses colectivos, xa que participou nas reunións que se fixeron para a construción e a posta en común de todos eses temas.

Pensa que non poden deixar os temas de seguridade, sobre todo con deportes como estes que teñen un claro compoñente de risco. Neste caso, os menos perigosos son os patinadores, que levan o aparello suxeito aos pés. Despois teñen aos das bicicletas, aos dos patinetes, aos dos monopatíns, e eses si que supoñen un perigo máis grande, non soamente cara a eles mesmos, que dentro do malo é o seu propio risco, senón que poden derivar en riscos cara a terceiros, ou incluso con xente que estea a pasear pola zona.

Continúa a dicir que o motivo que ten a creación deses valos é precisamente solucionar estes temas, e se os propios usuarios detectan que se pode dar outro uso a algunha das zonas ou que se pode modificar, pensa que se debería facer algún intento extra, a maiores, para facelo, como se fixo da outra vez, facer unha reunión á que asistan tantos uns como outros e ver se poden chegar a un acordo.

Conclúe dicindo que o que non se pode ter é un espazo, ademais tan grande, que ten tanta capacidade de xerar un perigo incluso para os viandantes e demais usuarios do propio skate. Agradécelle, de todas formas, por estar xa xestionando o tema.

2º No mes de outubro de 2015 aprobouse por unanimidade unha moción do noso grupo municipal, na que se chegou ao compromiso de emitir os plenos para que as veciñas e os veciños interesados puideran acceder ás sesións plenarias dende as súas casas, e facer a política municipal máis próxima para todos. O señor Leirós, voceiro de UxC, manifestou a súa intención de realizar unha xunta de voceiros para falar do tema e sobre todo informarse ben para poñelo a funcionar.

A xunta de voceiros non tivo lugar nunca e do tema non se volveu falar, polo que seis meses despois da aprobación da iniciativa sen que teñamos ningunha información ao respecto, pregamos que se nos remitan os informes acadados e comprometidos polo goberno e se nos xustifiquen verbal e documentalmente todas as accións levadas a cabo para poder dar cumprimento ao acordo unanimemente aprobado polo conxunto desta corporación. Do mesmo xeito, pregamos se nos informe da partida orzamentaria reservada nos orzamentos pendentes de aprobar de 2016 para dar cumprimento a este acordo.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, manifesta que non pode dicir moito deste tema, pero si que hai un compromiso con R e hai unha serie de xestións feitas. Cre que pronto poderá dar algún tipo de noticia e solicita que lle permitan unha pequena marxe.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, pregunta se nos orzamentos hai algunha partida destinada a dar cumprimento a este acordo plenario.

Don Juan González Leirós contesta que para ese acordo plenario, tal e como estaba formulado nesas mínimas condicións que se tiñan falado, si se pode sacar unha partida orzamentaria para ese asunto. Hai partidas xenéricas que se poden utilizar neste ámbito.



O señor alcalde intervén para informar que falou con R e o custo da emisión é moi, moi pequeno. O único que hai que poñer é a cámara, que sería un custo maior, pero que tampouco sería elevado. Non é un tema como para levar especificamente nos orzamentos, porque non vai ser un custo tan elevado. Estase a atrasar un pouquiño porque están co tema de R, para ver se llelo fai de balde ou non, realmente ese case é o tema.

3º O acordo acadado entre a UE e Turquía, que permite expulsar, sen posibilidade de solicitar asilo, ás persoas chegadas á costa de Grecia dende países en conflito, é de dubidosa legalidade por violar os dereitos humanos fundamentais, como ten expresado a propia ONU.

Este acordo viola todos os dereitos humanos consagrados nos tratados internacionais, incluída a propia Convención de Ginebra, que é un texto que foi escrito para dar cobertura legal aos refuxiados e refuxiadas creados polos horrores do fascismo e da Segunda Guerra Mundial.

A cuestión é que a fórmula que parecía valer para os europeos hai cincuenta anos non vale cando son persoas doutros continentes as que chegan a Europa.

Este acordo é asinado para poder dotar dunha aparente lexitimidade ante a mirada da xente unha serie de actuacións que rompen completamente coa legalidade internacional vixente, e acadar, por 6.000 millóns de euros, que Turquía sexa o sicario da UE e evite que os nosos gobernos manchen as súas mans de sangue e non cumpran coa súa obriga, que é dar protección a quen o necesita.

Este acordo incumpre, ademais, o Pacto Internacional do Dereitos Cívís e Políticos, a Carta Social Europea, o Convenio Europeo de Dereitos Humanos, o Tratado da Unión Europea, a Carta de Dereitos Fundamentais e o dereito internacional marítimo.

Este acordo, na práctica supón a devolución a Turquía de todas as persoas interceptadas no mar e incluso das que cheguen ás illas gregas, xa que as demandas de asilo serán resoltas en poucos días e tras iso as persoas serán devoltas a Turquía.

Tamén se nos quere facer ver que Turquía é un país seguro cando, segundo Amnistía Internacional, o goberno turco está a introducir a centos de persoas demandantes de asilo en autobuses para levalos a centros de detención onde se reclúen en réxime de illamento. Existen denuncias que poñen de manifesto que neses centros de detención pasan días e son suxeitos a tundas e torturas ata que, finalmente, son devoltos ao país do que fuxiran. Falamos de centos de persoas que arriscaron a súa vida e gastaron os seus aforros para chegar a Europa e tras ser torturados os devolven a Siria ou Iraq.

Resulta intolerable e moi perigosa esta deriva ética que, en lugar de avanzar cara a unha Europa da solidariedade, pode conducir cara a unha Europa xenófoba, racista e contraria aos máis básicos dereitos humanos.

Dende ACdC-SON entendemos que o Concello de Cambre non poder permanecer alleo ou indiferente ante unha decisión que condena cruelmente aos refuxiados que foxen dos seus países en condicións inaceptables.

Por isto, pregamos ao Goberno do Concello de Cambre a retirada da bandeira da Unión Europea (UE) dos espazos oficiais do concello e edificios municipais, amosando así o noso rexeitamento como un xesto simbólico, ante unha institución que maltrata aos refuxiados.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que xa se falou deste tema extensivamente, pero quere explicar que traen esta proposta con carácter de rogo e non como moción, un tema que trouxo tamén o PSdeG-PSOE, porque entenden que non son quen, ningún deles, para obrigar, cun voto nun momento



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

determinado, a retirar unha bandeira. Iso é única e exclusivamente competencia ou decisión de quen goberna e queren ser totalmente respectuosos.

Non obstante, di que si o traen como rogo, porque esta é a súa sensibilidade e queren trasladala ao goberno para que recolla a testemuña, se así o considera, e o faga ou non, non caso de que non o considere.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, sucintamente expón que dende o seu grupo apoian o rogo de ACdC-SON e súmanse a súa petición.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, expón que dende o seu grupo non poden apoiar a retirada da bandeira.

O señor alcalde manifesta que sinceramente cre que este é un tema de xestos, de bandeiras. O feito de que non estean de acordo co que está a facer o goberno europeo, o amosaron aprobando a moción do Partido Socialista, pero non quere dicir que vaian estar máis en desacordo por retirar unha bandeira ou non retirala. Por exemplo, non lle gustan os recortes que fixo o Partido Popular e non por iso retirou a bandeira de España. Cre que a institución hai que salvagardala nun espazo distinto ao que se está a pedir, e non por iso é unha cuestión de sensibilidade maior ou menor. Pensan que non deberían facelo e non o van a facer.

#### **4.3 Preguntas**

##### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 999/32 o día 27 de marzo de 2016, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Unha das vías máis transitadas do noso municipio é a Estrada da Estación, que une esta infraestrutura ferroviaria coa capital municipal.

Nos últimos meses realizáronse melloras na citada estrada, sen que se pintase, entre outras, a medianeira que divide ambos carrís de dobre sentido de circulación, cos problemas de seguridade que isto implica.

O Grupo Municipal Popular pregunta ao equipo de goberno cales son os motivos da falta de pintado e as previsións para acabar con el por motivos de seguridade de todos os nosos veciños e os seus transeúntes.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, manifesta que a resposta é histórica. Esta estrada pertence á Deputación, e a Deputación non quere pintar a liña media porque os camións cando pasan, o tráfico pesado, non pode manter a liña media, co que prefiren que haxa unha certa ambigüidade, xa que os camións tocan nas árbores e teñen que pasar á esquerda. Se estivera pintada a liña, probablemente habería problemas de circulación.

Di que, entón, é a propia Deputación a que pide, domina, e é a súa estrada, por suposto, aínda que o concello lle esixa que non haxa esa liña media de interacción, porque é ambiguo.

O que hai que facer é potenciar a posibilidade de saír por fóra de Cambre, porque os veciños xa están soportando bastante o tráfico rodado dos cinco mil ou seis mil vehículos diarios, polo tanto, o que hai que facer é pelexar pola vía Ártabra dunha vez e conseguir sacar os vehículos á periferia.

O señor alcalde expón que, de todas as maneiras, a policía local manifesta que se minorou bastante a velocidade dende que non se pintou a medianeira, porque os condutores van con máis temor e, polo tanto, máis amodo do que se facía antes.

2ª Tras a publicación no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña número 228, do 27 de novembro de 2015, entrou en vigor a nova Ordenanza reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público do noso municipio.

Pasados xa máis de catro meses dende a súa publicación oficial, transcorreu un prazo prudencial de tempo que permite facer un balance da aplicación da citada ordenanza e a repercusión que tivo nos negocios de hostalería de Cambre.

O Grupo Municipal de Cambre interesa ao equipo de goberno que informe sobre a aplicación da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público do noso municipio.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, manifesta que o compromiso de facer unha avaliación da ordenanza non dependía do grupo de goberno, senón de todos eles. Entenden que todos os que forman parte desta corporación son os que teñen que ir avaliando o tema, para ir modificando a ordenanza.

Expón que non ten noticias de que afectara negativamente aos hostaleiros, pero tamén é certo que non foron absolutamente rigorosos mentres non tiveron a ordenanza da taxa, porque lles parecía que había que dar un tempo prudencial.

Conclúe dicindo que a tempada vai comezar e vaise aplicar con toda a súa intensidade, e agarda que non haxa ningún problema na súa aplicación.

O señor alcalde expón que viñeron moitos hostaleiros a solicitar a terraza, e comunicóuselles que agardaran á nova taxa, porque senón ían pagar o dobre do que pagarían un mes despois. Díxoselles que se agardaban un pouco, logo a maioría pagaría por seis meses ou por un ano e así se beneficiarían eles e o concello tamén. Consideraron oportuno agardar a que estivera a ordenanza en vigor.

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que aínda hai moitas terrazas que seguen totalmente pechadas, e algúns hostaleiros que non teñen opción de instalar a terraza, lle preguntan que pasa coa ordenanza. Nese sentido vai un pouco a pregunta, e di que algúns teñen mobiliario almacenado en lugares públicos. A pregunta ía nese sentido, saber se fixeron un seguimento.

Don Juan González Leirós contesta que se fixo un seguimento, se recalcou e se matizou. Deron un ultimato, acabouse, vai comezar a tempada, non hai máis terrazas, non hai máis cerramentos frontais e vaise aplicar a ordenanza con todo o seu rigor.

Di que hai un vicio, que eles o teñen creado en todo este tema. Agora van cortar con iso, e el agarda tamén a súa colaboración e que sexa todo rigoroso, para que non haxa problemas.

3ª Os obradoiros de emprego son programas mixtos de formación e emprego que, promovidos polas entidades locais, diríxense á mellora e ocupación das persoas novas desempregadas, a través da súa cualificación profesional, xunto á adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social.

Na última convocatoria para acceder á concesión de axudas ou subvencións de obradoiros de emprego, publicada no *Diario Oficial de Galicia* o 30 de decembro de 2015, subsistía a posibilidade iniciada no exercicio 2014, de presentar ante os órganos propios da Xunta de Galicia as citadas solicitudes, a través da sede electrónica da administración autonómica galega, creada polo Decreto 198/2010, do 2 de decembro. Todo isto coa finalidade de avanzar na implantación da administración electrónica como vía principal de relación entre a

Administración Pública e os cidadáns, mellorando as relacións entre ambas partes e a calidade da vida dos cidadáns.

Con esta declaración de intencións, dende o servizo municipal competente intentouse durante varios días consecutivos solicitar a subvención dun obradoiro de emprego para a xuventude, a través da plataforma telemática da Xunta de Galicia, que foi imposible de realizar por problemas “técnicos”.

O Grupo Municipal Popular pregunta ao equipo de goberno se finalmente se puido solicitar o citado obradoiro de emprego e de ser afirmativo, a través de que soporte ou medio e cales foron eses problemas técnicos que impediron solicitar a subvención telematicamente.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Xuventude, manifesta que se ben dependeu do departamento da ADL, pero o departamento de Xuventude tiña un interese grande, foi algo que seguiron moi de cerca.

Houbo dous problemas: o primeiro problema foi, como ben se di no rogo, que a primeira publicación no DOG do 30 de decembro publicouse sen os anexos, polo que tivo que volverse publicar por segunda vez, é dicir, había un prazo dun mes, e como se volveu publicar o 25 de xaneiro, xa cos anexos, ampliouse outra vez o prazo nun mes máis.

Entón, cando a solicitude polo departamento estaba feita completamente e accederon á plataforma da Xunta para incluír a solicitude da subvención, a plataforma non funcionaba. A xefa do servizo e o informático municipal puxéronse varias veces en contacto co persoal da Xunta de Galicia, vía telefónica, preguntando cando se ía solucionar, porque querían presentalo. De todos os xeitos, non se ían quedar sen a subvención, porque senón o entregarían por rexistro de entrada en formato papel. Solucionouse o problema. Presentouse a solicitude o día 24 de febreiro de 2016, o prazo remataba o último día do mes de febreiro e se lles interesa pode darlles o número de entrada.

### **Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 999/34 o día 29 de marzo de 2016, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª No noso Concello aprobouse unha iniciativa para dar carácter institucional ao día da “festa da árbore”. O pasado día 21 de marzo foi o “día forestal mundial” denominado tamén “día internacional dos bosques”, dende o noso grupo non tivemos coñecemento de ningunha iniciativa por parte do Concello encamiñada a promover valores de respecto á natureza e o indispensable papel das árbores no mantemento do ecosistema. Tampouco se levaron a cabo actos sobre a recuperación e celebración da festa tradicional do “día da árbore”. Poden informarnos dos motivos para non realizar ningún acto nestas datas?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, explica que puxeron toda a súa vocación nunha empresa que se chama Alcoa, que todos os anos facilita e fai este tipo de actos, pero ao final fallou, non sabe moi ben o porqué. De todas formas, e non é unha mención oportunista, é a verdade, pensa que non se trata de que sexa o día da árbore, senón que a árbore debe comezar a estar nas rúas, e todos teñen que empezar a ordenar sistematicamente a integración da árbore nos sistemas viarios, fundamentalmente nos sistemas urbanos, que é onde teñen máis problemas, sobre todo, no Temple. Conclúe dicindo que ten algunha idea para comezar a traballar nisto, pero que o que ocorre é que as rúas son pequenas.

2ª No viario que transcorre dende A Cruz a Amil, un poste do tendido eléctrico instalado na súa marxe, supón un perigo para a circulación. Neste sentido entendemos que, independentemente das accións que se poidan realizar



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

é de inmediata necesidade a súa sinalización. Que accións ten previsto o goberno realizar ou ten realizadas, de ser o caso, para retiralo ou retranquealo?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, contesta que como todos saben da dificultade da retirada ou retranqueo, o que se vai facer é sinalizar esa árbore. Unha vez lido o contido dese rogo xa deron orde ao departamento de Servizos para que o faga.

Explica que o do retranqueo é un tema moito máis serio, porque a empresa é a empresa, non é porque lle teñan medo, é porque é dificultoso realizar este tipo de operacións. En principio, van sinalizar.

3ª Son moitos os viarios do concello que polo seu perigo carecen de biondas ou gardarraíles de protección. Tendo coñecemento deste feito e das queixas que os veciños e as veciñas fan chegar ao noso grupo municipal, queremos comunicar ao goberno o estado de inseguridade que se produce no camiño que transcorre entre a estrada CP-1704 Brexo a Santa María de Vigo, que presenta zonas que comportan perigo para a circulación rodada e peonil (sobre todo na proximidade do río Brexo). Coidamos que se debe corrixir esta situación para non ter que lamentar ningún accidente.

Con base no anteriormente exposto, o grupo municipal de ACdC-SON pregunta: ten o goberno prevista algunha acción ou medida de seguridade no citado camiño?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Xuventude, contesta que teñen razón, e pode parecer unha resposta recorrente, pero volve ao de sempre, trátase dunha estrada da Deputación, é dicir, dende o departamento de Obras e Servizos se lle comunicará á Deputación e cando teñan contestación llela fará chegar sen ningún problema.

A continuación, e antes de finalizar a sesión, o señor alcalde informa que lle acaba de comunicar o 112 que se amplía o nivel de alerta e do plan especial nas concas do río Cobo, Ladro, Ouro, Eume, Mandeo, Mero, Anllóns, Grande Xallas, Tambre e Umia.

Di que hoxe houbo problemas cos ríos Gándara e Brexa, case en exclusiva. Aínda que o Mero sempre é o que máis problemas produce, nesta ocasión case non houbo ningún problema, algún houbo, pero non demasiado grandes.

O Gándara anegouse ao final do polígono do Temple, e a subida que hai cara A Seara, quedou inutilizada, tiveron que pechar ese cruzamento. O Brexa e a estrada que vai a Peirairo tiveron que cortala tamén, pasaba por enriba da ponte e noiros que tiveron que quitar. Protección Civil, Policía Local e Obras e Servizos están as 24 horas pendentes de todos estes temas.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, pregunta se teñen pensado facer algún tipo de plan de previsión de cara ao futuro, para que non se volvan producir estes feitos, como xa reclamaron dende o seu grupo.

O señor alcalde contéstalle que, como xa sabe, a competencia no tema de ríos é de Augas de Galicia. O concello aínda está pendente, agarda avanzar algo agora que rematou o prazo que lles deu a conselleira, que lles ía facilitar un convenio co tema do río Mero, xa que principalmente os problemas viñan por aí.

No tema da Seara, el pasa constantemente dende hai moitísimos anos por alí, ten aos seus sogros alí, e lembra soamente unha vez que se inundara esa zona, soamente unha vez. Nunca se inundou. Nesta ocasión coincidiu coa preamar e o río veu para atrás, ese foi o problema.



Co tema do río Mero, polo menos agora si que os chaman dende Emalcsa. Xusto antes de comezar o pleno tivo que saír, porque precisamente o estaban chamando de Emalcsa para comunicarlle as accións que van levar a cabo, polo menos así poden saber e dar ordes a Protección Civil para que avise á xente de se van soltar máis ou menos auga na presa de Cecebre. Conclúe dicindo que están niso con Augas, dándolle, porque o certo é que o río Mero segue sen limpar e eles seguen co problema.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e quince minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia